

# Concreción Curricular de Centro

Abril 2013

Cep Antonio Magariños Pastoriza

# Índice

## [0. Introducción](#)

## [1. Aspectos previos](#)

### 1.1 O médio

- 1.1.1 Aspéctos físicos
- 1.1.3 Estructura económica
- 1.1.4 Estructura social
- 1.1.5 Estructura ideolóxico-simbólica

### 1.2 O Centro

- 1.2.1 Tipo e composición
- 1.2.3 Espazos
- 1.2.4 Recursos materiais
- 1.2.5 Recursos humanos

## [2. Competencias básicas<sup>1</sup>](#)

## [3. Obxectivos Xerais do Centro](#)

## 4. Secuenciación do Currículo nas distintas áreas

### [4.1 Área de Lingua Galega](#)

- 4.1.1 Competencias básicas
- 4.1.2 Obxectivos xerais
- 4.1.3 Secuenciación dos obxectivos
- 4.1.4 Secuenciación de Contidos
  - Bl. 1. escoitar e falar
  - Bl. 2. Ler e escribir
  - Bl. 3. Reflexionar sobre a lingua
- 4.1.5. Secuenciación dos criterios de avaliación.

### [4.2 Área de Lingua Castelá.](#)

- 4.2.1 Competencias básicas
- 4.2.2 Obxectivos xerais
- 4.2.3 Secuenciación dos obxectivos
- 4.2.4 Secuenciación de Contidos
  - Bl. 1. escoitar e falar

<sup>1</sup> A presente Concreción Curricular ten como punto de partida o Decreto 130/ 2007.

Bl. 2. Ler e escribir

Bl. 3. Reflexionar sobre a lingua

4.2.5. Secuenciación dos criterios de avaliación.

#### 4.3. Área de Lingua Estranxeira: Inglés

4.3.1 Competencias básicas

4.3.2 Obxectivos xerais

4.3.3 Secuenciación dos obxectivos

4.3.4 Secuenciación de Contidos

Bl. 1. escoitar e falar

Bl. 2. Ler e escribir

Bl. 3. Reflexionar sobre a lingua

4.3.5. Secuenciación dos criterios de avaliación.

#### 4.4 Área de Matemáticas

4.4.1 Competencias básicas

4.4.2 Obxectivos xerais

4.4.3 Secuenciación dos obxectivos

4.4.4 Secuenciación de Contidos

Bl. 1. Espazos e formas

Bl. 2. Cantidades

Bl. 3. Tratamento da información e azar

4.4.5. Secuenciación dos criterios de avaliación.

#### 4.5. Área de Coñecemento do Medio

4.5.1 Competencias básicas

4.5.2 Obxectivos xerais

4.5.3 Secuenciación dos obxectivos

4.5.4 Secuenciación de Contidos

Bl. 1 Os seres humanos e a saúde.

Bl. 2. As plantas e os animais.

Bl. 3. A vida en sociedade.

Bl. 4. O medio físico: espazo e materiais

Bl. 5. O paso do tempo.

Bl. 6. Máquinas, aparellos e tecnoloxías

4.5.5 Secuenciación dos criterios de avaliación.

#### 4.6. Área de Educación Física

4.6.1 Competencias básicas

4.6.2 Obxectivos xerais

4.6.3 Secuenciación dos obxectivos

- 4.6.4 Secuenciación de Contidos
  - Bl. 1. O corpo. Imaxe e percepción
  - Bl. 2. Habilidades motrices
  - Bl. 3. Actividades físicas artístico-expresivas
  - Bl. 4. Actividade física e saúde
  - Bl. 5. Xogos e deportes.
- 4.6.5. Secuenciación dos criterios de avaliación.

#### 4.7. Área de Educación Artística

- 4.7.1 Competencias básicas
- 4.7.2 Obxectivos xerais
- 4.7.3 Secuenciación dos obxectivos
- 4.7.4 Secuenciación de Contidos
  - Bl. 1. escoitar
  - Bl. 2. Interpretación e creación musical
  - Bl. 3. Expresión gráfico-plástica e creatividade.
  - Bl. 4. Expresión corporal.
  - Bl. 5. Linguaxe corporal. Movemento corporal e danza.
  - Bl. 6. Situación espacial.
  - Bl. 7. Silencio e relaxación.
  - Bl. 8. Lectura e escritura musicais.
  - Bl. 9. Xogo creativo.
  - Bl. 10. Arte e cultura.
- 4.7.5. Secuenciación dos criterios de avaliación.

#### 4.8. Área de Relixión Católica

- 4.8.1 Competencias básicas
- 4.8.2 Obxectivos xerais
- 4.8.3 Secuenciación dos obxectivos
- 4.8.4 Secuenciación de Contidos
  - Bl. 1. A relación Deus-home na vida do ser humano e a natureza.
  - Bl. 2. A relación Deus-home na historia do pobo de Deus.
  - Bl. 3. A relación Deus-home en Xesucristo, o Señor.
  - Bl. 4. A relación Deus-home na vida da comunidade cristiá (a Igrexa), no culto e na oración.
  - Bl. 5. A relación Deus-home na actuación dos crentes.
  - Bl. 6. A relación Deus-home expresada a través da cultura e da arte.
- 4.8.5. Secuenciación dos criterios de avaliación.

#### 4.9. Área de Educación para a Cidadanía

- 4.9.1 Secuenciación dos obxectivos
- 4.9.2 Secuenciación de Contidos

- Bl. 1. Identidade persoal
- Bl. 2. Identidade social
- Bl. 3. Compromiso social

4.9.3. Secuenciación dos criterios de avaliación.

#### 4.10. Área de Atención Educativa

- 4.10.1 Obxectivos xerais
- 4.10.2 Secuenciación dos obxectivos
- 4.10.3 Secuenciación de Contidos
  - Bl. 1. Actividades de biblioteca.
  - Bl. 2. Construcción e reparación de obxectos.
  - Bl. 3. Coñecementos do seu contorno.
  - Bl. 4. Exposicións.
  - Bl. 5. Taller de reciclaxe.
- 4.10.4. Secuenciación dos criterios de avaliación.

#### 5. Secuenciación dos criterios de PROMOCIÓN DE CICLO

#### 6. Metodoloxía

- 6. 1. Principios metodolóxicos xerais.
- 6. 2. Materiais e recursos<sup>2</sup>

#### 7. Avaliación

- 7. 1. Avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado
- 7. 2. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente
- 7. 3. Avaliación da programación de aula
- 7. 4. Avaliación do Proxecto Curricular de Centro

---

<sup>2</sup> Véxase ademais o Plan de Atención á diversidade, o Plan de Incorporación das TIC e o Plan Lector de Centro

## 0. Introducción

O modelo de suxeito que queremos é crítico, responsable, creativo, dinámico, autónomo, cooperativo e seguro de si mesmo.

### **Entendemos a educación**

- Como o desenvolvemento armonioso e integral do neno e da nena, tendo en conta cada intre da súa vida, respectando as súas diferencias individuais.
- Como factor de cambio cultural, como proceso de socialización que fomenta a creatividade e posibilita a adaptación a situacións novas nunha sociedade que evoluciona.

### **Entendemos á nena e ao neno**

- Como un ser global no que hai que considerar cada un dos seus aspectos evolutivos. As súas experiencias e intereses son o punto de partida de todas as actividades que desenvolven.
- Como un ser activo, cun ritmo de maduración e desenvolvemento propio, e no que os procesos afectivos se consideran como o motor esencial do seu desenvolvemento emocional, social e intelectual; ha de sentirse querido para ser quen de querer.
- Como o constructor do seu propio coñecemento gracias á axuda recibida do mestre/a como orientador, como mediador da aprendizaxe, que organiza a intervención educativa, coñecemento que se produce nun proceso de interacción do neno co medio, co educador e cos outros nenos e nenas do grupo.

### **Establecemos as estratexias de ensino-aprendizaxe baixo os seguintes principios:**

- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas, o que supón atribuír significado ao coñecemento novo a partir do que xa se sabe e establecer novas relacións entre conceptos e estratexias.
- Posibilitar que as nenas e os nenos realicen as aprendizaxes significativas por si mesmos e sexan competentes para desenvolverse na sociedade.

#### QUE APRENDAN A APRENDER

- Propiciar unha intensa actividade por parte dos alumnos/as interna e non só manipulativa.
- Propiciar a interacción entre os nenos e as nenas do grupo.
- Atribuírle ao "erro" o valor positivo que ten.

# 1. Aspectos Previos

## 1.1 O medio

### 1.1.1 Aspectos físicos

<b>Localización.</b> <i>Ver plano e folleto adxunto.</i>	A zona de influencia do Colexio, marcada no plano, abarca o centro de Cambados, concello con perto de 16.000 habitantes (datos de 2013), e unha pequena zona rural próxima ( Carballás, Sabugueiro e o Cruceiro). As connotacións educativas deste feito pónense de manifesto nas diferencias entre os alumnos dun ou do outro contorno e que se manifestan no nivel de léxico e vocabulario, nos hábitos alimenticios, na realización de traballos extraescolares, no material ao seu alcance ... O colexio linda cunha estrada de moito tráfico co conseguinte perigo nas entradas e saídas. O Concello, ás entradas e saídas asigna a un policía municipal para dirixir a circulación. Esta proximidade á estrada condiciona a permanencia dos nenos, sobre todo dos máis pequenos, no centro para realizar tarefas extraescolares, para rematar traballos de clase , etc.-	
<b>Clima, vexetación e fauna</b>	Disfrutamos no pobo dun <i>clima oceánico de influencia mediterránea</i> que permite unha flora moi variada, incluso con especies propias doutros climas que se adaptan ben neste contorno. A fauna tamén é moi variada, tanto a terrestre como a marítima cunha gran riqueza na desembocadura do Umia. Tamén destaca a fauna migratoria	
<b>Relevo</b>	Sito a nivel do mar. A cota superior está na Pastora (arredor de 60m.). Son cordilleiras circundantes as do Castrove, Xiabre e o Barbanza.	
<b>Hidrografía</b>	O centro está próximo á desembocadura do Umia	
<b>Costa</b>	Cambados linda coa Ría de Arousa (no Océano Atlántico). Son elementos de interés didáctico: <b>Areais, Illas:</b> Arousa e a Toxa, <b>Cons:</b> Mos, Castelete, Amorosa, Xironza, Galiñeiro, <b>Cabos:</b> Pta. Tragove, <b>Muiño da Seca, A Torre de San Sadurniño e o Estanco</b>	
<b>A pesca e o marisqueo</b>	<i>Pesca</i>	*especies: peixes e mariscos / *embarcacións /*artes de pesca e persoas que elaboran tales artes: atadoras... *tipos de pesca (altura e baixura). *A lonxa
	<i>Marisqueo</i>	Debemos ter en conta: as bateas e o equilibrio ecolóxico (vedas)
<b>Agricultura e gandería</b>	<i>Agricultura</i>	Facemos referencia a: *invernadeiros: de legumbres e hortalizas ou ben de flores. / *hortas familiares; *viticultura
	<i>Gandería</i>	(anecdótica) hai: galiñas, patos, coellos, porcos e animais de compañía (cans, gatos, canarios, tartarugas...)
<b>Industria</b>  Ampliouse notablemente o sector no Polígono Industrial Sete Pías	<i>Alimenticia</i>	* <b>Depuradoras.</b> Hai seis depuradoras en Tragove. As especies que se depuran son: mexilóns, ostras, ameixas,... * Carnicas e reposteiras. Varias. * <b>Conserva:</b> a dous niveis: como <i>industria transformadora</i> e como <i>empresa</i> .As especies que se traballan son: mexilón, berberecho, ameixa, sardiña, atún, agullas, xurel, chicharrillos, calamares, polbo, zamburiñas e vieiras..
	<i>Construcción e prefabricados</i>	Funcionan a nivel de pequena empresa constructora. Poderase falar entre outros, dos seguintes aspectos: -Organización e condicións de traballo. -Tipo de construción: edificacións, materiais empregados,... -Repercusión medioambiental (extracción de áridos, zonas verdes,...)
	<i>Plásticos</i>	Funcionan tamén a nivel de pequena empresa. Ademais dos aspectos anteriores podemos falar do proceso de transformación (materia prima, proceso e produto - confección, bolsas,...)
	<i>Madeira e mobles</i>	Podemos ter en conta os seguintes aspectos: -O <i>aserradeiro</i> de Corbillón e o abastecimento de madeira -As <i>carpinterías</i> que elaboran produtos estándar .-A comercialización de mobles nas <i>moblerías</i> Todos estes puntos poden traballarse tendo tamén en conta a organización da empresa, as condicións de traballo, o tipo de materias primas e produtos elaborados, así como o establecemento de convenios coa F.P. Podemos aproveitar para facer referencia á simbiose entre galiñeiros e aserradeiros-mariscadores e depuradoras

	<b>Automoción</b>	Talleres de reparación. Reparación e venda
<b>Comercio</b>	<b>Establecementos fixos no pobo</b>	Segundo o tipo de produtos que ofertan poderemos falar das zapaterías, xoerías, ópticas, de electrodomesticos, alimenticios, textís, moblerías, ferreterías, droguerías, bazares, kioscos, librerías, floristerías, ...
	<b>Mercadillo</b>	Os mércores e sábados pola mañán entra en xogo o comercio ambulante que oferta produtos diversos sobre todo textís e alimenticios
	<b>Praza de Abastos</b>	Onde prioritariamente se venden produtos frescos e perecedeiros
<b>Artesanía</b>	Hai aínda no pobo latoeiros, zapateiros remendóns, xastres, costureiras, redeiras ...	
<b>Hostelería e turismo</b>	*Parador Nacional, hoteis, hostais, fondas e pensións *restaurantes, bares, cafeterías, pubs, disco-pubs, discoteca, hamburguesería, pizzerías... *oficina de información e turismo *axencias de viaxes . *CIT (asociación que pretende fomentar o turismo)	

<b>Infra- estrutura e servizos</b>	Parques : Poderanse ter en conta o aspecto lúdico dos mesmos e as especies vexetais que conteñen. Estructuras Viarias: tipos de vías (comarcais e locais), rúas, beirarrúas, calexóns...; tipos de sinais; pavimentos (tipos, conservación), <i>Iluminación pública</i> , <i>Traída de augas</i> : fontes, uso de lavadeiros "ríos" públicos, ..., <i>Recollida do lixo</i> : contenedores, o vertedeiro municipal, a recollida selectiva para a reciclaxe
------------------------------------	--

**1.1.3.Estructura social**

<b>Familia</b>	Teranse en conta as relacións de parentesco e os casos de separación e orfandade.	
<b>Parroquia: Santa María Dozo</b>	O párroco de Cambados é D. José Aldao. Temos os seguintes templos: S. Francisco (parroquial), San Benito (Fefiñáns), a Capela (rúa Hospital) e St <sup>a</sup> . Margarita	
<b>Barrios</b>	<i>En Fefiñáns</i> : Terra Santa, Corniña, Carballás, Triana, Pombal, A Cabana. <i>En Santo Tomé</i> : Con, Montinho, Brexo, Alameda, Piollo <i>En Cambados</i> : Sta. Margarita, Sabugueiro, Calzada, Carballeira, San Francisco, Beleco	
<b>Organismos administrativos</b>	<b>O concello: Composición:</b> 17 concelleiros presididos polo alcalde. <b>Organización</b> : A Corporación Municipal organízase en Pleno e en comisións. <b>Servizos:</b> policía local, limpeza, alumeadado, alcantarillado, construción e arranxo de rúas, mantemento de edificios escolares, .... Servizos Sociais Animadores Socio-Culturais e outros	
	<i>Cuartel Garda Civil</i>	Responde da seguridade da Zona de Cambados, Meis e Ribadumia
	Xulgados	Hai en Cambados dous xulgados de Primeira Instancia e de Paz. Cambados é cabeza de partido xudicial
	<i>Adxudantía de Marina</i>	Controla a seguridade no mar. Inspecciona barcos. Expide documentación (despacho de barcos)
	<i>Rexistro da propeidade</i>	Ocúpase do rexistro de propiedades inmobiliarias (terras, pisos, ...)
	<i>Notaría</i>	Entre outras leva conta de testamentos, herdos, ..
	<i>Pósito</i>	Cofradía de pescadores San Antonio (Lonxa). Ocúpase expedición de documentos e carnets, ...
<b>Comunicacións</b>	* Correos e telégrafos. * Teléfonos (sen servizo ao público)	
<b>Sanidade</b>	Centros médicos: *Centro de saúde , *Casa do Mar (Sergas) , *Prosaúde, Farmacias:* Peña , Lede, Cadarso.	
<b>Asilo</b>	No Pazo de Montesacro	
<b>Servizos *Ensino</b>	IES na localidade	"Francisco Asorey", Avda Os Caeiros (Santo Tomé). "Ramón Cabanillas", Avda Rosalía de Castro (Fefiñáns)
	CEP e CEIP	*CEP. "A. Magariños", Avda Vilariño nº 29 , *CEIP: "Santo Tomé", rúa Os Olmos
	E EI	Escola de E. Infantil , Avda da Pastora s/n.
	Garderías	"Gardería Municipal", Avda da Pastora . Outras (privadas)
	Escola taller	"A Xuventude", rúa Avda da Pastora
	<i>No Concello</i>	*CEIP "Enrique Barreiro", (Vilariño) / *CEIP de Corvillón / *CEIP de Castrelo.* C. Salesiano "La Merced",



<b>*Transportes</b>	<i>De viaxeiros</i>	Ruta Cambados - Pontevedra: "Plus Ultra". Ruta Cambados -Vilagarcía e Cambados-O Grove: Monbus, Ruta Cambados - Santiago: "Castromil". De mercadorías: Arenaz, Núñez,....
<b>Aspectos ideolóxicos</b>	<b>Partidos políticos e representación municipal:</b> PP, BNG, PSOE.	
<b>Aspectos relixiosos</b>	<b>Relixión e ritos</b>	A relixión que maioritariamente se practica é a católica. No Centro a maioría dos nenos asiste a clase desta Relixión. Tamén temos varias familias de relixión musulmana e outras evanxélicas
	<b>Festividade e patróns:</b>	Son festas locais en Cambados San Benito (Fefiñáns) e Sta. Mariña, patroa de Cambados. Celebrase tamén as do Carme, Semana Santa, o Nazareno, Sta. Margarita, Corpus (Sacramento), Inmaculada, Cristo Rey, Sta Lucía e a Candelaria,...
	<b>Agrupacións</b>	*Caritas. *Cofradías (San Roque,...) / *Adoración Nocturna
<b>Medios de comunicación social</b>	*Periódico (quincenal) "Salnés-Siradella" / *Radio "SI" (emisora municipal). *T.V. "Canal 7 Rías Baixas" *Os Xornais "La Voz de Galicia", "Faro de Vigo" e "Diario de Arousa" inclúen diariamente na sección "Arousa" información sobre Cambados.	
<b>Patrimonio histórico artístico</b>	<p><b>Cruceiros:</b> Fefiñáns (rúa das Rodas); O Adro (Nunha esquina da igrexa parroquial); A Carballeira (cruce de Santa Mariña á Carballeira); Os Pazos, Cruce do camiño de Sta. Mariña ó Cruceiro (Vilariño); Sta. Margarita (ó pé desta Capela no camiño de San Roque); Campo da fonte (Santomé); outras cruces con ou sen santos enriba dos dinteis da entrada en capelas, igrexas.</p> <p><b>Igrexas:</b> Fefiñáns: San Benito; Parroquial: Sta Mariña Dozo; Ermida A Pastora; Capela do Hospital; de Sta. Margarita; Capela do Asilo</p> <p><b>Pazos:</b> Montesacro, rúa Narciso Pérez en Santomé; Hospital, rúa do Hospital; Fajardo, Praza do Rollo; Casa da Generala, (camiño de Cambados a Santa Margarita); Torrado, rúa do Príncipe; Fefiñáns</p> <p>*Outros, dos que so quedan restos :Bazán, Abraldes e Güimil, así como casas señoriais con escudos (varias).</p> <p><b>Outros:</b> *Torre de san Saturniño (en Santomé) / *O muiño da Seca</p>	
<b>Escritores, artistas e artesáns</b>	<p><b>Escritores:</b> Pedro Bazán de Mendoza, Ramón Cabanillas, Alfredo Brañas, Valle Inclán e Caamaño Bournacell. <b>Escritores actuais:</b> Ramón Caride, Manuel Núñez, Adela Leiro, Mon Daporta, Eduardo Baamonde, Luis Rei, Emilio Ínsua, Domingo Tabuyo ... <b>Artistas e artesáns:</b> Francisco Asorey, Narciso Pérez, Antonio Pérez, Pepe o Roxo, Segundo Pérez, M. Magariños. <b>Artistas actuais:</b> Lino Silva, Brígida Leiro, Saúl Otero en pintura e Francisco Leiro e Manolo Paz en escultura. <b>Artesán:</b> Guillermo Galiñanes</p>	
<b>Asociacións</b>	Sociedade Cultural; Pósito; Asociacións de Pais de Alumnos; Asociación Española contra o Cancro, Esperanza Salnés. Escola de fútbol; Escola de baloncesto (Xuventude), Seccións de tenis de mesa, ciclismo, xadrez e piragüismo dependentes da Sociedade Cultural	
<b>Etnografía, folclore,</b>	Dase unha alta porcentaxe de matrimonios entre persoas de Cambados e parroquias circundantes. Abundancia de poboación migratoria Folclore moi abandonado. Hai no pobo ferreiros, atadoras, cesteiros e carpinteiros	
<b>Nivel cultural</b>	Nivel cultural medio.	
<b>Idioma:</b> segundo as enquisas pasadas no centro aos alumnos/as e as súas familias dende o 2009 ao 2013	<p>A lingua usada maioritaria na relación entre os mestres e mestrás é o galego na porcentaxe do 40%-50%. O profesorado tamén usa maioritariamente o galego (oral,escrito) co alumnado e o mesmo cos pais e nais. O alumnado ten a lingua castelá como maioritaria n un 82%; só un 6% usa a lingua galega e un 12% utiliza as dúas. Os avós, nais e pais que veñen ao centro usan o galego nunha porcentaxe de 50%-60% aproximadamente. Tamén se aprecia que o galego que hai nas familias procede sobre todo dos avós.</p> <p>A lingua que se fala no Concello (datos de 2007) oscila entre o 50% de galego falantes, o 40% de castelán falantes e o 10 % que fala indistintamente as dúas. Nas capas máis xoves e infantís aumentaron moito os castelán falantes.</p> <p>As comunicacións escritas do goberno municipal son sempre en lingua galega, a comunicación oral cos funcionarios está máis repartida.</p> <p>A ANPA utiliza o galego e o castelán nas súas comunicación.</p>	

## 1.2 O centro

### 1.2.1 Tipo e composición

<b>Tipo</b>	Centro de Educación Primaria "Antonio Magariños Pastoriza",	Código do Centro: 36000478
<b>Dirección</b>	Avda. de Vilariño, 29 C.P. 36630, Cambados. Pontevedra	NIF: Q-8655313-H
<b>Código</b>	Orde de 6 de xullo de 2007 (DOG 26 de xullo de 2007) polo que se establece o número de unidades e os postos de traballo docentes que corresponde prover por funcionarios do corpo de mestres nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios de Primaria, o CEP Antonio Magariños Pastoriza componse de 12 unidades de Educación Primaria e os postos de traballo seguintes:	
<b>N.I.F.</b>		
<b>Composición</b>	Educación Primaria .....11 Filoloxía Inglesa..... 2 Filoloxía Francesa ..... 1 Educación Musical..... 1 Educación Física..... 2 Pedagogía Terapeutica.....1 Xefe de Departamento de Orientación.....1	

### 1.2.2. Espazos

<b>Estructura</b> ( <i>ver plano adxunto</i> )	<p>O Colexio, inagurado no 1966, sufriu diversas modificacións en distintas épocas. Está formado por dúas alas con dúas plantas cada unha unidas por un módulo onde se ubican as dependencias administrativas e os aseos do profesorado.</p> <p>Na planta baixa planta temos 3 aulas de 1º Ciclo. No ano 20012 rematou a ampliación da biblioteca e a construción dunha aula grande que se usa como aula de inglés, como comedor escolar e pola tarde nas clases de PROA (tamén se remodelaron as aulas da planta baixa para que tivesen maior tamaño).</p> <p>Na planta alta da ala norte contamos con 1 aula do 1º Ciclo e 2 aulas de 1º curso do 2º Ciclo.</p> <p>Tamén na planta baixa se construíron dous espazos que lindan co patio cuberto e, polo mesmo reciben pouca luz exterior e moito ruído da clase de E. F, a pesar do dobre acristalamento.</p> <p>Un dos espazos está dividido en dúas partes. (Unha adicase a almacén e arquivo de documentos, construíronse no ano 2012 uns asentos para Educación Física con acceso dende o patio cuberto, e a outra para o material deportivo. A esta última parte accedese tamén polo patio cuberto). O outro espazo utilízase para a atención ó alumnado con necesidades educativas especiais e tamén se subdivide en dous: un funciona como Departamento de Orientación / aula de Audición e Linguaxe e o outro como Aula de Apoio.</p>
<b>Ala norte</b>	<p>A ala sur, na planta baixa, ten unha saída ó patio exterior e a outras dúas dependencias; a primeira funciona como aula de informática.</p> <p>A ala sur prolóngase cara o norte continuando (a distinta altura) cunha dependencia que fará as funcións de sala de usos múltiples (video, música, psicomotricidade, actuacións, ...), e na se imparten as clases de música</p> <p>Na ala sur distribúranse dúas aulas de 1º do 2º Ciclo (5º), con wifi, rede Abalar e ultraportátiles e unha de 1º do 2º Ciclo (4º) na planta baixa.</p> <p>Na planta alta temos dúas aulas de 2º do 3º Ciclo (6º), tamén contarán con wifi, rede Abalar e ultraportátiles, e a outra de 1º do 2º Ciclo (4º).</p> <p>Cada unha das alas nas plantas alta e baixa teñen, ó fondo, os servizos para o alumnado.</p>
<b>Ala sur</b>	<p>Cando nun curso haxa alumnado ou profesorado con dificultades motoras asignaráselle a ese curso unha aula da planta baixa.</p> <p>Os alumnos/as da ala norte saen a un dos patios. Os alumnos/as da ala sur saen ao outro patio. Non se comunican os patios.</p> <p>No patio da ala sur hai dúas pistas delimitadas a distinta altura, a cuberta, con porterías nos extremos e canastras en varias columnas. Na descuberta hai dúas canastras nos extremos e dispositivos para a colocación das redes de voleibol ou tenis. No patio dos pequenos hai unha canastra.</p>
<b>Patios</b>	
<b>Observacións</b>	<p>*Na planta alta da ala norte e da ala sur habilitouse un espazo para titorías. Tamén se poderá utilizar para este fin o despacho de Dirección, previa comunicación ó director/a, a Biblioteca ou as aulas correspondentes.</p> <p>*Debaxo das escaleiras da ala sur está un pequeno almacén onde se gardan bobinas de papel, folios, ...</p>

	<p>*Debaixo das escaleiras da ala norte está a dependencia que lle corresponde ao persoal non docente.</p> <p>*Todas as persoas ou entidades que desexen facer uso das instalacións do Centro solicitaranllo ao diirector/a con antelación .</p>
--	--

### 1.2.3. Recursos materiais

<b>Aparatos de reprografía</b>	Fotocopiadoras, Konika 7220, Konika C451 (ésta, en cor)
<b>Aparatos de oficina</b>	Ordenador: HP Compac 6005Pro; Pantalla de 17 pulgadas en dirección, Hp Pro3130MT en secretaría e HP Compac 6005Pro Abalar; e portátil HP Probook45305 para xefatura. Impresora HP Deskjet 920c, teléfono fixo e 2 inalámbricos en dirección. Impresora Brother HL 5250DN, web cam teléfono e fax en secretaría.
<b>Medios audiovisuais</b>	Ordenadores nas aulas: 4Dell, 4 KX, 2 Lenovo, 2 Comelta H, 1 ASUS, 1 Innobo; Proxectores dixitais colocados no teito en todas as aulas. Na Biblioteca: 1Thyra 500, 1KX e 1 Compac, 3 portátiles Acer, 2 HP Mini e unha impresora HPLaserjet 840c Na aula de orientación e apoio: 1 portátil IBM; ordenadores: 1 Dell, 1 Comelta High, 1 APD, 1CFM e 1 CreativeF; impresoras Hp Laserjet 1100 e HP desjet Aulas de Inglés:1 ordenador Dell; Pizarra dixital Aula de Usos Múltiples: Ordenador Dell, Portatil IBM, Pizarra dixital, 2 proxectores dixitais, visualizador dixital, equipo de megafonía, televisión, vídeo e equipo de música. Sala do profesorado: 2 ordenadores Dell e dúas fotocopiadoras láser en rede, unha delas en cor. Aula de informática: 1 portátil HP Probook 45305, 6 Comelta, 5 Beep, 2 Innobo, 4 Dell, escáner Canon, impresora Epson 3000, proxector e pizarra dixital; equipo de música No corredor para o recreo: 3HP Vectra e 1 APD. Outros: 2 Monitores de televisión e 1 Videos VHS, Proxector de Diapositivas (2), Proxector de Transparencias, Radio cassetts (12). Gravadoras (1) /Reproductor de CD (4). Cámaras de video analóxica e dixital e trípode. Discos, cintas video, cassetts; Cámara de fotos dixital; Visualizador dixital (2)
<b>Material de megafonía</b>	Caixa SB- 200 (2) . Amplificador MA- 1500. Micrófonos (3). Pé de micro (2) / Bases para as caixas de sonido (2) No curso 2000-2001 instalouse un sistema de Megafonía na aula de usos múltiples e nos patios. No curso 2007/08 na Aula de Informática
<b>Materiais Didácticos e xogos.</b> (Ver carpetas de material)	Naturais: Biblioteca (Sala de profesores). Sociais: Armario pasillo da planta alta da ala sur. Plástica: Aula de Plástica. Deporte: Almacén. Lectoescritura e materiais de apoio: Aula de Educación Especial, Biblioteca- Sala Profesores. Xogos: Nas distintas aulas
<b>Libros:</b> texto, consulta, lectura	Na sala de profesores basicamente. Na biblioteca dos alumnos/as. Nas distintas aulas (sobre todo o primeiro ciclo)

### 1.2.4 Recursos humanos

<b>Órganos unipersonais</b>	Director/a, Xefe/a de Estudios , Secretario/a
<b>Órganos colexiados</b>	<b>Consello Escolar.</b> Compoñentes: Director/a, X. de estudos, 5 profesores, 5 pais (un deles designado pola ANPA) e 2 alumnos/as (con voz pero sen voto), 1 representante do Concello e 1 representante do Persoal de Servicios e o Secretario/a do Claustro (con voz pero sen voto) <b>Claustro de Profesores.</b> Compoñentes: A totalidade dos profesores do Centro <b>Equipo Directivo. Equipos de Ciclo.</b> Dous grupos por nivel. <b>Equipos de traballo:</b> Normalización, Biblioteca, Orientación
<b>Criterios de Agrupamento</b>	* Por orde alfabética do primeiro apelido. *As altas durante o curso incorpóranse na aula de menos alumnos do nivel correspondente, *Os repetidores adscribense tendo en conta: o historial do alumno, posibles problemas de conducta, equiparación numérica .
<b>Adscrición a cursos e áreas</b>	*Os titores dun grupo de alumnos continúan co mesmo grupo ata que remata o Ciclo. Nos casos de xubilacións pregúntase aos profesores se optan ou non por rematar o mesmo ciclo.*Antigüidade no Centro.
<b>Disciplina</b>	(Ver Normas de Organización e Funcionamento (NOF) )
<b>Características físicas</b>	<b>Deficiencias motóricas.</b> Hai rampas. Hai un servizo adaptado. O alumnado con deficiencias motóricas estará na planta baixa.

	<p><b>Control de esfínteres.</b> Téntase levar a cabo programas de modificación de conducta encamiñados ó autocontrol.</p> <p><b>Deficiencias sensoriais:</b> Procurarase prestarlle un apoio constante (lectura de labios, uso de gráficos...)</p>
<b>Contorno Vital</b>	<p>Cada titor recollerá as características máis salientables que poden afectar ó seu rendimento escolar, respetando o seu dereito a intimidade:</p> <p>*Problemas familiares, de droga, alcolismo,... *Dificultades económicas. *Ausencia dos pais: orfandade, emigración, .... *Situacións de separación e divorcio, custodia. *Situación laboral: paro, actividades a que se adican os pais/nais, xornada laboral,....</p>
<b>Características psicolóxicas</b>	<p><b>Nenos con deficiencias graves.</b> Serán avaliados polos membros do Departamento de Orientación. Terase como criterio prioritario o acadar o maior grao de inclusión e o apoio á aula no que se integre, alén da asistencia á aula de apoio nos horarios que se determine.</p> <p><b>Nenos con necesidades educativas especiais:</b> recibiran o apoio necesario dentro da aula e faranse as ACS correspondentes. Poderáselle prestar apoio fora da aula en momentos puntuais coa colaboración do profesorado dispoñible.</p> <p><b>Intereses:</b> Os videoxogos, os deportes e a televisión copan a maior parte dos intereses dos alumnos. Costatamos que moitos deles están sobrecargados de actividades logo do horario escolar; asisten a inglés, pintura, música, informática, ...</p>
<b>Coñecementos</b>	<p>Na segunda quincena de setembro farase unha Avaliación Inicial para ver o nivel de coñecementos con que cada neno inicia o curso. Asimesmo sería positivo partir en cada unha das Unidades Didácticas do análise dos coñecementos previos de cada neno/a.</p>
<b>Problemática</b>	<p><b>Hixiene e alimentación.</b> Hai algúns nenos que veñen ó Colexio sen almorzar ou con falta de hixiene. Comunicarase coa familia.</p> <p><b>Alcoholismo e Drogodependencias. Violencia e agresividade:</b> Actuarase na medida que o problema o requira.</p>

## 2. Competencias Básicas

### 2.1 Competencia en comunicación lingüística

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>Disfrutar escoitando, lendo ou comunicándose de forma oral.</p> <p>Expresar e interpretar de forma oral pensamentos, emocións, opinións e creacións.</p> <p>Escoita activa. Participación e respecto na estrutura da conversa.</p> <p>Comprender textos sinxelos.</p> <p>Comprender ordes.</p> <p>Expresión con ritmo, pronunciación e entonación.</p> <p>Utilizar códigos de comunicación.</p> <p>Ler e comprender distintos tipos de textos.</p> <p>Utilizar a biblioteca.</p> <p>Presentación clara e ordenada dos seus textos.</p>	<p>Utilizar códigos de comunicación.</p> <p>Interactuar de forma adecuada lingüísticamente.</p> <p>Expresar e interpretar de forma oral e escrita pensamentos, emocións, opinións e creacións.</p> <p>Comprensión de textos literarios.</p> <p>Uso de estruturas gramaticais. Corrección ortográfica.</p> <p>Usar distintos tipos de textos.</p> <p>Presentación clara e ordenada dos seus textos.</p> <p>Ler e comprender distintos tipos de textos.</p> <p>Utilizar a biblioteca.</p>	<p>Dialogar, escoitar, falar e conversar.</p> <p>Ler, comprender e interpretar distintos tipos de textos.</p> <p>Expresar con linguaxe oral e escrito pensamentos, ideas e emocións.</p> <p>Expresarse con ritmo, pronunciación e entonación axeitadas.</p> <p>Adoptar decisións, resolver conflitos e ter en conta opinións alleas..</p> <p>Identificar as ideas principais e as secundarias nun texto.</p> <p>Diferenciación de feitos e opinións de aspectos reais e fantásticos.</p> <p>Coñecer as regras do sistema da lingua.</p> <p>Argumentación na resposta ante preguntas.</p> <p>Escribir de forma adecuada usando as regras ortográficas.</p> <p>Usar o vocabulario específico.</p> <p>Recoñecer e usar distintos tipos de textos.</p> <p>Usar as estruturas gramaticais.</p> <p>Fomentar o interese por mellorar as súas producións lingüísticas.</p> <p>Utilizar a biblioteca.</p> <p>Presentación clara e ordenada dos seus textos.</p>

### 2.2 Competencia matemática

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>Uso das operacións con números naturais.</p> <p>Revisión e corrección dos cálculos.</p> <p>Expresarse e comunicarse na linguaxe matemática.</p>	<p>Coñecer os elementos matemáticos básicos.</p> <p>Expresarse e comunicarse na linguaxe matemática.</p> <p>Identificar situacións cotiás que requiren o uso de estratexias matemáticas.</p> <p>Seguir determinados procesos de pensamento (dedución, cálculo..)</p>	<p>Asociar conceptos matemáticos a situacións cotiás.</p> <p>Manexar os conceptos espaciais básicos.</p> <p>Expresarse e comunicarse no linguaxe matemático.</p> <p>Usar operacións con números naturais, decimais e fraccionarios.</p> <p>Manexar os elementos matemáticos básicos en situacións reais ou simuladas da vida cotidián.</p> <p>Integrar o coñecemento matemático con outros tipos de coñecemento.</p> <p>Seleccionar as operacións adecuadas na resolución de problemas.</p> <p>Saber buscar datos nun texto ou nun gráfico para obter información e resolver problemas.</p> <p>Recoñecer a necesidade de manexar os instrumentos e as unidades de medida para expresar lonxitude, superficie, peso, capacidade, importe en diñeiro e de tempo.</p> <p>Usar instrumentos de debuxo (regra, transportador, compás...) e programas informáticos para construír e explorar formas e elementos xeométricos.</p> <p>Usar o vocabulario específico.</p> <p>Utilizar o coñecemento das formas xeométricas para describir obxectos</p> <p>Interpretar a información e os datos que nos dan.</p> <p>Revisar e corregir os cálculos.</p>

## 2.3 Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>Analizar os hábitos de consumo e da saúde.</p> <p>Conservar os recursos e aprender a identificar e valorar a diversidade natural.</p> <p>Interiorizar os elementos claves de calidade de vida das persoas.</p>	<p>Interiorizar os elementos claves da calidade de vida das persoas.</p> <p>Comprender e identificar preguntas ou problemas e obter conclusións para mellorar as condicións de vida dos seres vivos.</p>	<p>Identifica as características propias do ciclo vital en todos os seres vivos.</p> <p>Coñecer o propio corpo.</p> <p>Contribuir e valorar a importancia de coidar o medio ambiente.</p> <p>Respetar as diferencias físicas das persoas.</p> <p>Amosar actitudes de respecto cara os demais e un mesmo.</p> <p>Argumentar consecuencias dun tipo de vida fronte a outro en relación cos bos hábitos de consumo e a protección da saúde.</p> <p>Utilizar hábitos de hixiene, alimentación, vestido e descanso.</p> <p>Usar o vocabulario específico.</p> <p>Comparación, clasificación de materiais.</p> <p>Organización en mapas conceptuais e esquemas de información relativos aos animais e ás plantas.</p> <p>Organización en mapas conceptuais e esquemas de información relativos a datos da xeografía e da historia.</p> <p>Practicar a observación directa e indirecta.</p> <p>Realizar observacións para desenvolver a curiosidade.</p> <p>Disfrutar de actividades en contacto coa natureza.</p> <p>Interpretar a información que se recibe para predecir e tomar decisións.</p>

## 2.4 Tratamento da información e competencia dixital

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>Aplicar en distintas situacións e contextos as linguaxes específicas: visual, gráfica, numérica, textual e sonora.</p> <p>Comunicar a información e os coñecementos adquiridos .</p> <p>Emplear diferentes recursos expresivos ademais das TICs.</p>	<p>Usar as tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.</p> <p>Procesar e xestionar adecuadamente a información.</p> <p>Uso ético e crítico das TICs.</p>	<p>Buscar, seleccionar e analizar a información a través de diversas fontes de información.</p> <p>Usar as ferramentas do sistema: ordenador, procesador de datos ...</p> <p>Utilizar INTERNET para a búsqueda e selección da información.</p> <p>Usar de xeito ético e crítico as TIC.</p> <p>Usar as tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.</p> <p>Empregar diferentes recursos expresivos ademais das TICs.</p> <p>Transformar a información en coñecemento.</p> <p>Respetar o tempo de uso.</p>

## 2.5 Competencia social e cidadá

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>Valoración das linguas como medio de comunicación e entendemento.</p> <p>Colaboración nas tarefas de grupo.</p> <p>Cumplimento dos acordos adoptados.</p>	<p>Comparación e contraste de culturas.</p> <p>Valoración das linguas como medio de comunicación e entendemento.</p> <p>Expectativas positivas cara o traballo de grupo.</p> <p>Elaboración das normas de clase.</p>	<p>Comprender a pluralidade e o carácter evolutivo das sociedades actuais.</p> <p>Practicar o respecto e a colaboración.</p> <p>Coidar a saúde e o entorno.</p> <p>Elaborar e interiorizar normas de convivencia ou de xogo.</p> <p>Ter sentido de pertenza a unha familia, un colexio, un pobo, ...</p> <p>Tomar decisións e responsabilizarse das mesmas.</p>

		<p>Traballar en equipo aprendendo a escoitar e aceptar outros puntos vista distintos do propio.</p> <p>Participar nas actividades sociais do entorno.</p> <p>Aprender a comunicarse cos demais e a resolver os conflitos usando o diálogo.</p> <p>Escoitar e participar de forma activa en situacións habituais.</p>
--	--	--

## 2. 6 Competencia cultural e artística

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>Apreciar e disfrutar coa arte e outras manifestacións culturais.</p> <p>Empregar algúns recursos artísticos para realizar creacións propias e valorar as obras dos demais</p> <p>Valorar a liberdade de expresión, o dereito a diversidade cultural e a importancia do diálogo intercultural</p>	<p>Valorar a liberdade de expresión, o dereito á diversidade cultural e a importancia do diálogo intercultural.</p> <p>Participar na vida cultural doutros países.</p> <p>Por en funcionamento a iniciativa, a imaxinación e a creatividade para expresarse mediante códigos artísticos.</p>	<p>Utilizar as manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e disfrute.</p> <p>Valorar obras literarias pertencentes á tradición popular.</p> <p>Adquirir coñecementos de diferentes manifestacións artísticas mediante visualización de fotos, imaxes, Internet, ...</p> <p>Representación plástica do corpo e do entorno.</p> <p>Utilizar o silencio e o son como formas de expresión.</p> <p>Seguir ritmos, cantar cancións, recitar poemas, escoitar obras musicais.</p> <p>Participar en danzas e facer dramatizacións.</p> <p>Dispor de habilidades de cooperación e ter conciencia de importancia de apoiar e apreciar as iniciativas e contribucións alleas.</p> <p>Interese por escoitar contos, historias, ...</p> <p>Utilizar a biblioteca para ver, ler e consultar libros.</p> <p>Valorar a liberdade de expresión, o dereito a diversidade cultural e a importancia do diálogo intercultural.</p> <p>Apreciar e disfrutar co arte e outras manifestacións culturais.</p>

## 2.7 Competencia para aprender a aprender

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>Adquirir confianza en sí mesmo e gusto por aprender.</p> <p>Obter un rendemento máximo das capacidades de aprendizaxe coa axuda das extratexias e das técnicas de estudio.</p> <p>Aceptar os erros e aprender dos demais.</p>	<p>Adquirir confianza en sí mesmo e gusto por aprender.</p> <p>Adquirir responsabilidades e compromisos personais.</p> <p>Ser perseverantes na aprendizaxe.</p> <p>Saber transformar a información en coñecemento propio.</p> <p>Aceptar os erros e aprender dos demais.</p>	<p>Adquirir confianza en sí mesmo e gusto por aprender.</p> <p>Aceptar os erros e aprender dos demais.</p> <p>Plantexarse preguntas. Identificar e manexar a diversidade de respostas posibles.</p> <p>Aplicar os novos coñecementos e capacidades en situacións parecidas e contextos diversos.</p> <p>Ser perseverante na aprendizaxe.</p> <p>Reflexionar sobre cómo e qué aprendemos.</p> <p>Desenvolver estratexias de atención.</p> <p>Expresar oralmente e por escrito o aprendido.</p> <p>Comprender, analizar e resolver problemas.</p> <p>Perseverar no esforzo para resolver situacións máis complexas.</p> <p>Utilizar diferentes estratexias de aprendizaxe que axuden a realizar mellor o traballo que se plantexa.</p> <p>Observar, explorar, recoller e rexistrar información.</p>

## 2.8 Competencia Autonomía e iniciativa persoal

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>Traballar cooperativamente. Desenvolver plans persoais. Ter unha actitude positiva ao cambio. Ser responsable nas tarefas.</p>	<p>Afrontar os problemas e aprender dos demais. Tomar decisións e desenvolver proxectos. Ter confianza en si mesmo Ser perseverante e emprendedor.</p>	<p>Adecuar os seus proxectos ás súas capacidades. Ser autocrítico e ter autoestima. Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, diálogo, cooperación e traballo en equipo. Saber tomar decisións ante un problema. Incorporar habilidades para desenvolverse con autonomía. Utilizar a linguaxe como medio para entendernos cos demais. Adquirir habilidades para comunicar os resultados dos traballos. Traballar cooperativamente Actuar con autonomía na hixiene, alimentación, vestido e descanso.</p>

## 3. Obxectivos xerais do centro

1. Comprender e producir mensaxes orais e escritos contextualizados, con igual competencia en galego e en castelán e de forma máis sinxela nas linguas estranxeiras.
2. Comunicarse a través de todo os medios de expresión desenvolvendo todo o posible (tendo en conta as limitacións humanas e materiais) o razoamento, a sensibilidade estética e a creatividade.
3. Utilizar na resolución de problemas sinxelos os procedementos oportunos para obter a información pertinente e representala mediante códigos, tendo en conta as condicións necesarias para a súa resolución.
4. Identificar e formular interrogantes e problemas a partir da experiencia diaria, utilizando tanto os coñecementos e os recursos materiais dispoñibles como a colaboración doutras persoas para resolvelos de xeito creativo.
5. Actuar con autonomía nas actividades habituais e nas relacións de grupo, desenvolvendo as posibilidades de tomar iniciativas e de establecer relacións afectivas tanto nas actividades habituais como nas de grupo.
6. Realizar actividades en grupo, aceptar as normas que democráticamente se establezan respectando puntos de vista distintos e asumindo responsabilidades.
7. Relacionarse e comportarse de xeito solidario valorando as diferencias de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en características individuais ou sociais.
8. Apreciar a importancia dos valores básicos (cívicos, morais, sociais e políticos) que rixen a vida e a convivencia e obrar de acordo con eles.
9. Contribuír activamente á defensa, conservación e mellora do medio natural e social.
10. Coñecer o patrimonio cultural e participar na súa conservación desenvolvendo unha actitude de interese e respecto.
11. Coñecer e apreciar o propio corpo e contribuír ao seu desenvolvemento, adoptando hábitos de saúde e benestar e valorando as repercusións de determinadas condutas sobre a saúde e a calidade de vida.
12. *Aprender a aprender*
13. *Amosarse competentes no uso das novas tecnoloxías da información e comunicación.*



## 4. Secuenciación do currículo nas diferentes áreas

### 4.1 Área de Lingua Galega

#### 4.1.1 Competencias básicas. Lingua galega

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p><b>Competencia en comunicación lingüística</b> Adquirir vocabulario referente ao colexio, á familia, á casa, á rúa, ao Nadal, aos alimentos, ao coidado e ás partes do corpo humano. Utilizar a linguaxe como medio de comunicación oral e escrito. Expresar adecuadamente pensamentos, ideas e emocións. Desenvolver o interese pola claridade, pola orde e pola limpeza nas súas producións escritas. Dialogar en grupo para fomentar a expresión oral e a escoita. Fomentar o interese pola práctica de xogos lingüísticos como elemento de diversión. Adquirir vocabulario referente aos mamíferos, ás aves, ás plantas, aos peixes, á auga, ao sol e ao aire. Comprender e expresar de forma oral e escrita o sentido global dun texto. Fomentar a valoración do texto escrito como fonte de información, enriquecemento e diversión. Fomentar o uso das regras ortográficas aprendidas. Adquirir vocabulario referente aos fenómenos atmosféricos, aos medios de comunicación, aos medios de transporte e ás vacacións. Fomentar o gusto pola lectura e pola escritura de contos.</p> <p><b>Autonomía e iniciativa persoal</b> Empregar a linguaxe para comunicar</p>	<p><b>Competencia en comunicación lingüística</b> Coñecer a orde das palabras no dicionario. Interpretar, comprender e utilizar a información que aparece no dicionario. Comprender e saber aplicar as normas ortográficas e gramaticais da lingua. Comprender o sentido figurado de expresións feitas. Desenvolver a atención para resolver xogos lingüísticos. Aprender a coñecer a biblioteca recoñecendo as normas polas que se rexe. Buscar, recompilar e procesar a información. Utilizar a lingua como instrumento de comunicación oral e escrita. Producir textos orais e escritos. Discriminar diferentes tipoloxías textuais. Comprender, compoñer e utilizar textos narrativos, expositivos, poéticos e teatrais. Coñecer e utilizar os recursos necesarios para a descrición de animais, persoas e paisaxes. Coñecer técnicas sinxelas para estruturar e redactar un conto. Recoñecer e saber aplicar as características propias da lingua poética. Expresar axeitadamente ideas e emocións.</p> <p><b>Autonomía e iniciativa persoal</b> Desenvolver a autoestima ante a creación dos propios textos. Tomar a iniciativa de participar na dramatización de textos propios ou alleos. Adquirir a necesaria confianza nun mesmo para interactuar cos demais e tomar</p>	<p>Para lograr a adquisición desta competencia, o alumno debe...</p> <p><b>Ser quen de comprender e producir mensaxes orais que conteñen feitos, coñecementos e opinións.</b> No terceiro ciclo, grazas ao programa de Comunicación <i>oral</i>, os nenos aprenderán a expresarse oralmente con corrección e a comprender sen dificultade mensaxes orais tanto do seu contorno como dos medios de comunicación social. A escoita e comprensión de reportaxes, faladoiros, anuncios, noticias..., xunto coa expresión de opinións ou a realización de descricións e entrevistas forman parte desta competencia. <b>Ser quen de participar activamente en intercambios comunicativos orais respectando as normas que os rexen.</b> Os alumnos afaránse a comentar, a debater e a negociar diferentes cuestións expresando as súas opinións e incorporando nos seus razoamentos as intervencións dos demais. <b>Ser quen de comprender diferentes clases de textos escritos, incluíndo os de contido didáctico, os habituais en situacións cotiás de relación social e os procedentes dos medios de comunicación.</b> Os alumnos desenvolverán a súa capacidade de comprensión lectora con textos narrativos, informativos, teatrais, poéticos... Cobran importancia os textos que proveñen de páxinas web e da prensa, así como os textos literarios. Identificar a información principal e secundaria, realizar inferencias e definir o propósito do autor son estratexias ás que os nenos han de enfrontarse a partir deses textos. <b>Ser quen de pór en práctica os coñecementos e as estratexias necesarias para escribir correctamente.</b> O estudo de todas as clases de palabras, das normas de puntuación e acentuación, das normas ortográficas, contribuirán á corrección dos textos elaborados por eles. <b>Ser quen de escribir textos relacionados co ámbito escolar ou con situacións cotiás de relación social, así como textos de información e opinión.</b> Durante este ciclo, os alumnos adquirirán unha serie de técnicas de redacción que poden se poden aplicar a calquera escrito (escribir diálogos, suprimir o irrelevante, utilizar conectores...). Ademais, aprenderán a redactar diferentes tipos de textos e a utilizar elementos gráficos e paratextuais.</p>

<p>afectos. Utilizar a lingua para fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos. Fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos. Empregar a linguaxe para comunicar afectos e emocións. Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais. Utilizar a linguaxe como medio de representación do mundo. Utilizar a lingua para elixir con criterio propio entre dúas opcións. Utilizar a linguaxe para expresar gustos e preferencias. Favorecer a creatividade a través da linguaxe.</p> <p><b>Competencia para aprender a aprender</b> Comprender, analizar e resolver un problema. Acceder á construción de coñecementos mediante a linguaxe. Utilizar a lingua para analizar problemas da vida cotiá, elaborar plans e tomar decisións. Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe: reflexionar sobre que e como se aprendeu.</p> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital</b> Iniciarse no uso do ordenador. Obter coñecementos e destrezas para buscar e interpretar unha información concreta. Nomear as partes do ordenador. Enumerar os distintos usos do ordenador.</p> <p><b>Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico</b> Percibir o colexio como o espazo físico no que se desenvolve parte da súa vida cotiá. Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.</p>	<p>decisións propias. Utilizar a lingua para organizar o pensamento, comunicar afectos e opinións, regular emocións.</p> <p><b>Competencia para aprender a aprender</b> Adquirir e aplicar uns hábitos de traballo. Acceder ao saber e á construción de coñecementos mediante a lingua. Utilizar recursos de carácter lúdico na adquisición de conceptos. Desenvolver e aplicar a lóxica para establecer relacións semánticas ou gramaticais. Saber abstraer e sistematizar as ideas esenciais dun texto para elaborar un esquema.</p> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital</b> Consultar un diccionario en Internet. Visitar bibliotecas virtuais e acceder á información que achegan. Buscar, seleccionar e manexar os datos obtidos en Internet ou noutras fontes de información. Crear unha páxina web. Desenvolver a capacidade para interpretar as noticias que achegan os medios de comunicación e opinar sobre elas. Saber utilizar o correo electrónico para se comunicar. Recoñecer o particular rexistro lingüístico das SMS e comprender que non se axusta ás normas gramaticais.</p> <p><b>Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico</b> Aprender a desenvolverse no contorno e a respectalo. Desenvolver a conciencia de pertencer ao mundo e reparar nos cambios que se producen no contorno e nos seres vivos de</p>	<p><b>Ser quen de ler e comprender de forma autónoma textos literarios en prosa e en verso.</b> Neste ciclo os nenos afaranse a ler e comprender numerosos textos literarios. Nestes cursos, ofrécense mostras da mellor literatura, pertencentes a autores de todas as épocas. Trátase, ademais, de conseguir que os alumnos valoren os textos literarios como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e recurso de gozo persoal.</p> <p><b>Ser quen de comprender e utilizar a terminoloxía lingüística propia do ciclo.</b> Durante este ciclo, os alumnos deberán coñecer e utilizar os nomes dos tipos de textos (narración, descrición, poema...), de todas as clases de palabras (determinantes, substantivos, verbos...) e dos mecanismos básicos de formación do léxico (derivación, composición...). Esta terminoloxía servirá para reflexionar sobre o aprendido en relación co funcionamento da lingua.</p> <p><b>Ser quen de manifestar interese pola lectura e a escritura como instrumentos para relacionarnos cos demais e para aprender.</b> Ao longo do ciclo os alumnos comprenderán que as súas producións orais e escritas son instrumentos de relación social que lles permiten interactuar cos demais. Doutra banda, comprobarán que a lectura e a escritura son as ferramentas básicas que calquera persoa debe dominar para mellorar a súa aprendizaxe.</p> <p><b><u>Contribución da área de lingua galega e castelá ao desenvolvemento doutras competencias básicas</u></b></p> <p><b>Competencia matemática.</b> Establecer a secuencia temporal dunha historia ou utilizar conectores lóxicos na escritura son un tipo de actividades que contribúen ao desenvolvemento da <i>competencia matemática</i>. Así mesmo, o coñecemento de determinadas clases de palabras, como os cuantificadores (numerais e indefinidos), constitúe outra das achegas da área de <i>Lingua galega e castelá</i> ao desenvolvemento das habilidades relacionadas coa devandita competencia.</p> <p><b>Competencia no coñecemento e a interacción co medio físico.</b> Na área de <i>Lingua galega e castelá</i> ofrécense unha serie de textos informativos relacionados co mundo físico que permiten coñecer mellor os elementos da natureza e a influencia e as relacións que manteñen os seres humanos co espazo no que viven. Ademais, a través do traballo con mensaxes de carácter publicitario, contribúese á creación de hábitos de consumo responsable.</p> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital.</b> A área proporciona destrezas para a selección, comprensión e transmisión da información. As actividades de comprensión dos diferentes tipos de textos, as relacionadas coas imaxes ou a análise de sinxelas cuestións tipográficas contribúen favorablemente ao desenvolvemento desta competencia.</p>
--	--	---

<p>Realizar observacións para desenvolver a curiosidade. Utilizar a lingua para obter e comprender información. Contribuír, a través da lingua, a conservar un contorno físico agradable e saudable. Contribuír, a través da linguaxe, a coidar o ambiente. Obter e interpretar información acerca do medio físico que os rodea. Empregar a linguaxe para mostrar actitudes de respecto aos demais e cara a un mesmo.</p> <p><b>Competencia social e cidadá</b> Coñecer sentimentos e emocións en relación cos demais. Aprender a comunicarse cos demais e comprender o que estes transmiten. Utilizar a lingua como destreza para a convivencia, o respecto e o entendemento. Utilizar a lingua para desenvolver uns hábitos de comportamento responsables. Practicar o diálogo e a negociación como forma de resolver conflitos.</p> <p><b>Competencia artística e cultural</b> Escoitar, comprender e valorar narracións orais sinxelas. Promover o mantemento da atención durante a escoita de contos e outras narracións orais. Ler, comprender e valorar narracións sinxelas. Fomentar o gusto pola lectura de poemas.</p> <p><b>Competencia matemática</b> Utilizar a linguaxe para poñer en práctica procesos de razoamento. Utilizar táboas para facer clasificacións.</p>	<p>forma periódica. Coñecer e valorar a fauna e a flora propias da nosa comunidade. Recoñecer a lingua como o principal medio de comunicación entre os seres humanos e utilízala para establecer relacións cos demais. Coñecer outras formas de vida e outras culturas e aprender a respectalas.</p> <p><b>Competencia social e cidadá</b> Crear un sistema de valores propio baseado no respecto. Entender a lingua como a base da convivencia, o respecto e o entendemento. Recoñecer a diferenza entre os seres humanos como un valor enriquecedor. Aprender a comunicarse cos demais e a comprender o que estes transmiten. Valorar todas as linguas como aptas para a comunicación. Recoñecer as variantes da lingua como fenómenos da fala e respectalas. Desenvolver actitudes de consumo responsable.</p> <p><b>Competencia artística e cultural</b> Ler, comprender e valorar as obras literarias. Coñecer e valorar as tradicións propias da nosa comunidade. Comprender, apreciar e valorar as manifestacións artísticas, propias e alleas. Coñecer algúns persoeiros claves da cultura galega. Usar de forma responsable os recursos da biblioteca. Expresarse con imaxinación e creatividade. Poder apreciar nun texto literario e noutro tipo de creacións os trazos que contribúen á súa estética.</p>	<p>Doutra banda, en moitas das actividades que se expón aos alumnos propónse a posibilidade de realizar tarefas utilizando ferramentas informáticas adecuadas á idade.</p> <p><b>Competencia social e cidadá.</b> A lingua é un elemento básico na comunicación humana, por iso é polo que desde a área de <i>Lingua galega e castelá</i> resulte fácil contribuír ao desenvolvemento desta competencia, entendida como conxunto de habilidades necesarias para a convivencia. Neste sentido, que os nenos aprendan a comunicarse cos demais e a comprender o que outros lles transmiten é fundamental para formar a súa dimensión social. Ademais, a lingua tamén permite aos nenos tomar contacto con outras realidades diferentes á súa e facilita a erradicación de prexuízos e imaxes estereotipadas.</p> <p><b>Competencia cultural e artística.</b> Desde a área de <i>Lingua galega e castelá</i> contribúese ao desenvolvemento desta competencia mediante a lectura e a valoración de obras literarias de diferentes épocas e culturas. Ademais, o traballo a partir dos debuxos e das fotografías que acompañan aos textos permite desenvolver habilidades propias da educación artística. Finalmente, inclúense propostas para realizar actividades de creación plástica a partir dalgúns contidos lingüísticos.</p> <p><b>Competencia para aprender a aprender.</b> O uso correcto da lingua é unha das ferramentas básicas da aprendizaxe. A lectura posibilita o acceso ao coñecemento, e a escritura permite a súa reelaboración e asimilación. Cuestións como a mellora da velocidade lectora ou a comprensión, así como a correcta expresión dos coñecementos, contribúen ao desenvolvemento desta competencia. Por outra banda, a presenza de actividades que desenvolven un programa específico de Estudo <i>eficaz</i> (subliñado, identificación de ideas principais, elaboración de resumos e esquemas, etc.) apuntan directamente ao desenvolvemento desta competencia básica. Por outra banda, a presenza de actividades que desenvolven un programa específico de Estudo <i>eficaz</i> (subliñado, identificación de ideas principais, elaboración de resumos e esquemas, etc.) apuntan directamente ao desenvolvemento desta competencia básica.</p> <p><b>Autonomía e iniciativa persoal.</b> O traballo na área de <i>Lingua galega e castelá</i> expónse de modo que poida ser realizado autonomamente, pedindo aos nenos que demostren o que poden realizar cos coñecementos lingüísticos que posúen ata ese momento. Así mesmo, a proposta de actividades que obrigan os nenos a pórse no lugar doutros ou a decidir entre varias cuestións promoven o desenvolvemento desta competencia.</p>
---	---	---

### 4.1.2 Obxectivos Xerais. Lingua galega

1. Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.
2. Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
3. Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.
4. Usar, en situacións relacionadas coa escola e coa súa actividade, as diversas clases de escritos coa axuda dos cales se produce a comunicación, tanto entre as persoas como destas coas institucións públicas ou privadas.
5. Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.
6. Utilizar adecuadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o desfrute e o pracer de ler, así como para a obtención de informacións variadas.
7. Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria galega para desenvolver hábitos lectores.
8. Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil e xuvenil galega adecuados en canto á temática e complexidade e iniciarse no coñecemento das convencións específicas da linguaxe literaria.
9. Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia como mostra de identidade de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor.
10. Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e sobre as normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.
11. Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

### 4.1.3 Secuenciación de obxectivos. Lingua galega

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p><b>Escoitar e falar</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Expresarse oralmente de maneira clara, narrando experiencias propias, ideas, situacións reais e imaxinarias, etc.</li> <li>3. Participar en diálogos, conversas, charlas de clase, etc., respectando as normas que facilitan o intercambio comunicativo (esperar o momento de intervención, respectar as opinións dos demais, etc.).</li> <li>4. Comprender as ideas expresadas en textos orais (contos, lendas, poemas, adiviñas, etc.), relacionándoas coas propias ideas e experiencias.</li> <li>5. Comprender un texto adecuado á idade.</li> <li>6. Escoitar e comprender a expresión oral dos demais.</li> <li>7. Comprender e utilizar adecuadamente o vocabulario apropiado á súa idade en diferentes situacións.</li> <li>8. Distinguir e pronunciar todos os sons correctamente.</li> <li>9. Representar e recitar textos orais coa articulación, a entoación e o ritmo adecuados, de forma comprensiva e expresiva e de acordo</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Valorar e estimar a lingua galega e usala como medio de transmisión en todas as situacións da súa vida cotiá.</li> <li>2. Respectar aqueles interlocutores que utilicen unha lingua diferente.</li> <li>3. Apreciar a existencia doutras linguas e desenvolver unha actitude positiva cara a elas.</li> <li>4. Respectar distintos usos de lingua.</li> <li>5. Escoitar e comprender mensaxes orais diversas máis amplas e complexas vinculadas aos seus centros de interese e ás súas experiencias.</li> <li>5. Aplicar a comprensión de textos orais e escritos a novas situacións de comunicación.</li> <li>6. Captar o senso xeral de textos orais e escritos diferenciando os datos esenciais dos detalles superfluos.</li> <li>7. Interpretar e producir mensaxes nas que se combinen, ademais dos recursos expresivos empregados no primeiro ciclo, imaxes, debuxos, sons... mostrando unha intención comunicativa.</li> </ol>	<p><b>Escoitar e falar</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Ler calquer texto con fluidez e de forma comprensiva.</li> <li>2. Comprender textos orais interpretando os seus principais elementos estruturais e de contido.</li> <li>3. Escoitar, memorizar e producir textos da literatura popular. Valorar o texto literario oral como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.</li> <li>4. Usar as formas de cortesía na expresión oral.</li> <li>5. Producir mensaxes orais de forma organizada.</li> <li>6. Aceptar as normas básicas da comunicación oral e respectar outras opinións.</li> <li>7. Expresar de forma razoada as propias ideas e opinións.</li> </ol> <p><b>Ler e escribir</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Presentar os traballos con orde, claridade e limpeza.</li> </ol>

<p>cos usos e as normas lingüísticas da lingua galega</p> <p>10. Utilizar correctamente as estruturas lingüísticas básicas.</p> <p><b>Ler e escribir</b></p> <p>1. Escribir textos sinxelos e breves empregando oracións curtas e utilizando palabras do vocabulario propio da idade.</p> <p>2. Ler textos coa articulación, o ritmo, a fluidez, a expresividade e a seguridade necesarios e ser capaz de extraer algunha información específica: identificar personaxes, explicar o argumento, interpretar as instrucións das actividades, etc.</p> <p>3. Iniciarse na adquisición e o hábito do gusto pola lectura</p> <p>4. Utilizar a biblioteca para fomentar o gusto pola lectura e o hábito lector.</p> <p>5. Promover o hábito do recurso do dicionario para ampliar o vocabulario.</p> <p>6. Utilizar a linguaxe como instrumento de aprendizaxe para memorizar, anotar, preguntar, comprender, responder...</p> <p>7. Explorar as posibilidades expresivas e orais da lingua para desenvolver a propia personalidade e a sensibilidade estética, buscando canles de comunicación creativas no uso autónomo e persoal da linguaxe.</p> <p>8. Utilizar os coñecementos de lecto-escritura para a comprensión de textos e o intercambio de experiencias e sentimentos.</p> <p>9. Utilizar indicadores sinxelos na lectura de textos (ilustracións, títulos, etc.) para formular conxecturas sobre o seu contido.</p> <p>10. Comprender o sentido global de textos de nivel adecuado e responder, oralmente e por escrito, a preguntas que demostren dita comprensión.</p> <p>11. Redactar textos breves (narracións, notas...) coas grafías adecuadas, os signos de puntuación correspondentes, as palabras separadas, etc., e presentando o escrito de forma clara e limpa.</p> <p>12. Expresarse por escrito, dominando a ortografía natural e as normas básicas da lingua escrita.</p> <p><b>Reflexionar sobre a lingua</b></p> <p>1. Manipular a lingua oral e escrita de maneira simple: transformar oracións (afirmativas en negativas), substituír palabras polos seus sinónimos, ordenar frases, recoñecer palabras que expresan accións, nomes, cualidades, etc.</p> <p>2. Familiarizarse con algunhas reflexións elementais sobre a importancia da linguaxe, do seu correcto uso e das súas regras.</p> <p>3. Escoitar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñas, cancións, contos, trabalinguas, etc.).</p> <p>4. Valorar estas expresións como un feito cultural enriquecedor.</p> <p>5. Recuperar o uso normalizado da lingua galega nos casos nos</p>	<p>8. Memorizar e interpretar textos orais sinxelos (poemas, cancións, adiviñas, trabalinguas...).</p> <p>9. Profundar no desenvolvemento da expresión oral en diferentes situacións de comunicación, producindo textos máis complexos e con vocabulario máis rico.</p> <p>10. Expresar as súas vivencias e experiencias dun xeito creativo a través de textos narrativos e descritivos, empregando procedementos sinxelos que dean cohesión ao texto.</p> <p>11. Prestar atención ás mensaxes non explícitas dos medios de comunicación.</p> <p>12. Coñecer e analizar os elementos característicos dos medios de comunicación.</p> <p>13. Interpretar mensaxes nas que aparecen recursos expresivos non lingüísticos.</p> <p>14. Aprender a buscar información para resolver dúbidas en libros de consulta, da biblioteca, manexar fichas e ficheiros.</p> <p>15. Afeccionarse á lectura para divertirse e coñecer un mundo distinto de aventuras, comparándoo coas súas propias experiencias para poder amplialas.</p> <p>16. Ler con fluidez e comprender textos máis extensos e complexos.</p> <p>17. Descubrir que a lectura é un medio para adquirir información ao mesmo tempo que lle serve para perfeccionar e enriquecer a súa lingua.</p> <p>18. Ampliar as posibilidades creativas e expresivas da lingua a partir da creación de textos, para aumentar a sensibilidade estética e formar a súa propia personalidade, tendo como modelos textos literarios ou partindo de textos creados por eles mesmos.</p> <p>19. Achegarse á literatura para desenvolver a sensibilidade estética e estimular a imaxinación.</p> <p>20. Valorar a lingua oral e escrita como instrumento para conservar de modo estable e permanente a información; así como medio para a revisión e mellora das súas propias producións.</p> <p>21. Utilizar progresivamente a linguaxe oral e escrita como instrumento de planificación de actividades de ensinanza-aprendizaxe en todas as áreas.</p> <p>22. . Recoñecer e identificar que determinados usos de lingua, en textos orais e escritos, ofrecen valoracións distintas con respecto á relación entre sexos, entre clases</p>	<p>2. Afondar na habilidade lectora que facilita a comprensión e a interpretación dos textos.</p> <p>3. Aplicar estratexias de lectura os diferentes tipos de textos.</p> <p>4. Recoñecer os elementos estruturais básicos dos textos.</p> <p>5. Coñecer e utilizar diferentes recursos e fontes de información.</p> <p>6. Apreciar a lectura como fonte de información, de entretemento e de pracer.</p> <p>7. Utilizar a linguaxe escrita na produción de textos con diferente finalidade atendendo a súa estrutura.</p> <p>8. Organizar graficamente a información de textos informativos.</p> <p>9. Preocuparse por escribir con precisión, claridade, corrección, orde e limpeza.</p> <p>10. Dominar e utiliza o vocabulario sobre temas dados.</p> <p><b>Reflexionar sobre a lingua</b></p> <p>1. Comprender os conceptos de linguaxe, lingua, linguas románicas e linguas oficiais.</p> <p>2. Diferenciar entre frase e oración.</p> <p>3. Identificar suxeito e predicado. Recoñecer grupo do suxeito e do predicado.</p> <p>4. Complementos do verbo. Atributo.</p> <p>5. Coñecer e diferenciar as clases de palabras: nomes, verbos (regulares, irregulares, auxiliares), adxectivos, determinantes, preposición e conxunción.</p> <p>6. Identificar os lexemas, morfemas e desinencias.</p> <p>7. Recoñecer seseo e gheada como trazos da lingua oral.</p> <p>8. Recoñecer nun poema ritmo, rima, verso, estrofa.</p> <p>9. Coñecer algúns recursos poéticos: metáfora, comparación.</p> <p>10. Recoñecer e aplicar sinónimos, antónimos, palabras polisémicas, homófonas, xentilicios, topónimos, ...</p> <p>11. Recoñecer un texto polas súas características: descrición, diálogo, retrato, biografía, ... conto,</p>
--	---	---

<p>que se fai un uso restrinxido</p> <p>6. Recoñecer e apreciar a unidade e a diversidade lingüísticas, respectando as peculiaridades dos diferentes rexistros e variedades lingüísticas de Galicia dentro da realidade plurilingüe de España, valorando esta diversidade como un feito dela.</p> <p>7. Coñecer os problemas que orixina o contacto entre linguas, asumindo a necesidade do emprego do código estándar.</p> <p>8. Ser capaz de comprender e producir textos sinxelos nos que se utilice a linguaxe verbal e a non verbal (música, imaxe, etc.) cunha intención comunicativa determinada, respectando certa organización temporal, espacial e lóxica na confección dos mesmos.</p> <p>9. Examinar con criterio crítico diversos tipos de medios de comunicación.</p> <p>10. Distinguir usos racistas, sexistas e outros estereotipos que se atopan na linguaxe, en conversas, audicións, contos e imaxes, e introducir as autocorreccións pertinentes.</p>	<p>sociais e entre razas.</p> <p>23. Buscar expresións alternativas para substituír aqueles termos que comporten calquera tipo de discriminación.</p> <p>24. Recoñecer e empregar un vocabulario que satisfaga as súas capacidades comunicativas, sendo capaces de clasificalo e relacionalo.</p> <p>25. Mostrar unha actitude crítica cara aos usos de lingua que comporten calquera tipo de discriminación.</p>	<p>novela ou texto teatral.</p> <p>12. Coñecer os xéneros literarios: narrativa, teatro e poesía.</p> <p>13. Buscar, localizar e seleccionar información en soportes variados dictionarios, enciclopedias, xornais, INTERNET.</p>
---	---	---

#### 4.1.4 Secuenciación de Contidos. Lingua galega

##### Bloque 1. escoitar e falar

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Participación e cooperación en situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala, actitude receptiva de escoita e respecto ás opinións das demais persoas).</p> <p>2. Uso de fórmulas e de tratamento adecuado para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.</p> <p>3. Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio e da televisión para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil.</p> <p>4. Comprensión e produción de textos orais para aprender, tanto os producidos con finalidade</p>	<p>1. Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (expresión espontánea, asemblea, informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento de tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos adecuados).</p> <p>2. Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos.</p> <p>3. Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións na clase).</p> <p>4. Produción de textos orais para expresar ideas, sentimentos, emocións, desexos, opinións e vivencias, e para elaborar plans.</p>	<p>1. Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, respecto ás opinións dos demais, ton de voz, posturas e xestos adecuados).</p> <p>2. Comprensión de textos orais da radio, da televisión ou da internet para obter información sobre feitos e acontecementos e distinguindo información de opinión.</p> <p>3. Interpretación elemental en textos orais da retransmisión, da ironía e de dobres sentidos.</p> <p>4. Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, de carácter informal e dun maior grao de formalización.</p> <p>5. Produción de textos orais propios dos medios de comunicación social para ofrecer e compartir información e opinión.</p> <p>6. Uso de estratexias para comprender e facer</p>

<p>didáctica coma os cotiáns (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicacións sobre a organización do traballo).</p> <p>5. Comprensión de informacións audiovisuais procedentes de diferentes soportes establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas.</p> <p>6. escoita de textos procedentes da literatura oral galega.</p> <p>7. Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, pronuncia e entoación adecuados.</p> <p>8. Dramatización de situacións presentadas en textos literarios.</p> <p>9. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.</p> <p>10. Interese por expresarse oralmente con pronuncia e entoación adecuadas.</p> <p>11. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, en especial as referentes ao xénero, ás razas ou ás etnias.</p>	<p>5. Uso de estratexias elementais para comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e formulación de preguntas coherentes.</p> <p>6. Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais.</p> <p>7. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (respecto das opcións de quen fala, non interrupcións inadecuadas, contacto visual).</p> <p>8. escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos).</p> <p>9. Valoración e aprecio do texto literario oral galego como fonte de coñecemento da propia cultura e como recurso de disfrute persoal.</p> <p>10. Sensibilidade estética ante elementos imaxinativos, emotivos e creativos da literatura oral galega.</p> <p>11. Dramatización de situacións e de textos literarios diversos.</p> <p>12. Utilización de documentos audiovisuais para obter, seleccionar e relacionar informacións relevantes identificando, clasificando e comparando.</p> <p>13. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.</p> <p>14. Interese por expresarse oralmente con claridade, exposición ordenada, pronuncia e entoación adecuadas.</p> <p>15. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</p> <p>16. Uso de fórmulas e de tratamento adecuado para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.</p>	<p>comprender as mensaxes orais: fluidez, claridade, orde, pronuncia correcta, ton de voz, entoación, incorporación das intervencións das demais persoas ...</p> <p>7. Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais (acenos, miradas).</p> <p>8. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta).</p> <p>9. escoita, memorización e produción de textos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos, ...).</p> <p>10. Valoración e aprecio do texto literario oral galego como vehículo de comunicación, e de coñecemento da nosa cultura e como recurso de disfrute persoal.</p> <p>11. Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e a experiencias doutras persoas.</p> <p>12. Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar e relacionar informacións relevantes para aprender.</p> <p>13. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.</p> <p>14. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.</p> <p>15. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</p> <p>16. Uso de fórmulas e de tratamento adecuado para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.</p>
---	--	---

### Bloque 2. Ler e escribir

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou SMS.</p> <p>2. Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente noticias.</p> <p>3. Localización de informacións en textos para aprender, vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de</p>	<p>1. Comprensión de información relevante en textos de situacións cotiás de relación social, como correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte, normas de uso da biblioteca ou regras de xogos.</p> <p>2.. Comprensión de información xeral en textos procedentes de medios de comunicación social (incluídas webs infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas.</p> <p>3. Comprensión de información relevante en textos para</p>	<p>1. Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia, normas, convocatorias.</p> <p>2. Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) para obter información xeral, localizando informacións destacadas.</p> <p>3. Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso</p>

<p>uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).</p> <p>4. Utilización e valoración de aspectos iconográficos e tipográficos como axuda á localización e comprensión de información textual.</p> <p>5. Integración de coñecementos e informacións procedentes de diferentes soportes textuais para aprender, identificando, clasificando e comparando.</p> <p>6. Producción e reescritura de textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características usuais destes xéneros.</p> <p>7. Composición de textos propios dos medios de comunicación social e /ou dos seus elementos (novas, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar.</p> <p>8. Composición de textos relacionados coa escola para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, listaxes, descrições, explicacións elementais).</p> <p>9. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.</p> <p>10. Valoración da autonomía lectora, interese pola elección de temas e de textos, pola comunicación das preferencias persoais, e pola apreciación do texto literario como recurso de desfrute persoal.</p> <p>11. Recreación e reescritura de textos narrativos (contos) e de carácter poético (adiviñas, refráns, trabalinguas, cantigas, xogos de sortes...) usando modelos.</p> <p>12. Adquisición progresiva das convencións do código escrito.</p> <p>13. Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos.</p> <p>14. Interese pola escritura como instrumento de relación e de aprendizaxe.</p> <p>15. Interese pola presentación coidada e polo uso de normas ortográficas en textos escritos.</p> <p>16. Iniciación ao uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos</p>	<p>aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica coma os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).</p> <p>4. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información identificando, clasificando, comparando e interpretando.</p> <p>5. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións...) de acordo coas características propias destes xéneros.</p> <p>6. Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, en situacións reais ou simuladas, así como nos SMS.</p> <p>7. Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...)</p> <p>8. Uso das estratexias de planificación, de actualización e de revisión como partes do proceso escritor.</p> <p>9. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.</p> <p>10. Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía).</p> <p>11. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos.</p> <p>12. Introducción ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, hipotetización, relectura...)</p> <p>13. Lectura guiada e expresiva de textos narrativos de literatura infantil galega, adaptacións de obras literarias clásicas e de literatura actual en diversos soportes.</p> <p>14. Comprensión, memorización e recitado de poemas, co ritmo, pronuncia e a entoación adecuados.</p> <p>15. Recreación e composición de poemas e de relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.</p> <p>16. Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.</p>	<p>social (folletos, prensa).</p> <p>4. Utilización de elementos gráficos para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos, táboas).</p> <p>5. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender, comparando, clasificando, identificando e interpretando os datos que se transmiten mediante gráficos, esquemas e ilustracións.</p> <p>6. Esquematación da información dun texto.</p> <p>7. Uso das estratexias de planificación, de actualización (formato, ortografía, normas lingüísticas) e revisión dentro do proceso escritor.</p> <p>8. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia, convocatorias) de acordo coas características propias destes xéneros.</p> <p>9. Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre acontecementos e feitos, con especial incidencia na noticia, na entrevista, no comentario sobre libros ou música, en situacións reais ou simuladas.</p> <p>10. Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, enquisas, informes).</p> <p>11. Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de desfrute persoal, de resolución de problemas.</p> <p>12. Lectura: -Expresiva de textos de diferente tipoloxía textual non literaria. -Persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e intereses (conto, cómic, novela). -Guiada de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes. -Comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais.</p> <p>13. Uso das estratexias de control do proceso lector (anticipación, hipóteses, relectura...)</p> <p>14. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.</p> <p>15. Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación e fonte de aprecio da cultura e como recurso de desfrute persoal.</p>
--	--	--



<p>textuais diversos.</p> <p>17. Introducción ao uso das bibliotecas do centro e da aula, como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e para o coñecemento.</p> <p>18. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.</p>	<p>17. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.</p> <p>18. Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de desfrute persoal.</p> <p>19. Elaboración e reescritura de textos literarios (contos, cómics, poesías) e non literarios.</p> <p>20. Interese polo coidado e pola presentación dos textos escritos, así como atención ás normas ortográficas.</p> <p>21. Utilización de estratexias de resolución de dificultades léxicas e/ou ortográficas (uso de dicionarios variados en diversos soportes).</p> <p>22. Dramatización e lectura dramatizada de situacións e de textos diversos.</p> <p>23. Coñecemento do funcionamento da biblioteca do centro e participación en actividades literarias.</p> <p>24. Iniciación á creación dunha biblioteca persoal.</p> <p>25. Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.</p> <p>26. Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación e das bibliotecas para obter información e modelos para a composición escrita e para a lectura.</p>	<p>16. Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, lembranzas.</p> <p>17. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.</p> <p>18. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.</p> <p>19. Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.</p> <p>20. Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.</p> <p>21. Uso autónomo de programas informáticos de procesamento de textos e corrección ortográfica.</p> <p>22. Uso da biblioteca do centro, con coñecemento da súa organización e participando en actividades literarias e na elaboración de propostas.</p> <p>23. Creación da biblioteca persoal.</p> <p>24. Uso das bibliotecas para obter información e modelos para a produción escrita.</p> <p>25. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios.</p>
--	--	--

### Bloque 3: Reflexionar sobre a lingua

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Recoñecemento do papel das situacións sociais como factor condicionante dos intercambios comunicativos.</p> <p>2. Identificación dos contextos nos cales a comunicación se produce mediante textos escritos e valoración da escritura en determinados ámbitos.</p> <p>3. Identificación de textos de uso cotián na aula a partir de elementos paratextuais e textuais.</p> <p>4. Observación das diferenzas entre a lingua oral e a escrita.</p> <p>5. Recoñecemento da relación entre son e graffía no sistema lingüístico galego.</p> <p>6. Identificación da palabra como instrumento básico para a segmentación da escritura.</p>	<p>1. Recoñecemento dos elementos do contexto comunicativo como factores que inciden na selección das formas orais ou escritas de intercambio comunicativo.</p> <p>2. Identificación de estruturas narrativas, descritivas, instrutivas e explicativas sinxelas para a comprensión e composición de textos.</p> <p>3. Recoñecemento das diferenzas máis relevantes entre lingua oral e escrita.</p> <p>4. Coñecemento das regras ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.</p> <p>5. Conciencia positiva da variedade lingüística existente no contexto escolar e social.</p> <p>6. Coñecemento da diversidade lingüística e valoración positiva desta riqueza.</p> <p>7. Comparación de textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega.</p> <p>8. Comparación e transformación de enunciados, mediante</p>	<p>1. Identificación das relacións entre os elementos do contexto e as formas lingüísticas en que se manifestan os discursos orais e escritos.</p> <p>2. Identificación en situacións comunicativas de participantes, lugares, para reflexionar sobre as diferentes variables que inciden na comunicación.</p> <p>3. Recoñecemento de estruturas narrativas, descritivas para a comprensión e composición.</p> <p>4. Identificación dos mecanismos que favorecen a comprensión lectora.</p> <p>5. Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de usalas nos escritos.</p> <p>6. Uso de procedementos de derivación, de comparación para xeneralizar as normas ortográficas.</p> <p>7. Valoración das variedades lingüísticas da lingua galega.</p> <p>8. Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, para facilitar o</p>

<p>7. Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas.</p> <p>8. Substitución, inserción, supresión, cambio de orde e segmentación de elementos lingüísticos no funcionamento dos enunciados e textos para adquirir novos recursos.</p> <p>9. Inicio á reflexión sobre as estratexias de planificación, textualización e revisión como partes do proceso escritor.</p> <p>10. Inicio na identificación implícita e uso dos termos seguintes en actividades de produción e de interpretación: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, nome común e nome propio.</p> <p>11. Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos</p>	<p>inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para vulgar a gramaticalidade dos resultados e facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.</p> <p>9. Uso e definición intuitiva nas actividades de produción e de interpretación da terminoloxía seguinte: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes, cuantificadores, tempos verbais (pasado, presente, futuro).</p> <p>10. Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos e de antónimos en relación coa comprensión e coa produción de textos.</p> <p>11. Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.</p> <p>12. Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita.</p> <p>13. Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa, oposición, contradición...) en relación coa composición de textos.</p> <p>14. Identificación funcional das modalidades oracionais declarativa, interrogativa e exhortativa.</p> <p>15. Identificación intuitiva de suxeito e de predicado e dalgúns papeis semánticos do suxeito (axente, paciente).</p>	<p>desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.</p> <p>9. Comparación de textos orais e escritos producidos nas variedades da lingua galega.</p> <p>10. Comparación entre aspectos das linguas que o alumnado coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos en lingua galega.</p> <p>11. Uso e identificación da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; sílaba tónica e átona; enunciados: frase e oración; tipos de enunciado: interrogativo, exclamativo; enlaces: preposición e conxunción; grupo de palabras: núcleo e complementos; adxectivo; tempo verbal; persoa gramatical; suxeito e predicado; complementos do nome e complementos do verbo.</p> <p>12. Comparación de estruturas sintácticas para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.</p> <p>13. Observación da inserción e coordinación de oracións como procedementos propios da explicación tanto na escritura como na expresión oral.</p> <p>14. Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (causa, consecuencia, finalidade, ...) en relación coa composición de textos.</p> <p>15. Identificación, en oracións, de suxeito e de predicado, e do papel semántico do suxeito.</p> <p>16. Práctica do paso de estilo directo a estilo indirecto na narración.</p>
--	---	---

#### 4.1.5. Secuenciación dos criterios de avaliación. Lingua Galega

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Participa en situacións comunicativas da aula tomando en consideración os hábitos e as regras que rexen estas situacións. Usa fórmulas e tratamento adecuados para saudar, despedirse, presentarse, escusarse e solicitar axuda.</p> <p>2. Comprende textos orais de uso habitual procedentes de diferentes soportes, identificando a información máis relevante. Usa estratexias elementais para comprender as mensaxes que se escoitan, atendendo a sinais relevantes como o ton de voz ou os</p>	<p>1. Participa en situacións comunicativas que se dan na aula (reais ou simuladas) e que correspondan a diversa tipoloxía (conversa, expresión espontánea, asemblea, debate) e a diversos obxectivos comunicativos, respectando as normas que rexen estas situacións.</p> <p>2. Comprende textos orais de uso cotián, extraendo o senso global das mensaxes orais. Usa estratexias elementais para comprender as mensaxes que escoitan as nenas e os nenos atendendo a sinais relevantes como o ton de voz, a entoación, os xestos, e formulando preguntas coherentes que axuden á comprensión. <i>Avalíase especialmente o recoñecemento de ideas principais, a habilidade de seleccionar a información necesaria segundo o obxectivo e a capacidade para facer algunhas deducións a partir do escoitado.</i></p> <p>3. Produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...)</p>	<p>1. Participa nas situacións de intercambio oral que se producen na aula observando as actitudes adecuadas e autorregulando as estratexias que fan efectiva a comunicación. Amosa interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións e usa nexos axeitados.</p> <p>2. Le expresivamente textos de diversa tipoloxía con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta</p>

<p>xestos e formulando preguntas sobre o que non se comprende ben.</p> <p>3. Expresa oralmente vivencias, feitos, sentimentos ou emocións, e comunica mensaxes de xeito organizado, usando a entoación, a pronuncia e o léxico máis adecuados para cada contexto.</p> <p>4. Coñece e reproduce textos de literatura oral, especialmente a popular.</p> <p>5. Localiza información concreta e realiza inferencias directas na lectura de textos.</p> <p>6. Produce e reescribe textos diferentes e diversos con variados obxectivos comunicativos, seguindo modelos e observando estratexias de planificación, textualización (coidando as normas ortográficas elementais e os aspectos básicos da organización textual) e revisión de escritos. Inicia o uso do procesador de texto para composicións sinxelas..</p> <p>7. Le textos diversos dos traballados e creados na aula, con descodificación e entoación axeitada, coa finalidade de desfrutar e/ou aprender coa escoita lectora. <i>Preténdese avaliar a capacidade de ler comprensivamente en voz alta, logo de lectura silenciosa, textos coñecidos, facendo fincapé fundamentalmente na entoación e na expresividade.</i></p> <p>8. Aмосa iniciativa e interese pola lectura.</p> <p>9. Identifica mudanzas que se producen nas palabras, enunciados e textos facendo substitucións, supresións, cambios de orde observa as modificacións que se poden dar na comprensión e na expresión escrita.</p> <p>10. Identifica intuitivamente texto, enunciado, palabra, nome común, nome propio, masculino e feminino, singular e plural en actividades relacionadas coa produción e comprensión de textos.</p>	<p>presentando coherentemente ideas, estados de ánimo, sentimentos, emocións, feitos, vivencias e opinións.</p> <p><i>Téntase constatar a capacidade para expresarse en diferentes contextos comunicativos usando o léxico, as formas lingüísticas, o ton, a entoación e a pronuncia axeitados, e a de iniciar e soste unha interacción comunicativa. Atenderase á coherencia e á potenciación da mensaxe con aspectos non verbais como xestos, posturas ou movementos.</i></p> <p>4. Memoriza e reproduce textos orais propios da literatura popular galega empregando a pronuncia e entoación adecuadas.</p> <p>5. Detecta e comprende a información explícita en textos escritos (en soporte papel ou dixital) realizando inferencias directas sobre o seu contido.</p> <p>6. Interpreta as ideas contidas nos textos escritos habituais (expositivos, informativos, instrutivos e literarios), tanto en formato impreso como multimedia, integrándoas nos seus propios esquemas de coñecemento.</p> <p><i>Comprobarase se o alumnado establece relacións entre os seus coñecementos previos e as súas experiencias e a información contida no texto. Verificarase o uso de estratexias de comprensión baseadas na anticipación de hipóteses, na explicitación dos obxectivos ou propósitos lectores, na interpretación de indicadores textuais, paratextuais e contextuais e de estratexias de resolución de dificultades léxicas (uso de dicionarios, dedución polo contexto) e de integración (reler, retroceder). Así mesmo, observarase se a nena ou o neno é quen de formular xuízos persoais sobre os textos lidos, de contrastar a información procedente de textos de contido similar e de esquematizar, con axuda de modelos, a información.</i></p> <p>7. Elaborar e reescribir textos escritos de diferente tipoloxía e formato (impreso e/ou multimedia) acordes a diversas situacións funcionais cotiás (cartas, avisos, solicitudes, instrucións, normas, anuncios, noticias) e literarias (contos, poesías, cómics) empregando estratexias de planificación, de textualización e de revisión de escritos.</p> <p>8. Le expresivamente textos de tipoloxía variada (entre os traballados e/ou elaborados na aula) con fluidez e entoación adecuadas vinculadas á puntuación e á intencionalidade e coa velocidade apropiada segundo o tipo de texto e o obxectivo lector (ler para deleitar outras persoas, ler para dar a coñecer un texto propio, ler para compartir información dun texto único na aula).</p> <p>9. Coñece textos de literatura infantil galega (poesía, cómics, contos...) adecuados ao ciclo, coa finalidade de desfrutar coa lectura e de uso como modelo para as propias reescrituras, reelaboracións e producións escritas.</p> <p>10. Emprega as bibliotecas de aula e de centro con certa autonomía, como fonte de información e como lugar que proporciona recursos relacionados coa lectura por pracer.</p> <p>11. Identifica en textos orais e escritos de uso cotián termos e usos que poidan supoñer discriminación.</p> <p>12. Compara textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua</p>	<p>(ler para que alguén desfrute escoitando, ler para dar a coñecer un texto, ler para compartir información) facendo participar a audiencia da súa interpretación.</p> <p>3. Comprende o sentido global dun texto e responde a preguntas sobre o seu contido e recoñece os seus elementos: espazo, tempo, personaxes, narrador.</p> <p>4. Emprega fórmulas de cortesía.</p> <p>5. Localiza palabras no dicionario.</p> <p>6. Comprende os conceptos de linguaxe e lingua.</p> <p>7. Recoñece a frase e a oración como dous tipos de enunciados.</p> <p>8. Identifica suxeito e predicado como compoñentes da oración e recoñece os seus núcleos.</p> <p>9. Segmenta palabras en sílabas e clasificaas.</p> <p>10. Recoñece a sílaba tónica e clasifica as palabras segundo a sílaba acentuada.</p> <p>11. Diferencia lexema e morfema.</p> <p>1 2. Recoñece nomes, determinantes, adxectivos, verbos, adverbios, preposicións e conxuncións.</p> <p>13. Identifica as partes dun conto.</p> <p>14. Diferencia os graos do adxectivo.</p> <p>15. Coñece as conxugacións e sabe conxugar calquera verbo regular.</p> <p>16. Identifica palabras sinónimas, antónimas, homónimas, topónimos, xentilicios.</p> <p>17. Distingue información de opinión e reflexiona sobre as técnicas empregadas no proceso de comprensión.</p> <p>18. Exprésase oralmente con corrección empregando os recursos lingüísticos e non lingüísticos que cumbran.</p> <p>19 Recoñece a utilidade de técnicas non verbais para facerse entender.</p> <p>20. Produce textos orais a partir de textos preexistentes da literatura.</p> <p>21. Produce textos escritos instrutivos,</p>
---	--	--

	<p>galega respetando  <i>Respecta variedades da lingua galega partindo da súa realidade máis inmediata e recoñece a diversidade lingüística como riqueza cultural.</i></p> <p>13. Reflexiona sobre como algúns cambios nas palabras, enunciados e textos producen modificacións comprensivas e expresivas.  <i>Usa estes recursos nas propias producións escritas e orais.</i></p> <p>14. Utiliza, de xeito intuitivo, terminoloxía relacionada coa tipoloxía textual, os tempos verbais (presente, futuro e pasado), os adxectivos cualificativos, os determinantes e algúns aspectos relativos á semántica, como antónimos e sinónimos, cando se realicen actividades de comprensión e de expresión orais e escritas.</p> <p>15. Usa as experiencias coas diversas linguas que o alumnado coñece ou está a aprender para realizar análises e comparacións que lle permitan establecer melloras na súa expresión e comprensión en lingua galega.</p>	<p>expositivos, informativos, literarios ...  empregando estratexias de planificación, textualización (coherencia, cohesión, corrección ortográfica e gramatical) e revisión do escrito.</p> <p>22. Busca, localiza e selecciona información explícita en textos escritos de soportes variados (webs, libros, carteis.</p> <p>23. Usa as bibliotecas da aula e do centro con autonomía, comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora.</p> <p>24. Establece relacións entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.</p>
--	---	--

## 4.2 Área de Lingua Castelá

### 4.2.1 Competencias básicas. Lingua castelá

O alumnado ha de conseguir igual competencia lingüística en lingua castelá que en lingua galega . (Ver as competencias lingüísticas na área de lingua galega)

### 4.2.2 Obxectivos Xerais. Lingua castelá

1. Comprender e expresarse oralmente e por escrito de xeito adecuado nos diferentes contextos da actividade social e cultural cotiá.
2. Utilizar a lingua oral de xeito adecuado na actividade social e cultural adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
3. Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar tanto para buscar, recoller, seleccionar, contrastar, transformar e procesar información, como para escribir textos propios do ámbito académico.
4. Usar, en situacións relacionadas coa escola e coa súa actividade, as diversas clases de escritos coa axuda dos que se produce a comunicación, tanto entre as persoas como destas coas institucións públicas ou privadas.
5. Utilizar os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, interpretar e valorar informacións e opinións diferentes.
6. Utilizar adecuadamente a biblioteca e os seus diferentes departamentos como fonte de recursos variados para o disfrute e o pracer de ler, así como para a obtención de informacións variadas.
7. Utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal, e aproximarse a obras relevantes da tradición literaria para desenvolver hábitos lectores.
8. Comprender textos literarios de xéneros diversos procedentes da literatura infantil e xuvenil adecuados en canto á temática e a complexidade e iniciarse no coñecemento das convencións específicas da linguaxe literaria.
8. Facer uso dos coñecementos sobre a lingua e das normas de uso lingüístico para escribir e falar de maneira adecuada, coherente e correcta e para comprender textos orais e escritos.
9. Reflexionar sobre os diferentes usos sociais das linguas para evitar estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

### 4.2.3 Secuenciación de obxectivos. Lingua castelá

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
1. Comprender as ideas expresadas en textos orais (contos, lendas, poemas, adiviñas, etc.), relacionándoas coas propias ideas e experiencias. 2. Comprender un texto axeitado á idade. 3. escoitar e comprender a expresión oral dos demais. 4. Comprender e utilizar axeitadamente o vocabulario apropiado á súa idade en diferentes situacións.	1 Comprender discursos orais e escritos máis extensos e complexos que no ciclo anterior, ampliando os temas de interese, mantendo a atención e unha actitude crítica. 2. Diferenciar as ideas esenciais das accesorias. 3 Analizar os aspectos sinxelos do texto (estrutura do discurso, vocabulario, intención, etc.) 4. Expresarse oralmente e por escrito axeitadamente en situacións formais e informais, ampliando os contextos e interlocutores coñecidos e descoñecidos. 5. escoitar e relatar experiencias presentes e pasadas, respectando os aspectos normativos da lingua.	1. Ler calquer texto con fluidez e de forma comprensiva. 2. Comprender textos orais interpretando os seus principais elementos estruturais e de contido. 3. escoitar, memorizar e producir textos da literatura popular. Valorar o texto literario oral como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.

<p>5. Distinguir e pronunciar todos os sons correctamente.</p> <p>6. Representar e recitar textos orais coa articulación, o ton e o ritmo axeitados, de forma comprensiva e expresiva e de acordo cos usos e as normas da modalidade lingüística da comunidade autónoma.</p> <p>7. Utilizar correctamente as estruturas lingüísticas básicas.</p> <p>8. Escribir textos sinxelos e breves empregando oracións curtas e utilizando palabras do vocabulario propio da idade.</p> <p>9. Expresarse oralmente de xeito claro, narrando experiencias propias, ideas, situacións reais e imaxinarias, etc.</p> <p>10. Aceptar as achegas dos demais, respectando as normas do intercambio comunicativo de forma activa.</p> <p>11. Participar en diálogos, conversacións, charlas de clase, etc., respectando as normas que facilitan o intercambio comunicativo (esperar o momento de intervención, respectar as opinións dos demais, etc.).</p> <p>12. Utilizar a linguaxe como instrumento de aprendizaxe para memorizar anotar, preguntar, comprender responder.</p> <p>13. Redactar textos breves (narracións, notas...) coas grañas adecuadas, os signos de puntuación correspondentes, as palabras separadas, etc., e presentando o escrito de forma clara e limpa.</p> <p>14. Expresarse por escrito, dominando a ortografía natural e as normas básicas da lingua escrita.</p> <p>15. Manipular a lingua oral e escrita de maneira simple: transformar oracións (afirmativas en negativas), substituír palabras polos seus sinónimos, ordenar frases, recoñecer palabras que expresan accións, nomes, cualidades, etc.</p> <p>16. Familiarizarse con algunhas reflexións elementais sobre a importancia da linguaxe, do seu correcto uso e das súas regras.</p> <p>17. Ler textos coa articulación, o ritmo, a fluidez, a expresividade e a seguridade</p>	<p>6. Expresar con claridade, ordenada e coherentemente: vivencias, ideas, observacións, sentimentos, etc.</p> <p>7. Elixir as formas de comprensión e expresión axeitadas á situación e á intención comunicativa.</p> <p>8. Valorar e aceptar as achegas propias e as dos demais, respectando as normas do intercambio comunicativo.</p> <p>9. Producir textos escritos propios da vida social da aula, como consolidación do sistema lecto-escritor para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades (normas, notas, cartas, avisos, solicitudes,...) de acordo coas características propias destes xéneros.</p> <p>10. Comprender textos do ámbito escolar, producidos con finalidade didáctica ou de uso social (folletos, descrições, instrucións e explicacións), para aprender e para informarse, comparando, clasificando, identificando e interpretando os coñecementos e as informacións para ampliar as aprendizaxes.</p> <p>11. Utilizar, de xeito dirixido, as tecnoloxías da información e a comunicación e os diferentes tipos de bibliotecas (de aula e de centro), mostrando respecto polas súas normas de funcionamento, coa finalidade de obter información e modelos para a composición escrita.</p> <p>12. Compoñer textos de información e de opinión propios dos medios de comunicación social sobre acontecementos que resulten significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas ao director, utilizando soportes do ámbito escolar e algúns medios de prensa local.</p> <p>13. Valorar a escritura como ferramenta de comunicación, fonte de información e de aprendizaxe, e como medio de organizarse e resolver problemas da vida cotiá.</p> <p>14. Coñecer a estrutura dos textos propios do ámbito académico (cuestionarios, resumos, informes, descrições, explicacións,...), e aplicar estes coñecementos á comprensión e produción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades.</p> <p>15. Usar estratexias e normas básicas na produción de textos: planificación (función comunicativa e do destinatario, selección da información relevante, do tipo de texto, da estrutura do contido, ...), redacción do borrador, e avaliación e revisión do texto no proceso de escritura para melloralo.</p> <p>16. Producir textos de intención literaria para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo ou recordos (narracións, poemas, diálogos escenificados, descrições, cómics, redaccións, ...), a partir da exploración das posibilidades expresivas da lingua mediante a observación e análise de textos modelos (historias ou contos narrados polo profesor), e coa axuda de distintos recursos e xogos que estimulen a imaxinación e a creatividade.</p> <p>17. Utilizar indicadores sinxelos na lectura de textos (ilustracións, títulos, etc.) para formular conxecturas sobre o seu contido.</p> <p>18. Expresarse oralmente e por escrito empregando sistemas verbais e non verbais de comunicación (xestos, movementos corporais, sons, etc.).</p>	<p>4. Usar as formas de cortesía na expresión oral.</p> <p>5. Producir mensaxes orais de forma organizada.</p> <p>6. Aceptar as normas básicas da comunicación oral e respectar as opinións alleas.</p> <p>7. Expresar de forma razoada as propias ideas e opinións.</p> <p>8. Presentar os traballos con orde, claridade e limpeza.</p> <p>9. Afondar na habilidade lectora que facilita a comprensión e a interpretación dos textos.</p> <p>10. Aplicar estratexias de lectura os diferentes tipos de textos.</p> <p>11. Recoñecer os elementos estruturais básicos dos textos.</p> <p>12. Coñecer e utilizar diferentes recursos e fontes de información.</p> <p>13. Apreciar a lectura como fonte de información, de entretemento e de pracer.</p> <p>14. Utilizar a linguaxe escrita na produción de textos con diferente finalidade atendendo a súa estrutura.</p> <p>15. Organizar graficamente a información de textos informativos.</p> <p>16. Preocuparse por escribir con precisión, claridade, corrección, orde e limpeza.</p> <p>17. Comprender os conceptos de linguaxe, lingua, linguas románicas e linguas oficiais.</p> <p>18. Diferenciar entre frase e oración.</p> <p>19. Identificar suxeito e predicado. Recoñecer grupo do suxeito e do predicado. Complementos do verbo. Atributo.</p> <p>20. Coñecer e diferenciar as clases de palabras: nomes, determinantes, adxectivos, verbos, adverbio, preposición e conxunción..</p> <p>21. Identificar os lexemas, morfemas e desinencias.</p> <p>22. Recoñecer seseo e gheada como trazos da lingua oral.</p>
---	---	--

<p>necesarios e ser capaz de extraer algunha información específica: identificar personaxes explicar o argumento, interpretar as instrucións das actividades, etc.</p> <p>18. Iniciarse na adquisición do hábito e o gusto pola lectura.</p> <p>19. Utilizar de forma habitual os libros como medio de diversión e disfrute, dentro e fóra da aula.</p> <p>20. Utilizar os coñecementos de lecto-escritura para a comprensión de textos e o intercambio de experiencias e sentimentos.</p> <p>21. Utilizar indicadores sinxelos na lectura de textos (ilustracións, títulos, etc.) para formular conxecturas sobre o seu contido.</p> <p>22. Comprender o sentido global de textos de nivel axeitado e responder, oralmente e por escrito, a preguntas que demostren a devandita comprensión.</p> <p>23. escoitar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñanzas, cancións, contos, trabalinguas, etc.).</p> <p>24. Valorar estas expresións como un feito cultural enriquecedor.</p> <p>25. Distinguir usos racistas, sexistas e outros estereotipos que se atopan na linguaxe, en conversacións, audicións, contos e imaxes, e introducir as auto correccións pertinentes.</p>	<p>19. Desenvolver a autocrítica e a autoesixencia nas propias realizacións con finalidades diversas, valorándoas como fonte de goce, aventura, ocio, diversión, información, aprendizaxe e como destreza básica para o enriquecemento da propia lingua e a cultura persoal.</p> <p>20. Desenvolver o hábito e o gusto pola lectura, dedicándolle parte do tempo libre dispoñible.</p> <p>21. Ler en voz alta (sen silabar, saltos de palabras, etc.), distinguindo o esencial do accesorio, en textos cada vez máis extensos e complexos.</p> <p>22. Desenvolver o gusto literario (narrativo, poético, etc.).</p> <p>23. Explorar as posibilidades expresivas básicas da lingua oral e escrita, adquirindo seguridade nas propias habilidades comunicativas e usos persoais da linguaxe.</p> <p>24. Compoñer por escrito, de forma cada vez máis complexa, ordenada e coherente: ideas, vivencias, sentimentos, feitos reais e fantásticos, tanto en prosa como en verso.</p> <p>25. Identificar e apreciar a unidade e diversidade lingüística española.</p> <p>26. escoitar, memorizar, reproducir e representar expresións da linguaxe oral tradicional (adiviñas, cancións, contos, trabalinguas, etc.).</p> <p>27. Valorar estas expresións lingüísticas como feito cultural enriquecedor para todos.</p> <p>28. Mostrar interese polo uso da lingua da propia comunidade autónoma.</p> <p>29. Iniciar a diferenciación de distintas situacións de comunicación e a busca das formas adecuadas a cada unha delas, relacionándoas con estruturas gramaticais básicas.</p> <p>30. Expresarse por escrito utilizando as normas básicas da lingua escrita.</p> <p>31. Rexeitar os usos discriminatorios no emprego da lingua oral e escrita.</p> <p>32. Utilizar a lingua para destacar os valores das diferentes culturas do contorno.</p> <p>33. Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento de aprendizaxe e planificación de actividades cada vez máis complexas, utilizando diferentes recursos.</p> <p>34. Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento para a elaboración e anticipación de alternativas de acción.</p> <p>35. Utilizar a lingua oral e escrita como instrumento para a memorización da información, a recapitulación e a revisión do proceso seguido.</p>	<p>23. Recoñecer nun poema ritmo, rima, verso, estrofa.</p> <p>24. Coñecer algúns recursos poéticos: metáfora, comparación, Recoñecer e aplicar sinónimos, antónimos, palabras polisémicas, homófonas, xentilicios, topónimos, ...</p> <p>25. Recoñecer un texto polas súas características: descrición, diálogo, retrato, biografía, ... conto, novela ou texto teatral.</p> <p>26. Identificar os verbos : regulares, irregulares, auxiliares.</p> <p>27. Coñecer os xéneros literarios: narrativa, teatro e poesía.</p> <p>28. Buscar, localizar e seleccionar información en soportes variados dicionarios, enciclopedias, xornais e internet.</p>
--	---	--

#### 4.2.4 Secuenciación de Contidos. Lingua castelá

##### Bloque 1. escoitar e falar

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Participación e cooperación en situacións comunicativas da aula (peticións, anuncios, ordes, explicacións sinxelas, avisos, instrucións, conversas ou narracións de feitos vitais, emocións e sentimentos), con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, ton adecuado, mantemento do tema, mostra de interese, mirar a quen fala, actitude receptiva de escoita e respecto ás opinións das demais persoas).</p> <p>2. Uso de fórmulas e de tratamento adecuado para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.</p> <p>3. Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio e da televisión para obter información xeral e relevante sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia infantil.</p> <p>4. Comprensión e produción de textos orais para aprender, tanto os producidos con finalidade didáctica como os cotiáns (breves exposicións ante a clase, conversas sobre contidos de aprendizaxe e explicacións sobre a organización do traballo).</p> <p>5. Comprensión de informacións audiovisuais procedentes de diferentes soportes establecendo relacións de identificación, de clasificación e de comparación entre elas.</p> <p>6. Escoita de textos procedentes da literatura oral.</p> <p>7. Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, pronuncia e entoación adecuados.</p> <p>8. Dramatización de situacións presentadas en textos literarios.</p> <p>9. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.</p> <p>10. Interese por expresarse oralmente con</p>	<p>1. Participación e cooperación nas situacións comunicativas habituais (expresión espontánea, asemblea, informacións, conversas reguladoras da convivencia, debates, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento de tema, respecto ás opinións das demais persoas, papeis diversos no intercambio comunicativo, ton de voz, posturas e xestos adecuados).</p> <p>2. Comprensión e valoración de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral sobre feitos e acontecementos que resulten significativos.</p> <p>3. Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións na clase).</p> <p>4. Produción de textos orais para expresar ideas, sentimentos, emocións, desexos, opinións e vivencias, e para elaborar plans.</p> <p>5. Uso de estratexias elementais para comprender as mensaxes orais: ton de voz, entoación, xestualidade e formulación de preguntas coherentes.</p> <p>6. Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais.</p> <p>7. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (respecto das opcións de quen fala, non interrupcións inadecuadas, contacto visual).</p> <p>8. Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos).</p> <p>9. Valoración e aprecio do texto literario oral como fonte de coñecemento da cultura e como recurso de gozo persoal.</p> <p>10. Sensibilidade estética ante elementos imaxinativos, emotivos e creativos da literatura oral.</p> <p>11. Dramatización de situacións e de textos literarios diversos.</p> <p>12. Utilización de documentos audiovisuais para obter, seleccionar e relacionar informacións relevantes identificando, clasificando e</p>	<p>1. Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social destinadas a favorecer a convivencia (debates, exposicións, narracións orais, entrevistas) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (quendas de palabra, respecto ás opinións dos demais, ton de voz, posturas e xestos adecuados).</p> <p>2. Comprensión de textos orais da radio, da televisión ou da internet para obter información e distinguindo información de opinión.</p> <p>3. Interpretación elemental en textos orais da retransmisión, da ironía e de dobres sentidos.</p> <p>4. Comprensión e produción de textos orais para aprender e para informarse, de carácter informal e dun maior grao de formalización.</p> <p>5. Produción de textos orais propios dos medios de comunicación social para ofrecer e compartir información e opinión.</p> <p>6. Uso de estratexias para comprender e facer comprender as mensaxes orais: fluidez, claridade, orde, pronuncia correcta, ton de voz, entoación. Incorporación das intervencións das demais persoas.</p> <p>7. Utilización de estratexias para potenciar a expresividade das mensaxes orais (acenos, miradas).</p> <p>8. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas (tolerancia ás opinións, escoita atenta).</p> <p>9. Escoita, memorización e produción de textos procedentes da literatura popular oral galega (refrás, adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos, ...).</p> <p>10. Valoración e aprecio do texto literario oral galego como vehículo de comunicación, e de coñecemento da nosa cultura e como recurso de desfrute persoal.</p> <p>11. Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e a experiencias doutras persoas.</p> <p>12. Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, comparar e relacionar informacións relevantes para aprender.</p> <p>13. Actitude de cooperación e de respecto en situacións</p>



<p>pronuncia e entoación adecuadas. 11. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas, en especial as referencias ao xénero, ás razas ou ás etnias.</p>	<p>comparando. 13. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida. 14. Interese por expresarse oralmente con claridade, exposición ordenada, pronuncia e entoación adecuadas. 15. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferentes.</p>	<p>de aprendizaxe compartida. 14. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas. 15. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</p>
--	--	--

### Bloque 2. Ler e escribir

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Comprensión de informacións concretas en textos de uso cotián como invitacións, felicitacións, notas, avisos e SMS. 2. Comprensión de información xeral sobre feitos e acontecementos próximos á experiencia do alumnado en textos procedentes dos medios de comunicación social, especialmente noticias. 3. Localización de informacións en textos para aprender, vinculados á experiencia, tanto en textos producidos con finalidade didáctica como nos de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións). 4. Utilización e valoración de aspectos iconográficos e tipográficos como axuda á localización e comprensión de información textual. 5. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes textuais para aprender, identificando, clasificando e comparando. 6. Producción e reescritura de textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características usuais deses xéneros. 7. Composición de textos propios dos medios de comunicación social e/ou dos seus elementos e aspectos (novas, titulares, pés de foto...) sobre acontecementos próximos á experiencia do alumnado en soportes habituais no ámbito escolar. 8. Composición de textos relacionados coa</p>	<p>1. Comprensión de información relevante en textos de situacións cotiás de relación social, como correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte, normas de uso da biblioteca ou regras de xogos. 2. Comprensión de información xeral en textos procedentes de medios de comunicación social (incluídas webs infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas. 3. Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descricións, instrucións e explicacións). 4. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información identificando, clasificando, comparando e interpretando. 5. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións...) de acordo coas características propias destes xéneros. 6. Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, en situacións reais ou simuladas, así como nos SMS. 7. Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, resumos, informes sinxelos, descricións, explicacións...) 8. Uso das estratexias de planificación, de textualización e de revisión como partes do proceso escritor. 9. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.</p>	<p>1. Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: normas, correspondencia, convocatorias, notas, avisos. 2. Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís e xuvenís) para obter e localizar informacións. 3. Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso social (folletos, prensa). 4. Utilización de elementos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión (ilustracións, gráficos, táboas). 5. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender, comparando, clasificando, identificando e interpretando os datos que se transmiten mediante gráficos, esquemas e ilustracións. 6. Esquemización da información relevante dun texto. 7. Uso das estratexias de planificación, de textualización (formato, ortografía, normas lingüísticas) e revisión dentro do proceso escritor. 8. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia, convocatorias) de acordo coas características propias destes xéneros. 9. Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre acontecementos e feitos, con especial incidencia na noticia, na entrevista, no comentario sobre libros ou música, en situacións reais ou simuladas. 10. Producción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, enquisas, informes). 11. Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación,</p>

<p>escola para obter, organizar e comunicar información (cuestionarios, listaxes, descrições, explicacións elementais).</p> <p>9. Lectura guiada de textos adecuados aos intereses infantís para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.</p> <p>10. Valoración da autonomía lectora, interese pola elección de temas e de textos, pola comunicación das preferencias persoais e pola apreciación do texto literario como recurso de disfrute persoal.</p> <p>11. Recreación e reescritura de textos narrativos (contos) e de carácter poético (adiviñas, refráns, trabalinguas, cantigas, xogos de sortes...) usando modelos.</p> <p>12. Adquisición progresiva das convencións do código escrito.</p> <p>13. Iniciación á utilización de programas informáticos de procesamento de textos.</p> <p>14. Interese pola escritura como instrumento de relación e de aprendizaxe.</p> <p>15. Interese pola presentación coidada e polo uso de normas ortográficas en textos escritos.</p> <p>16. Iniciación ao uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos.</p> <p>17. Introducción ao uso das bibliotecas do centro e da aula, como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e para o coñecemento.</p> <p>18. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.</p>	<p>10. Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía).</p> <p>11. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras adecuadas á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos.</p> <p>12. Introducción ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, hipotetización, relectura...)</p> <p>13. Lectura guiada e expresiva de textos narrativos de literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.</p> <p>14. Comprensión, memorización e recitado de poemas, co ritmo, a pronuncia e a entoación adecuados.</p> <p>15. Recreación e composición de poemas e de relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.</p> <p>16. Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.</p> <p>17. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.</p> <p>18. Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.</p> <p>19. Elaboración e reescritura de textos literarios (contos, cómics, poesías) e non literarios.</p> <p>20. Interese polo coidado e pola presentación dos textos escritos, así como atención ás normas ortográficas.</p> <p>21. Utilización de estratexias de resolución de dificultades léxicas e/ou ortográficas (uso de dicionarios variados en diversos soportes).</p> <p>22. Dramatización e lectura dramatizada de situacións e de textos diversos.</p> <p>23. Coñecemento do funcionamento da biblioteca do centro e participación en actividades literarias.</p> <p>24. Iniciación á creación dunha biblioteca persoal.</p> <p>25. Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.</p> <p>26. Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación e das bibliotecas para obter información e modelos para a composición escrita e para a lectura.</p>	<p>de aprendizaxe, de disfrute persoal, de resolución de problemas.</p> <p>12. Lectura:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Expresiva de textos de diferente tipoloxía textual non literaria.</li> <li>-Persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e intereses (conto, cómic, novela).</li> <li>-Guiada de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.</li> <li>-Comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais.</li> </ul> <p>13. Uso das estratexias de control do proceso lector (anticipación, hipóteses, relectura...)</p> <p>14. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.</p> <p>15. Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación e fonte de aprecio da cultura e como recurso de disfrute persoal.</p> <p>16. Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, lembranzas.</p> <p>17. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.</p> <p>18. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.</p> <p>19. Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.</p> <p>20. Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.</p> <p>21. Uso autónomo de programas informáticos de procesamento de textos e corrección ortográfica.</p> <p>22. Uso da biblioteca do centro, con coñecemento da súa organización e participando en actividades literarias e na elaboración de propostas.</p> <p>23. Creación da biblioteca persoal.</p> <p>24. Uso das bibliotecas para obter información e modelos para a produción escrita.</p> <p>25. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios.</p>
---	--	---

**Bloque 3: Reflexionar sobre a lingua**

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Recoñecemento do papel das situacións sociais como factor condicionante dos intercambios comunicativos.</li> <li>2. Identificación dos contextos en que a comunicación se produce mediante textos escritos e valoración da escritura en determinados ámbitos.</li> <li>3. Identificación de textos de uso cotián na aula a partir de elementos paratextuais e textuais.</li> <li>4. Observación das diferenzas entre lingua oral e escrita</li> <li>5. Recoñecemento da relación entre son e grafía no sistema lingüístico.</li> <li>6. Identificación da palabra como instrumento básico para a segmentación da escritura.</li> <li>7. Coñecemento das normas ortográficas máis sinxelas</li> <li>8. Substitución, inserción, supresión, cambio de orde e segmentación de elementos lingüísticos no funcionamento dos enunciados e textos para adquirir novos recursos.</li> <li>9. Inicio á reflexión sobre as estratexias de planificación, textualización e revisión como partes do proceso escritor.</li> <li>10. Inicio na identificación implícita e uso dos termos seguintes en actividades de produción e de interpretación: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, nome común e nome propio.</li> <li>11. Observación das variacións morfolóxicas (de singular e plural, feminino e masculino) en textos.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprensión de información relevante en textos de situacións cotiás de relación social, como correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas do transporte, normas de uso da biblioteca ou regras de xogos.</li> <li>2. Comprensión de información xeral en textos procedentes de medios de comunicación social (incluídas webs infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas.</li> <li>3. Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).</li> <li>4. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información identificando, clasificando, comparando e interpretando.</li> <li>5. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións...) de acordo coas características propias destes xéneros.</li> <li>6. Composición de textos de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social sobre acontecementos significativos, con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, en situacións reais ou simuladas, así como nos SMS.</li> <li>7. Produción de textos relacionados co ámbito académico para obter, organizar e comunicar información (questionarios, resumos, informes sinxelos, descrições, explicacións...)</li> <li>8. Uso das estratexias de planificación, de textualización e de revisión como partes do proceso escritor.</li> <li>9. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de experiencias e de regulación da convivencia.</li> <li>10. Utilización de elementos gráficos e paratextuais, con grao crecente de dificultade, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía).</li> <li>11. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de obras adecuadas á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos.</li> <li>12. Introducción ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, hipotetización, relectura...)</li> <li>13. Lectura guiada e expresiva de textos narrativos de literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes.</li> <li>14. Comprensión, memorización e recitado de poemas, co ritmo, a pronuncia e a entoación adecuados.</li> <li>15. Recreación e composición de poemas e de relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Identificación das relacións entre os elementos do contexto e as formas lingüísticas en que se manifestan os discursos orais e escritos.</li> <li>2. Identificación en situacións comunicativas de participantes, lugares, para reflexionar sobre as variables que inciden na comunicación.</li> <li>3. Recoñecemento de estruturas narrativas, descritivas para a comprensión e composición.</li> <li>4. Identificación dos mecanismos que favorecen a comprensión lectora.</li> <li>5. Coñecemento das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de usalas nos escritos.</li> <li>6. Uso de procedementos de derivación, de comparación para xeneralizar as normas ortográficas.</li> <li>7. Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, para facilitar o desenvolvemento dos conceptos lingüísticos e da metalinguaxe.</li> <li>8. Comparación entre aspectos das linguas que o alumnado coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interferencias das linguas existentes na comunidade autónoma.</li> <li>9. Uso e identificación da terminoloxía nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; sílaba tónica e átona; enunciados: frase e oración; tipos de enunciado; enlaces; grupo de palabras: núcleo e complementos; adxectivo; tempo verbal; persoa gramatical; suxeito e predicado; complementos do nome e do verbo.</li> <li>10. Comparación de estruturas sintácticas para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.</li> <li>11. Observación da inserción e coordinación de oracións como procedementos da</li> </ol>

	<p>16. Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.</p> <p>17. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.</p> <p>18. Valoración e aprecio do texto literario como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas, e como recurso de gozo persoal.</p> <p>19. Elaboración e reescritura de textos literarios (contos, cómics, poesías) e non literarios.</p> <p>20. Interese polo coidado e pola presentación dos textos escritos, así como atención ás normas ortográficas.</p> <p>21. Utilización de estratexias de resolución de dificultades léxicas e/ou ortográficas (uso de dicionarios variados en diversos soportes).</p> <p>22. Dramatización e lectura dramatizada de situacións e de textos diversos.</p> <p>23. Coñecemento do funcionamento da biblioteca do centro e participación en actividades literarias.</p> <p>24. Iniciación á creación dunha biblioteca persoal.</p> <p>25. Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.</p> <p>26. Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación e das bibliotecas para obter información e modelos para a composición escrita e para a lectura</p>	<p>explicación tanto na escritura como na expresión oral.</p> <p>12. Exploración das posibilidades do uso de enlaces entre oracións (causa, consecuencia, finalidade, ...) en relación coa composición de textos.</p> <p>13. Identificación, en oracións, de suxeito e de predicado, e do papel semántico do suxeito.</p>
--	--	---

#### 4.2.5 Secuenciación dos criterios de avaliación. Lingua castelá

Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
<p>1. Participa en situacións comunicativas de aula tomando en consideración os hábitos e as regras que rexen estas situacións. Usa fórmulas e tratamento adecuados para saudar, despedirse, presentarse, escusarse e solicitar axuda.</p> <p>2. Comprende textos orais de uso habitual procedentes de diferentes soportes, identificando a información máis relevante. Usa estratexias elementais para comprender as mensaxes que escoitan, atendendo a sinais relevantes como o ton de voz ou os xestos, e formulando preguntas sobre o que non se comprende ben.</p> <p>3. Expresar oralmente vivencias, feitos, sentimentos, ou emocións, e comunicar mensaxes de xeito organizado. <i>Avaliase a capacidade para expresarse progresivamente con maior claridade e adecuación á situación e á intención de comunicación, usando a entoación, a pronuncia e o léxico máis adecuados para cada contexto; é dicir, avalíase a capacidade para achegar información comprensible.</i></p> <p>4. Coñece e reproduce textos de literatura oral, especialmente a popular.</p> <p>5. Localiza información concreta e realiza inferencias directas na lectura de textos.</p> <p>6. Produce e reescribe textos diferentes e diversos con variados obxectivos comunicativos, seguindo modelos e observando estratexias de planificación, textualización (coidando as normas ortográficas elementais e os aspectos básicos da organización textual) e revisión de escritos. Iniciar o uso do procesador de texto para composicións sinxelas.</p> <p>7. Le textos diversos dos traballados e creados na aula, con decodificación e entoación axeitada, coa finalidade de gozar</p>	<p>1. Participa en situacións comunicativas que se dan na aula (reais ou simuladas) e que correspondan a diversa tipoloxía (conversa, expresión espontánea, asemblea, debate) e a diversos obxectivos comunicativos, respectando as normas que rexen estas situacións. <i>Observarase especialmente o respecto das normas.</i></p> <p>2. Comprende textos orais de uso cotián, extraendo o senso global das mensaxes orais. Usa estratexias elementais para comprender as mensaxes que escoitan as nenas e os nenos atendendo a sinais relevantes como o ton de voz, a entoación, os xestos e formulando preguntas coherentes que axuden á comprensión.</p> <p>3. Produce textos orais (explicacións sinxelas, exposicións, narracións...) presentando coherentemente ideas, estados de ánimo, sentimentos, emocións, feitos, vivencias e opinións.</p> <p>4. Memoriza e reproduce textos orais propios da literatura popular empregando a pronuncia e entoación adecuadas.</p> <p>5. Detecta e comprende a información explícita en textos escritos (en soporte papel ou dixital) realizando inferencias directas sobre o seu contido.</p> <p>6. Interpreta as ideas contidas nos textos escritos habituais (expositivos, informativos, instrutivos e literarios), tanto en formato impreso como multimedia, integrándoas nos seus propios esquemas de coñecemento. <i>Verificarase o uso de estratexias de comprensión baseadas na anticipación, na formulación de hipóteses, na explicitación dos obxectivos ou propósitos lectores, na interpretación de indicadores textuais, paratextuais e contextuais e de estratexias de resolución de dificultades léxicas (uso de dicionarios, dedución polo contexto...) e de integración (reler, retroceder).</i></p> <p>7. Elabora e reescribe textos escritos de diferente tipoloxía e formato (impreso e/ou multimedia) acordes a diversas situacións funcionais cotiás (cartas, avisos, solicitudes, instrucións, normas, anuncios, noticias) e literarias (contos, poesías, cómics) empregando estratexias de planificación, de textualización e de revisión de escritos.</p> <p>8. Le expresivamente textos de tipoloxía variada (entre os traballados e/ou elaborados na aula) con fluidez e entoación adecuadas vinculadas á puntuación e á intencionalidade e coa velocidade apropiada segundo o tipo de texto e o obxectivo lector (ler para deleitar outras persoas, ler para dar a coñecer un texto propio, ler para compartir información dun texto único na aula).</p> <p>9. Coñece textos de literatura infantil (poesía, cómics, contos...)</p>	<p>1. Participa nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula observando as actitudes adecuadas e autorregulando as estratexias que fan efectiva a comunicación. Aмосa interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións e usa nexos adecuados.</p> <p>2. Le expresivamente textos de diversa tipoloxía con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén desfrute escoitando, ler para dar a coñecer un texto, ler para compartir información) facendo participar a audiencia da súa interpretación.</p> <p>3. Comprende o sentido dun texto e responde a preguntas sobre o seu contido e reconece elementos: espazo, tempo, personaxes, narrador.</p> <p>4. Emprega fórmulas de cortesía.</p> <p>5. Localiza palabras no dicionario.</p> <p>6. Comprende os conceptos de linguaxe e lingua.</p> <p>7. Reconece a frase e a oración como dous tipos de enunciados.</p> <p>8. Identifica suxeito e predicado como compoñentes da oración e reconece os seus núcleos.</p> <p>9. Segmenta palabras en sílabas e clasifícaa.</p> <p>10. Reconece a sílaba tónica e clasifica as palabras segundo a sílaba acentuada.</p> <p>11. Diferencia lexema e morfema.</p> <p>12. Reconece nomes, determinantes, adxectivos, verbos, adverbios, preposicións e conxuncións.</p> <p>13. Identifica as partes dun conto.</p> <p>14. Diferencia os graos do adxectivo.</p> <p>15. Coñece as conxugacións e sabe conxugar calquera verbo regular.</p> <p>16. Identifica palabras sinónimas, antónimas, homónimas, topónimos, xentilicios.</p> <p>17. Distingue información de opinión e reflexiona sobre as técnicas empregadas no proceso de comprensión.</p> <p>18. Expresase oralmente con corrección empregando os recursos lingüísticos e non lingüísticos que</p>

<p>e/ou aprender coa escoita lectora.</p> <p>8. Aмосa iniciativa e interese pola lectura.</p> <p>9. Identifica mudanzas que se producen nas palabras, enunciados e textos facendo substitucións, supresións, cambios de orde e observar as modificacións que se poden dar na comprensión e na expresión escrita.</p> <p>10. Identifica intuitivamente texto, enunciado, palabra, nome común, nome propio, masculino e feminino, singular e plural en actividades relacionadas coa produción e comprensión de textos.</p>	<p>adequados ao ciclo, coa finalidade de gozo coa lectura e de uso como modelo para as súas reescrituras, reelaboracións e producións escritas.</p> <p>10. Emprega as bibliotecas de aula e de centro con certa autonomía como fonte de información e como lugar que proporciona recursos relacionados coa lectura por pracer e <i>colabora no bo funcionamento dese espazo</i>.</p> <p>11. Identifica en textos orais e escritos de uso cotián temas e usos que poidan supoñer discriminación.</p> <p>12. Reflexiona sobre como algúns cambios nas palabras, enunciados e textos producen modificacións comprensivas e expresivas.</p> <p>13. Utiliza de xeito intuitivo terminoloxía relacionada coa tipoloxía textual, os tempos verbais (presente, futuro e pasado), os adxectivos cualificativos, os determinantes e algúns aspectos relativos á semántica como antónimos e sinónimos, cando se realicen actividades de comprensión e de expresión orais e escritas.</p> <p>14. Usa as experiencias coas diversas linguas que coñece ou está a aprender para realizar análises e comparacións que lle permitan establecer melloras na súa expresión e comprensión.</p> <p><i>Preténdese que poidan identificar similitudes e diferenzas entre as linguas da comunidade como fórmula de análise de aspectos da lingua (gráficos, sintácticos, léxicos, semánticos) que os axuden a mellorar na súa expresión e comprensión correctas</i></p>	<p>cumpran.</p> <p>19. Recoñece a utilidade de técnicas non verbais para facerse entender.</p> <p>20. Produce textos orais a partir de textos preexistentes da literatura.</p> <p>21. Produce textos escritos instructivos, expositivos, informativos, literarios ... empregando estratexias de planificación, textualización (coherencia, cohesión, corrección ortográfica e gramatical) e revisión do escrito.</p> <p>22. Busca, localiza e selecciona información explícita en textos escritos de soportes variados (webs, libros, carteis).</p> <p>23. Usa as bibliotecas da aula e do centro con autonomía, comprendendo como se organiza e colaborando no coidado e mellora.</p> <p>24. Establece relacións entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua castelá.</p>
--	--	--

## 4.3. Área de Linguas Estranxeiras

### 4.3.1 Competencias básicas. Lingua estranxeira: Inglés

#### Comunicación lingüística

Expresar oralmente pensamentos, emocións, vivencias e opinións de xeito sinxelo.

Adequar a fala a situacións comunicativas variadas, controlando os elementos non verbais e respectando as regras propias do intercambio comunicativo.

Ter conciencia das convencións sociais e culturais á hora de producir textos.

Comprender distintos tipos de textos propios do ámbito académico recoñecendo a súa intención comunicativa e os seus trazos formais.

Gozar da lectura e, a través dela, descubrir outras contornas, idiomas e culturas.

Tomar conciencia da necesidade de respectar as normas ortográficas na produción de textos escritos.

Coñecer os principais procedementos de formación de palabras como instrumento para ampliar o léxico.

Utilizar un vocabulario suficientemente amplo para expresarse oralmente e por escrito con propiedade e precisión en situacións concretas.

Compor textos propios do ámbito académico, adecuados ao propósito comunicativo.

Escribir textos para expresar ideas, sentimentos e experiencias.

#### Tratamento da información e competencia dixital

Buscar, obter, procesar e comunicar información na lingua estranxeira para transformala en coñecemento utilizando sistemas informáticos ou Internet.  
 Analizar de xeito crítico a información obtida.

**Social e cidadá**

Coñecer e practicar o diálogo como ferramenta básica de comunicación interpersonal e de resolución de conflitos.  
 Coñecer os valores que caracterizan unha sociedade democrática: liberdade, solidariedade, participación, cidadanía, tolerancia.  
 Valorar a pluralidade lingüística como unha riqueza cultural.

**Cultural e artística**

Apreciar a diversidade cultural a partir de diferentes manifestacións artísticas.

**Aprender a aprender**

Coñecer e utilizar de xeito habitual as principais estratexias e técnicas que favorecen o traballo intelectual (resumo, esquema, mapas conceptuais...).

Utilizar diferentes recursos e fontes para a recollida e tratamento da información.

**Autonomía e iniciativa persoal**

Actuar con iniciativa e creatividade persoal

Desenvolver as habilidades sociais.

**4.3.2 Obxectivos Xerais. Lingua estranxeira: Inglés**

1. escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas, utilizando as informacións transmitidas para a realización de diversas tarefas concretas relacionadas coa experiencia do alumnado.
2. expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
3. escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.
4. ler de xeito comprensivo textos diversos, relacionados coas experiencias e intereses do alumnado, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.
5. aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.
6. valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.
7. manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.
8. coñecer aspectos doutras culturas que utilizan a lingua estudada e amosar unha actitude de respecto cara as mesmas.
9. utilizar os coñecementos e as experiencias previas coas linguas galega e castelá para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.
10. identificar aspectos fonéticos, de ritmo, de acentuación e de entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.

**4.3.3 Secuenciación de obxectivos. Lingua estranxeira: Inglés**

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
1. escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas. 2. expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais utilizando procedementos verbais e non verbais.	1. escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas. 2. expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais utilizando procedementos verbais e non verbais. 3. ler de xeito comprensivo textos diversos, relacionados coas	1. escoitar e comprender mensaxes en interaccións verbais variadas. 2. expresarse e interactuar oralmente en situacións de maior complexidade e habituais utilizando procedementos verbais e non verbais.

<p>3. Aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.</p> <p>4. Coñecer aspectos doutras culturas que utilizan a lingua estudada e amosar unha actitude de respecto cara as mesmas.</p> <p>5. Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.</p> <p>6. Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.</p>	<p>experiencias e intereses do alumnado, extraendo información xeral e específica de acordo cunha finalidade previa.</p> <p>4. Escribir textos diversos con finalidades variadas sobre temas previamente tratados na aula e coa axuda de modelos.</p> <p>5. Coñecer aspectos doutras culturas que utilizan a lingua estudada e amosar unha actitude de respecto cara as mesmas.</p> <p>6. Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.</p> <p>7. Utilizar os coñecementos e as experiencias previas coas linguas galega e castelá para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.</p> <p>8. Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.</p> <p>9. Aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.</p>	<p>3. Ler e compoñer textos asociados a distintas situacións de comunicación, progresivamente máis extensos e ricos en léxico e en estruturas.</p> <p>4. Aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para a creación de textos variados.</p> <p>5. Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.</p> <p>6. Identificar aspectos fonéticos, de ritmo, de acentuación e de entoación, así como estruturas lingüísticas e aspectos léxicos da lingua estranxeira e usalos como elementos básicos da comunicación.</p> <p>7. Utilizar os coñecementos e as experiencias previas coas linguas galega e castelá para unha adquisición máis rápida, eficaz e autónoma da lingua estranxeira.</p> <p>8. Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.</p>
--	---	---

### 4.3.4 Secuenciación de Contidos. Lingua estranxeira: Inglés

#### Bloque 1. escoitar e falar

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Comprensión de mensaxes orais sinxelas (instrucións) para realizar tarefas dentro ou fóra da aula.</p> <p>2. Comprensión de textos orais sinxelos -contos, cancións, rimas...- conectados cos intereses das nenas e dos nenos e apoiados con imaxes, sons e xestos.</p> <p>3. Achegamento, a través do xogo e da expresión corporal e musical, a algúns aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da nova lingua.</p> <p>4. Participación en situacións de comunicación reais ou simuladas, empregando respostas verbais ou non verbais (movemento, accións, debuxo, modelado, mímica).</p> <p>5. Memorización de producións orais breves significativas e apoiadas con axuda visual, auditiva e xestual (cancións, rutinas para iniciar ou manter o xogo, fórmulas orais breves para manter a atención, lerias...).</p> <p>6. Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas.</p>	<p>1. Comprensión de mensaxes orais e textos orais de progresiva complexidade conectados cos intereses dos nenos/as en soporte audiovisual e multimedia para extraer información global e alguna específica.</p> <p>2. Participación activa en situacións funcionais de comunicación respectando e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.</p> <p>3. Producción de textos orais coñecidos previamente mediante a participación activa en representacións, cancións, recitados, dramatizacións, interaccións</p> <p>4. Utilización progresiva de estratexias básicas para apoiar a comprensión e a expresión oral.</p> <p>5. Valoración positiva das intervencións orais propias e alleas na lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e coñecer outras</p>	<p>1. Comprensión de mensaxes orais e textos orais de progresiva complexidade para realizar tarefas dentro e fora da aula emitidas polas persoas presentes, en soporte audiovisual e informático, para obter información global e específica.</p> <p>2. Participación en situacións reais de comunicación ou simuladas empregando expresións cada vez máis complexas baseadas en modelos e en estruturas lingüísticas coñecidas.</p> <p>3. Emprego da lingua estranxeira como instrumento para unha aprendizaxe integrada, coa finalidade de acadar novos coñecementos non puramente lingüísticos (taller de solidariedade, obradoiro de educación viaria, aprendizaxe e práctica dun novo deporte, dunha nova técnica artística...).</p> <p>4. Valoración das actividades realizadas fóra da aula en que a lingua empregada sexa a lingua estranxeira (asistencia a unha obra de teatro, xantar con persoas doutros países, demostración dalgunha habilidade e explicación...)</p> <p>5. Uso dos coñecementos en lingua estranxeira para</p>



<p>7. Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a nenos e nenas doutras culturas.</p>	<p>culturas. 6. Identificación e dominio progresivo de aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira.</p>	<p>interpretar mensaxes presentes no propio medio. Presenza da lingua estranxeira en Galicia. 6. Interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas, tanto nas participacións orais como nas imitacións, recitacións e dramatizacións.</p>
---	---	--

**Bloque 2. Ler e escribir**

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Asociación de imaxes con palabras coñecidas e relacionadas con temas próximos ao alumnado -contos, personaxes de debuxos animados- e identificación delas, empregando diferentes recursos visuais e informáticos. 2. Asociación de grafía, fonema e significado de palabras en contextos reais ou simulados procedentes de diversas fontes, traballadas previamente a través de diversos medios, e sempre con apoio visual. 3. Lectura de palabras e de enunciados moi sinxelos en recursos variados (audiovisuais e informáticos, tiras de cómic, karaoke, xogos de ordenador). 4. Interese polo coidado na presentación dos textos escritos. 5. Iniciación ao uso de programas informáticos educativos para ler e escribir mensaxes sinxelas. 6. Valoración positiva dos textos escritos propios e os do resto das persoas da aula.</p>	<p>1. Asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e de expresións orais coñecidas. 2. Lectura e comprensión de diferentes mensaxes de interese para os nenos e as nenas adaptadas á súa competencia lingüística. 3. Lectura expresiva e escritura de textos propios de situacións cotiás próximas como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos. 4. Composición de textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados moi coñecidos. 5. Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación para ler e transmitir información. 6. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos valorando o seu sentido estético. 7. Presenza da lingua estranxeira no contorno próximo.</p>	<p>1. Asociación de grafía, pronunciación e significado a partir de modelos escritos e de expresións orais mais complexas. 2. Uso progresivamente autónomo de estratexias de lectura identificando a información máis importante, deducindo o significado de palabras e de expresións non coñecidas e empregando dicionarios ou tradutores dixitais. 3. Exploración das posibilidades expresivas da lectura de mensaxes en que a expresividade sexa ingrediente fundamental para a comprensión e para o gozo destas (breves obras de teatro, chistes, poemas, cancións, conversas da vida cotiá...) 4. Actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación social e da internet e identificación de valores e de ideas subliminais que supoñan calquera tipo de discriminación ou manipulación. 5. Autonomía lectora e identificación e selección de lecturas (contos, folletos, revistas e cómics en lingua estranxeira) na biblioteca da aula e na do centro. 6. Lectura e escritura de textos propios de situacións comunicativas habituais de relación social e dos medios de comunicación, así como de textos para aprender e para informarse. 7. Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse por escrito con rapaces e rapazas doutros lugares (chat e correo electrónico) e para aprender costumes e aspectos culturais propios dos países onde se fala a lingua estranxeira. 8. Produción de textos escritos sobre temas de interese elaborados de forma cooperativa, seguindo as secuencias do proceso de produción utilizando as tecnoloxías da información para a súa produción, e asegurando que o resultado se acade a través da negociación entre o grupo. 9. Interese por compartir os textos producidos (exposición na aula ou no centro). 10. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético. 11. Composición de textos de creación propia asociados a distintas situacións de comunicación, progresivamente máis extensos e ricos en léxico e en estruturas, seguindo as secuencias do proceso de produción con diversas intencións comunicativas.</p>

**Bloque 3: Reflexionar sobre a lingua**

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Iniciación a algunhas diferenzas de sons e de ritmo respecto da primeira lingua.</li> <li>2. Iniciación á utilización de estratexias de lectura: uso do contexto visual e verbal</li> <li>3. Familiarización con algunhas estratexias básicas da produción de textos a partir dun modelo</li> <li>4. Uso de habilidades e de procedementos para a adquisición de léxico e de estruturas elementais da lingua.</li> <li>5. Iniciación ao uso de dicionarios visuais, contos, webs infantís e produtos multimedia.</li> <li>6. Seguridade na propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e gusto polo traballo cooperativo.</li> <li>7. Iniciación ao emprego dun cartafol colectivo da aula, onde se irán acumulando os traballos de cada neno e cada nena previamente acordados no grupo-clase.</li> <li>8. Actitude receptiva cara ás persoas que falan outra lingua e teñen unha cultura ou forma de vida diferentes.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Autonomía no emprego dun cartafol colectivo de aula e iniciación e interese na utilización dun individual para seleccionar de forma guiada os mellores traballos propios.</li> <li>2. Uso de estratexias (repetición, imitación, memorización, asociación de palabras e expresións con xestos, imaxes ou sons, observación de modelos, lectura de textos, utilización de soportes multimedia) para a adquisición de novo léxico, formas e estruturas da lingua.</li> <li>3. Confianza na propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira, aceptación do erro como parte do proceso e valoración do traballo cooperativo.</li> <li>4. Utilización de recursos de compensación de insuficiencias no uso da lingua oral: xestos, definicións, debuxos.</li> <li>5. Recoñecemento do valor da nova lingua para achegarse a nenos e nenas doutras culturas que teñen formas de vida e formas de pensar diferentes da propia.</li> <li>6. Actitude receptiva cara ás persoas que falan outra lingua e teñen culturas, hábitos, crenzas e formas de vida diferentes.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Autonomía no emprego dun cartafol propio, manuscrito ou en soporte dixital, onde estarán incluídos unha selección dos mellores traballos, unha reflexión propia da mellor maneira de aprender, autoavaliacións, observacións, curiosidades, fotos, material real... relacionados coa lingua estranxeira.</li> <li>2. Uso de estratexias como a repetición; a imitación; a memorización; a asociación de palabras e de expresións con xestos, imaxes ou sons; a observación de modelos; a lectura de textos; a utilización de soportes multimedia e de dicionarios para a adquisición de novo léxico, formas e estruturas da lingua.</li> <li>3. Interese por revisar e autocorrir os textos, comparando os procedementos lingüísticos máis frecuentes utilizados coa mesma finalidade nas distintas linguas.</li> <li>4. Confianza na propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira, aceptando o erro como parte do proceso e valorando o traballo cooperativo como forma de acadar obxectivos de aprendizaxe individuais e colectivos.</li> <li>5. Activación e reflexión dos coñecementos lingüísticos desenvolvidos nas outras linguas para favorecer a comprensión das mensaxes escritas na lingua estranxeira.</li> <li>6. Identificación dos propios problemas de comprensión e progresiva superación destes a través de toma de notas en producións orais, da atención ao contexto, da repetición, da memorización... .</li> <li>7. Recoñecemento do uso e da funcionalidade dalgunhas formas e estruturas básicas propias da lingua estranxeira previamente utilizadas.</li> <li>8. Actitude receptiva cara ás persoas que falan outra lingua e teñen culturas, hábitos, crenzas, opinións e formas de vida diferentes á propia.</li> </ol>

#### 4.3.5 Secuenciación dos criterios de avaliación. Lingua estranxeira: Inglés

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a nenos e a nenas doutras culturas.</li> <li>2. Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe da nova lingua mostrando interese por imitar, escoitar e reproducir rimas, cancións, xogos, elementos repetitivos dos contos e de cancións.</li> <li>3. Comprender mensaxes verbais,</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse, para achegarse a nenos e nenas doutras culturas.</li> <li>2. Amosar comprensión mediante respostas non verbais (xestos, movemento, actividades artísticas) a instrucións básicas dadas en situacións habituais na aula e no centro.</li> <li>3. Captar a información máis relevante e identificar información global en mensaxes diversas que inclúan textos orais, sobre temas familiares e de interese para os nenos e</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Valorar a lingua estranxeira como instrumento para comunicarse e para achegarse a rapaces e rapazas doutras culturas que teñen formas de vida diferentes da propia e para descubrir algúns aspectos culturais diferentes e semellantes á identidade galega través de diferentes canles de comunicación.</li> <li>2. Empregar a lingua estranxeira como instrumento para a construción de novas aprendizaxes que non sexan puramente lingüísticas (obradoiro de solidariedade, de educación viaria, aprendizaxe e práctica dun xogo deportivo, dunha técnica</li> </ol>

<p>significativas e contextualizadas coa axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos.</p> <p>4. Participar comprensivamente, empregando formas lingüísticas e non lingüísticas, en producións orais moi sinxelas relativas a situacións e a temas de interese para o alumnado</p> <p>5. Amosar comprensión, mediante respostas verbais sinxelas e básicas, en situacións de comunicación cotiás e iniciarse nas fórmulas orais da expresión cotiá.</p> <p>6. Imitar sons, repetir producións orais sinxelas e breves de uso diario na aula e memorizar fórmulas breves e sinxelas de comunicación oral de interese para os nenos e as nenas (xogos de sortes, retrousos de cancións e contos, fórmulas verbais para iniciar unha actividade, lerías, xogos de mans...)</p> <p>7. Identificar e interpretar palabras e enunciados curtos contextualizados en situacións de comunicación significativas para os nenos e para as nenas ( contos, tarxetas de felicitación, anuncios...).</p> <p>8. Producir mensaxes significativas sinxelas de xeito guiado en papel ou en formato dixital cunha finalidade comunicativa e con axuda de modelos que antes fosen aprendidos oralmente.</p>	<p>as nenas.</p> <p>4. Participar comprensivamente en situacións de comunicación (da vida da aula ou simuladas), respectando as normas básicas dos intercambios orais e empregando formas lingüísticas e non lingüísticas.</p> <p>5. Memorizar e producir textos orais coñecidos previamente e de interese para os nenos e as nenas mediante a participación activa en representacións, cancións, recitados, dramatizacións e interaccións dirixidas.</p> <p>6. Comprender o significado global e algunhas informacións específicas de textos sinxelos, en soporte papel e dixital, sobre temas diversos, motivadores e adaptados á competencia lingüística de nenos e de nenas.</p> <p>7. Producir mensaxes escritas significativas en que aparezan enunciados e textos curtos a partir de modelos, cunha finalidade determinada e cun formato preestablecido, tanto en soporte papel como dixital.</p> <p>8. Usar formas e estruturas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos e motivadores de forma significativa.</p> <p>9. Coñecer e empregar funcionalmente algunhas estratexias para aprender a aprender e identificar algunhas características persoais que axudan a aprender mellor.</p> <p>10. Amosar curiosidade e interese por buscar información a través de diferentes medios sobre a cultura que están a estudar as nenas e os nenos con diversas finalidades: exposición na aula no rexistro de aprendizaxe, inclusión no cartafol propio...</p> <p>11. Respetar as diferenzas de todo tipo adoptando unha actitude positiva ante culturas e opinións alleas.</p> <p>12. Amosar confianza e interese por transmitir algúns aspectos da nosa cultura a outros nenos e outras nenas, empregando o idioma estranxeiro a través de formatos e linguaxes diversas e valorando positivamente o que podemos ofrecer.</p> <p>13. Producir mensaxes sinxelas propias a partir dun contexto concreto utilizando a educación artística, as tecnoloxías da información e da comunicación...</p>	<p>artística...).</p> <p>3. Comprender o sentido global de mensaxes orais significativas e identificar informacións específicas procedentes de distintas fontes e en diversos formatos.</p> <p>4. Manter conversas cotiás sobre temas de interese coñecidos e traballados con anterioridade en situacións de comunicación funcionais.</p> <p>5. Localizar en mensaxes escritas en diversos formatos, e relacionadas cos intereses dos rapaces e das rapazas, información explícita e realizar inferencias directas baseadas no contexto.</p> <p>6. Compoñer mensaxes escritas significativas atendendo ás persoas a quen van dirixidas, ao tipo de texto e á finalidade, tanto en soporte papel como dixital.</p> <p>7. Usar formas e estruturas básicas propias da lingua estranxeira, incluíndo aspectos de ritmo, de acentuación, e de entoación en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</p> <p>8. Empregar algunhas estratexias para aprender a aprender, como facer preguntas pertinentes para obter información, pedir aclaracións, utilizar dicionarios bilingües e monolingües, acompañar a comunicación con xestos, buscar, recompilar e organizar información en diferentes soportes, utilizar as TIC para contrastar e comprobar información e identificar algúns aspectos que axudan ao alumnado a aprender mellor.</p> <p>9. Amosar comprensión, tolerancia e respecto cara ás diferenzas de todo tipo, adoptando unha actitude positiva ante culturas e opinións alleas.</p> <p>10. Aplicar estratexias que favorezan a creatividade na produción de mensaxes próximas ao alumnado a partir dun contexto concreto e utilizando a educación artística, as tecnoloxías da comunicación e da información...</p> <p>11. Recoñecer, identificar e valorar algúns aspectos socioculturais do país ou países onde se fala a lingua estudada, identificando semellanzas e diferenzas coa nosa realidade. Demostrar curiosidade e interese por buscar información a través de diferentes medios.</p> <p>12. Amosar confianza e interese por transmitir diferentes aspectos da propia cultura a outros nenos e nenas empregando o idioma estranxeiro oralmente e por escrito e valorando positivamente o que desde a nosa cultura podemos ofrecer.</p>
--	---	--

## 4.4 Área de Matemáticas

### 4.4.1 Competencias básicas. Matemáticas

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p><b>Competencia en comunicación lingüística</b> Comprender e interpretar unha información escrita e con imaxes. Desenvolver a comprensión e mellorar as destrezas comunicativas. Incorporar a linguaxe matemática á expresión habitual. Comprender e utilizar distintos tipos de textos: receitas, adiviñas... Descifrar mensaxes ocultas seguindo unhas instrucións e interpretando uns códigos. Comprender e utilizar distintos tipos de textos para traballar conceptos matemáticos: encrucillados, sopas de letras e adiviñas. Comprender e interpretar outras linguaxes. Incidir nos contidos asociados na descrición verbal dos razoamentos. Desenvolver a comprensión e mellorar as destrezas lingüísticas. Escoitar, expoñer e dialogar. Expresar pensamentos e opinións. Ler, comprender e interpretar información.</p> <p><b>Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico</b> Percibir o colexio como o espazo físico no que se desenvolve parte da súa vida cotiá. Coñecer a realidade a través dos conceptos básicos de medida. Comprender, analizar e interpretar a información dunha receita de cociña. Utilizar representacións gráficas para interpretar información. Incorporar habilidades para interpretar o medio que o rodea e desenvolverse con autonomía e iniciativa persoal. Fomentar o interese por coñecer e interpretar a</p>	<p><b>Competencia en comunicación lingüística</b> Comprender e interpretar unha información escrita e con imaxes. Desenvolver a comprensión e mellorar as destrezas comunicativas. Incorporar a linguaxe matemática á expresión habitual. Comprender e utilizar distintos tipos de textos para traballar conceptos matemáticos: encrucillados, sopas de letras e adiviñas. Comprender e interpretar outras linguaxes. Incidir nos contidos asociados na descrición verbal dos razoamentos. Desenvolver a comprensión e mellorar as destrezas lingüísticas. Escoitar, expoñer e dialogar. Expresar pensamentos e opinións. Ler, comprender e interpretar información.</p> <p><b>Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico</b> Coñecer a realidade a través dos conceptos básicos de medida. Utilizar representacións gráficas para interpretar información. Incorporar habilidades para interpretar o medio que o rodea e desenvolverse con autonomía e iniciativa persoal. Coñecer a realidade a través da medida.</p> <p><b>Competencia matemática</b> Utilizar en situacións fóra da aula os contidos estudados. Poñer en práctica procesos de razoamento e de desenvolvemento da atención. Adquirir coñecementos e destrezas matemáticas. Mostrar interese por utilizar modos matemáticos de</p>	<p>Para lograr a adquisición desta competencia, o alumno debe... <b>Ser quen de coñecer e valorar a presenza das informacións numéricas na vida cotiá, manexar os números nos seus diferentes contextos e empregalos con distintas finalidades.</b> No terceiro ciclo o alumno aprenderá os números ata doce cifras, as fraccións, os números decimais e os números enteiros, así como os múltiples usos de todos eles. Traballará coas distintas situacións cotiás onde aparecen, e manexará diferentes formas nas que se poden presentar. Tamén realizará a súa representación de diferentes xeitos e traballará a súa lectura, escritura e descomposición a partir das distintas ordes de unidades, e aprenderá a comparar números. <b>Ser quen de realizar cálculos e estimacións con números, identificando situacións onde sexan necesarios e expresando o proceso seguido.</b> As operacións de suma, resta, multiplicación e división constitúen unha parte dos contidos do terceiro ciclo. Ademais, traballaránse as porcentaxes e a proporcionalidade, as aproximacións e estimacións. Durante todo o ciclo, o alumno asociará estas operacións con situacións reais nas que as aplicará. O cálculo mental traballará tamén de forma sistemática. <b>Ser quen de utilizar distintas unidades de medida, estimar medidas de magnitudes e expresar os resultados na unidade adecuada.</b> O alumno, ao longo deste ciclo, traballará coas unidades de medida das magnitudes máis importantes (lonxitude, capacidade, masa e superficie) e utilizaráas en contextos reais, expresando os resultados na unidade adecuada. Tamén se dedicará especial atención á estimación de magnitudes e ao traballo con tempo e diñeiro. <b>Ser quen de recoñecer a presenza de liñas, formas e corpos xeométricos na realidade, aplicar as súas características para describir situacións e utilizalas con distintos fins.</b> No referente ao plano, o alumno traballará os tipos de figuras planas (polígonos e círculos), os seus elementos, clasificación e trazado; e os ángulos, os seus elementos, clasificación, medida e trazado. Tamén aprenderá a calcular o perímetro e a área dun polígono e un círculo. O traballo co espazo concretarase no estudo dos corpos xeométricos (prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) e os seus elementos. Ademais, traballarase o cálculo do volume de ortoedros e cubos. <b>Ser quen de utilizar e elaborar estratexias de resolución de problemas, escoller a máis adecuada en cada caso e aplicala seguindo un proceso de resolución ordenado.</b></p>

<p>información que ofrece o reloxo dixital e o reloxo analóxico.</p> <p><b>Competencia matemática</b>                  Utilizar en situacións fóra da aula os contidos estudados.                  Poñer en práctica procesos de razoamento e de desenvolvemento da atención.                  Apreciar a noción de cantidade no cotián.                  Aplicar os conceptos matemáticos aprendidos en situacións cotiás.                  Seleccionar as operacións adecuadas para resolver un problema.                  Manexar os conceptos espaciais básicos en situacións reais.                  Fomentar o interese por expresar a información de forma numérica.                  Empregar o cálculo para resolver enigmas ou problemas.                  Fomentar a curiosidade por coñecer as relacións que existen entre os números.                  Utilizar unidades de medida non convencionais na vida cotiá.                  Resolver problemas relacionados coa vida cotiá.                  Manexar adecuadamente as moedas de euro en situacións reais.                  Comprender, interpretar e realizar gráficos de barras.                  Interpretar e expresar informacións, datos e argumentacións.                  Interpretar e aplicar unha información.</p> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital</b>                  Iniciarse no uso do ordenador.                  Nomear as partes do ordenador.                  Buscar información relacionada co coñecemento do medio e do seu entorno.</p> <p><b>Competencia social e cidadá</b>                  Utilizar as matemáticas como destreza para a convivencia e o respecto.</p>	<p>pensamento.                  Recoñecer distintos usos dos números e utilizar códigos numéricos para identificar obxectos, situacións...                  Recoñecer a utilidade das operacións para resolver problemas.                  Apreciar a noción de cantidade no cotián.                  Aplicar os conceptos matemáticos aprendidos en situacións cotiás.                  Seleccionar as operacións axeitadas para resolver un problema.                  Empregar o cálculo para resolver enigmas ou problemas.                  Fomentar o interese por expresar a información de forma numérica.                  Utilizar unidades de medida non convencionais na vida cotiá.                  Resolver problemas relacionados coa vida cotiá.                  Manexar axeitadamente as moedas de euro en situacións reais.                  Comprender, interpretar e realizar gráficos de barras.                  Interpretar e expresar informacións, datos e argumentacións.                  Interpretar e aplicar unha información.</p> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital</b>                  Facilitar a comprensión de informacións que incorporen cantidades e medidas.                  Iniciarse no uso de calculadoras e de ferramentas tecnolóxicas para facilitar a comprensión de contidos matemáticos.                  Iniciarse no uso de cronómetros e reloxos dixitais para facilitar a comprensión de contidos matemáticos.                  Utilizar Internet como recurso para a busca de información e para a obtención de figuras e representacións xeométricas                  Utilizar a linguaxe gráfica e estatística para interpretar a información sobre a realidade.</p> <p><b>Competencia social e cidadá</b>                  Utilizar as matemáticas como destreza para a</p>	<p>Durante todo o ciclo, o alumno recoñecerá e resolverá diferentes tipos de problemas, todos eles con dous ou máis operacións. Os alumnos aprenderán a seguir un proceso ordenado de resolución e coñecerán e utilizarán diferentes estratexias para resolver os problemas, tendo tamén a oportunidade de inventar problemas propios.</p> <p><b>Ser quen de recoller datos e informacións do contorno que o rodea, representar a información en distintas formas, interpretar e producir mensaxes con ela.</b>                  No terceiro ciclo os alumnos aprenderán a interpretar gráficos de barras, lineais, pictogramas, histogramas e gráficos de sectores. Deles, extraerán a información que lles permitirá contestar preguntas e resolver problemas. Tamén traballarán a probabilidade e o cálculo de medidas estatísticas (media, mediana, moda e rango).  <b>Ser quen de recoñecer a presenza e o papel das Matemáticas no noso mundo, valorar a importancia da creatividade e o rigor ao utilizalas e confiar nas súas propias habilidades.</b>                  Os alumnos chegarán a recoñecer e apreciar a utilidade das <i>Matemáticas</i> na súa vida cotiá, ao realizar actividades de distintos tipos centradas en contextos reais. O traballo sistemático e organizado permitiralles tomar conciencia da importancia de ser ordenados e coidadosos.</p> <p><b>Contribución da área de matemáticas ao desenvolvemento doutras competencias básicas</b></p> <p><b>Competencia en comunicación lingüística.</b>                  Para desenvolver esta competencia, ao traballar as <i>Matemáticas</i> os alumnos deben pór especial atención na incorporación dos termos matemáticos á linguaxe usual e o seu uso correcto, na descrición verbal dos procesos e na comprensión dos textos que se lles ofrecen (en especial, os problemas). É necesario que os alumnos falen, escriban, escoiten e expliquen o proceso seguido no seu traballo matemático.</p> <p><b>Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.</b>                  A área de Matemáticas permite aos alumnos comprender, describir e interactuar co contorno físico que os rodea. O traballo coas posicións no espazo, as figuras e corpos xeométricos, a simetría... capacítalos para ser competentes no emprego de planos, mapas, rutas... Da mesma xeito, os contidos de números, operacións e medida axúdanlles a comprender a realidade, e a interactuar con ela. Co estudo dos gráficos entenden e producen informacións sobre o contorno.</p> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital.</b>                  Esta área contribúe á adquisición desta competencia de varias formas. Por unha banda, achega destrezas como a comparación de números, a aproximación, as distintas formas de expresar e de usar os números...;</p>
--	---	--

<p>Traballar en equipo, aprendendo a aceptar outros puntos de vista distintos do propio. Desenvolver habilidades sociais, como o diálogo e o traballo en equipo.</p> <p><b>Competencia cultural e artística</b>                  Utilizar algunhas obras de arte para traballar contidos matemáticos.                  Realizar un debuxo, seguindo unhas indicacións, e, fomentar así, a creatividade.                  Desenvolver a habilidade para construír un reloxo de cartolina seguindo unhas instrucións.</p> <p><b>Competencia para aprender a aprender</b>                  Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe: reflexionar sobre que e como se aprendeu.                  Comprender, analizar e resolver problemas.                  Utilizar ferramentas matemáticas básicas para realizar calquera aprendizaxe.</p> <p><b>Autonomía e iniciativa persoal</b>                  Utilizar as matemáticas para fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos.                  Saber tomar decisións ante un problema.</p>	<p>convivencia e o respecto.                  Traballar en equipo, aprendendo a aceptar outros puntos de vista distintos do propio. Desenvolver habilidades sociais, como o diálogo e o traballo en equipo.</p> <p><b>Competencia cultural e artística</b>                  Valorar o coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural dos pobos.                  Recoñecer as relacións e formas xeométricas axuda na análise de producións artísticas.                  Utilizar os envases de refugo para realizar producións artísticas.                  Utilizar algunhas obras de arte para traballar contidos matemáticos.</p> <p><b>Competencia para aprender a aprender</b>                  Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe: reflexionar sobre o que e como se aprendeu.                  Comprender, analizar e resolver problemas.                  Utilizar ferramentas matemáticas básicas para realizar calquera aprendizaxe.</p> <p><b>Autonomía e iniciativa persoal</b>                  Utilizar as matemáticas para fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos.                  Saber tomar decisións ante un problema.</p>	<p>e por outro, traballa a recollida e tabulación de datos, e a interpretación e representación de táboas de dobre entrada e dos tipos de gráficos máis comúns.</p> <p><b>Competencia social e cidadá.</b>                  Valores como o rigor, o coidado, a perseveranza están asociados ao traballo matemático. Do mesmo xeito, o traballo en equipo e a consideración e reflexión sobre as opinións e puntos de vista dos outros (por exemplo, ao resolver problemas) contribúen ao desenvolvemento desta competencia.</p> <p><b>Competencia cultural e artística.</b>                  O saber matemático é parte fundamental do coñecemento da humanidade, e contidos como os tratados en Xeometría permiten o alumno comprender, de xeito máis efectivo, as manifestacións artísticas, e ser quen de utilzalos para crear obras propias.</p> <p><b>Competencia para aprender a aprender.</b>                  O desenvolvemento de noções matemáticas firmes e o manexo preciso da información son instrumentos que facilitan posteriores aprendizaxes. De igual xeito, actitudes como a autonomía e o esforzo potencianse ao abordar situacións complexas de xeito sistemático. A verbalización dos procesos seguidos axuda tamén á reflexión sobre o aprendido e a consecución dunha aprendizaxe efectiva.</p> <p><b>Autonomía e iniciativa persoal.</b>                  As <i>Matemáticas</i> contribúen á consecución desta competencia desde os contidos asociados á resolución de problemas, que é un dos eixos fundamentais da área. A contribución a esta competencia realízase desde tres vertentes principais: a planificación, a xestión dos recursos e a valoración dos resultados. A resolución de situacións abertas fomenta a confianza nas propias capacidades.</p>
---	---	--

#### 4.4.2 Obxectivos Xerais. Matemáticas

1. Apreciar o papel das matemáticas na vida cotiá, gozar co seu uso e recoñecer o valor de actitudes como a exploración de distintas alternativas, a conveniencia da precisión ou a perseveranza na busca de solucións.
2. Recoñecer situacións do medio habitual do alumnado que requiran, para a súa comprensión ou tratamento, de operacións elementais de cálculo; formulalas mediante formas sinxelas de expresión matemática ou resolvelas empregando os algoritmos correspondentes; valorar o sentido dos resultados, a presentación ordenada e clara e a explicación oral e por escrito dos procesos seguidos.
3. Empregar o coñecemento matemático para comprender, valorar e producir informacións e mensaxes sobre feitos e situacións da vida cotiá e recoñecer o seu carácter instrumental para outros campos de coñecemento.
4. Coñecer, valorar e adquirir seguridade nas propias habilidades matemáticas para afrontar situacións diversas que permitan gozar dos aspectos creativos, estéticos ou utilitarios e confiar nas súas posibilidades de uso.
5. Empregar e elaborar instrumentos e estratexias persoais de cálculo mental e de medida, así como procedementos de orientación espacial, en contextos de resolución de problemas, decidindo, en cada caso, as vantaxes do seu uso e valorando a coherencia dos resultados.

6. Utilizar de forma axeitada as tecnoloxías da información e da comunicación, a biblioteca e calquera outro recurso pertinente do que se dispoña, tanto no cálculo como na busca, tratamento e representación de informacións diversas.
7. Identificar formas xeométricas do contorno natural e cultural, empregando o coñecemento dos seus elementos e propiedades para describir a realidade e desenvolver novas posibilidades de acción.
8. Empregar técnicas elementais de recollida de datos para obter información sobre fenómenos e situacións do contorno do alumnado; representala de xeito gráfico e numérico e formarse un xuízo sobre ela mesma.

#### 4.4.3 Secuenciación de obxectivos. Matemáticas

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Utilizar espontaneamente os números naturais e palabras sinxelas relativas a comparacións e operacións (máis, menos, igual, maior, etc.) para comprender e interpretar informacións e mensaxes sobre situacións cotiás do seu contorno.</li> <li>2. Consolidar os conceptos matemáticos básicos sobre o número, a medida, as formas xeométricas e a súa situación no espazo, e as súas posibilidades operatorias e de organización da información.</li> <li>3. Detectar problemas sinxelos do contorno cotián para cuxa resolución se requiran as operacións e destrezas básicas do cálculo.</li> <li>4. Utilizar a operatoria elemental para resolver situacións problemáticas da vida cotiá.</li> <li>5. Interpretar mensaxes orais e escritas relativos á vida cotiá o á propia actividade escolar e que conteñan números e unha operación aditiva, distinguindo o papel dos termos.</li> <li>6. Demostrar curiosidade polas distintas representacións dunha situación concreta, por outras formas de contar ou medir (reorganizando datos, usando distintos materiais e instrumentos, etc.).</li> <li>7. Valorar a necesidade e importancia das matemáticas na vida cotiá.</li> <li>8. Mostrar interese e perseveranza na busca de solucións a sinxelas situacións problemáticas.</li> <li>9. Manifestar satisfacción polo progreso dos seus coñecementos matemáticos, pola autonomía que lle proporcionan os mesmos e pola aplicación destes coñecementos a actividades e situacións lúdicas, valorando o esforzo invertido nas operacións e non limitando o seu interese á obtención dun resultado determinado.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Recoñecer situacións da vida cotiá que poidan ser descritas coa axuda de códigos, números naturais e fraccións moi sinxelas.</li> <li>2. Resolver situacións da vida cotiá cuxo tratamento requira varias operacións elementais de cálculo, utilizando os algoritmos correspondentes e interpretando o resultado.</li> <li>3. Detectar e resolver problemas cada vez máis complexos do contorno cotián, cuxa resolución requira as operacións e destrezas básicas do cálculo.</li> <li>4. Consolidar os conceptos básicos matemáticos sobre o número, as operacións básicas de cálculo, a medida, as formas xeométricas e a súa situación no espazo, as súas posibilidades operatorias e de organización da información.</li> <li>5. Utilizar as distintas linguaxes matemáticas (numérico, xeométrico e gráfico) para interpretar, valorar e producir informacións e mensaxes sobre situacións coñecidas.</li> <li>6. Utilizar o coñecemento matemático para interpretar, valorar e producir informacións e mensaxes sobre fenómenos coñecidos</li> <li>7. Mostrar interese pola precisión na realización de cálculos cada vez máis complexos e pola representación ordenada e clara.</li> <li>8. Manifestar satisfacción polo progreso dos seus coñecementos matemáticos.</li> <li>9. Afrontar con autonomía situacións problemáticas cada vez máis complexas, sen abandonar as tarefas ata concluílas.</li> <li>10. Valorar a necesidade e importancia das matemáticas na vida cotiá.</li> <li>11. Mostrar interese e perseveranza na busca de solucións a sinxelas situacións problemáticas.</li> <li>12. Gozar coas diferentes posibilidades de representación de datos sobre feitos ou situacións da vida cotiá de forma numérica e gráfica.</li> <li>13. Efectuar operacións sinxelas de cálculo mental e mostrar</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñecer as ordes de unidades e as equivalencias entre elas.</li> <li>2. Ler, escribir e descompoñer números. Coñecer o valor posicional da cifra.</li> <li>3. Coñecer as regras da numeración romana.</li> <li>4. Multiplicar incluíndo factores con ceros intermedios ou ó final.</li> <li>5. Aplicar as propiedades correspondentes nas distintas operacións.</li> <li>6. Realizar operacións combinadas con ou sen parentese.</li> <li>7. Buscar datos nun texto ou nun gráfico para resolver problemas.</li> <li>8. Coñecer e relacionar os termos das operacións fundamentais.</li> <li>9. Recoñecer os termos dunha fracción. Ler, escribir e representalas.</li> <li>10. Sumar e restar fraccións.</li> <li>11. Recoñecer, escribir e descompoñer números decimais.</li> <li>12. Coñecer e aplicar os pasos precisos para resolver un problema.</li> <li>13. Recoñecer as propiedades dos números: múltiplos, divisores, números primos e compostos.</li> <li>14. Aplicar porcentaxes en situacións cotiás.</li> <li>15. Valorar a utilización dunha linguaxe numérica e cuantitativa cada vez máis precisa e rigurosa.</li> <li>16. Introducir o concepto de potencia. Cadrados e cubos.</li> </ol>

<p>10. Afrontar con autonomía as situacións problemáticas, sen pedir axuda ante a primeira dificultade e sen abandonar pequenas tarefas ata telas concluído razoablemente, apreciando o que de positivo teñen os erros cometidos.</p> <p>11. Utilizar os números para cuantificar magnitudes pequenas do seu contorno, de maneira exacta ou aproximada, contando o estimando.</p> <p>12. Realizar medicións (lonxitude, capacidade e masa) con atención, escollendo entre as unidades corporais e instrumentos de medida dispoñibles os que mellor se axusten ao tamaño e á natureza do obxecto que se desexa medir.</p> <p>13. Expresar correctamente as medidas realizadas, indicando a unidade utilizada.</p> <p>14. Recoñecer e describir con linguaxe coloquial formas e corpos xeométricos do contorno próximo (circulares, rectangulares, cadrados, triangulares, cúbicos e esféricos).</p> <p>15. Coñecer e utilizar, de forma experimental, as medidas de lonxitude e de tempo mediante o emprego da calculadora e o ordenador.</p> <p>16. Explorar e utilizar instrumentos sinxelos de cálculo.</p> <p>17. Debuxar formas planas e representar as tridimensionais con axuda de materiais diversos, recoñecendo algunhas das propiedades das formas xeométricas (redondez, simetría, etc.) e utilizándoas nas súas propias composicións.</p> <p>18. Identificar a situación dun obxecto no espazo respecto a si mesmo ou a outro obxecto fixo e visible, utilizando os termos adecuados (arriba-abaxo, diante-detrás, dentro-fóra, cerca-lonxe, esquerda-dereita), e describir sinxelos desprazamentos en relación cos puntos de referencia elixidos.</p> <p>19. Iniciarse na observación e toma de datos da realidade cotiá.</p> <p>20. Representar datos mediante sencillos diagramas de barras e interpretar tablas y gráficas similares contextualizadas.</p> <p>21. Representar datos mediante un diagrama de barras e interpretar táboas e gráficas similares contextualizadas.</p>	<p>confianza nas propias capacidades.</p> <p>14. Elaborar e utilizar estratexias persoais de estimación, aproximación e cálculo mental, e orientación espacial para a resolución de problemas sinxelos a partir do seu coñecemento dos números e das catro operacións básicas.</p> <p>15. Coñecer e utilizar, de forma experimental, as medidas de lonxitude, capacidade, masa e tempo.</p> <p>16. Explorar e utilizar instrumentos sinxelos de cálculo (ábaco), analizando a súa adecuación, vantaxes e inconvenientes, e revisando os resultados.</p> <p>17. Explorar e utilizar instrumentos sinxelos de medida (regla graduada, unidades de lonxitude, capacidade e masa, reloxo, etc.), revisando os resultados.</p> <p>18. Ser consciente da importancia de utilizar internacionalmente o sistema métrico decimal.</p> <p>19. Recoñecer no contorno obxectos e espazos con diferentes formas xeométricas e clasificalos polas propiedades descubertas.</p> <p>20. Comprender mellor o propio contorno e desenvolver novas posibilidades de acción sobre este, utilizando os seus coñecementos sobre as formas xeométricas, e describindo apropiadamente posicións e traxectorias de obxectos no espazo.</p> <p>21. Definir a propia situación e a dos obxectos utilizando diferentes puntos de vista e sistemas de referencia apropiados.</p> <p>22. Interpretar sinxelos esbozos, planos, mapas e maquetas, recoñecendo neles elementos importantes e recorrido.</p> <p>23. Detectar e resolver problemas sinxelos da vida cotiá, para cuxa resolución se necesite a axuda de códigos básicos e do sistema de numeración decimal.</p> <p>24. Coñecer o valor de posición de cada dígito e ser capaz de representar cantidades máis complexas.</p> <p>25. Seleccionar e aplicar pertinentemente a operación axeitada cos datos dispoñibles en diferentes situacións, algunhas delas máis complexas.</p> <p>26. Observar e tomar datos sobre feitos, fenómenos e situacións da realidade cotiá para clasificalos e cuantificalos, formándose xuízos sobre eles, e representándoos gráfica e numericamente.</p> <p>27. Representar datos mediante sinxelos diagramas de barras e interpretar táboas e gráficas similares contextualizadas.</p>	<p>17. Resolver e formular problemas en que interveñan a lectura, a interpretación e a análise crítica de representacións gráficas de datos.</p> <p>18. Representar gráficamente a información mediante táboas de datos, diagramas de barras, lineais, ...</p> <p>19. Interpretar a información que nos da a media aritmética, a moda e o rango</p> <p>20. Coñecer os instrumentos e as unidades de medida e expresar medidas de lonxitude, superficie, masa, capacidade, amplitude de ángulos e de tempo. Facer cambios de unidades, usar complexos e incomplexos para expresar datos e equivalencias no S.M.D.</p> <p>21. Usar instrumentos de debuxo (regla, escuadro, transportador, compás...) e programas informáticos para construír formas e elementos xeométricos.</p> <p>22. Manipular, comparar, describir e clasificar figuras planas e corpos xeométricos atendendo a diferentes criterios e elementos.</p> <p>23. Valorar a necesidade de reflexión, razoamento e perseveranza para superar as dificultades na resolución de problemas.</p>
--	--	---



#### 4.4.4 Secuenciación de Contidos. Matemáticas

##### Bloque 1. Espazos e formas

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Interpretación de mensaxes que conteñan informacións sobre relacións espaciais contrastando significados con compañeiras e compañeiros.</li> <li>2. Utilización do vocabulario topolóxico elemental (esquerda-dereita, diante-detrás, arriba-abaxo, preto-lonxe, próximo-afastado...) para describir relacións de situación dos obxectos do espazo próximo.</li> <li>3. Descrición de posicións e de movementos, en relación a si mesmo, a si mesma e a outros puntos de referencia.</li> <li>4. Interpretación e descrición verbal de planos de itinerarios e elaboración elemental e non convencional destes, unha vez vivenciados.</li> <li>5. Recoñecemento de aspectos xeométricos básicos (liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas e cubos) no contorno inmediato.</li> <li>6. Interpretación e emisión de informacións sobre espazos e sobre obxectos familiares, usando vocabulario xeométrico sobre estes aspectos.</li> <li>7. Construción de figuras xeométricas sinxelas, previa análise e recoñecemento das súas características, recorrendo a materiais manipulables.</li> <li>8. Experimentación lúdica con formas xeométricas para buscar elementos de regularidade, identificar, comparar, clasificar e descubrir as súas propiedades.</li> <li>9. Experimentación a partir de composición e descomposición de figuras planas e de corpos xeométricos para formar outros.</li> <li>10. Resolución de problemas xeométricos explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación planificada, o proceso seguido e as solucións obtidas.</li> <li>11. Curiosidade pola exploración de materiais e de obxectos diversos coa finalidade de descubrir as formas e os seus elementos.</li> <li>12. Confianza nas propias posibilidades e valoración positiva das contribucións alleas. Interese e constancia na busca de solucións a problemas variados da vida cotiá.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Interpretación e elaboración de mensaxes que conteñan informacións sobre relacións espaciais.</li> <li>2. Descrición de posicións e de movementos en relación a unha mesma ou a un mesmo e a outros puntos de referencia.</li> <li>3. Descrición de itinerarios empregando unha linguaxe matemática o máis correcta posible coa incorporación de conceptos como rectas, curvas, paralelas e intersección de rectas.</li> <li>4. Recoñecemento de simetrías e de translacións en manifestacións e expresións artísticas.</li> <li>5. Interpretación, descrición e elaboración de planos de itinerarios, en maquetas e en bosquexos de contornos próximos.</li> <li>6. Identificación de figuras planas e de corpos xeométricos (cubos, esferas, prismas, pirámides e cilindros) en obxectos e en espazos cotiáns. Descrición da súa forma, utilizando o vocabulario xeométrico básico (lados, arestas, carasspnda).</li> <li>7. Manipulación e experimentación con figuras e con corpos xeométricos para buscar elementos, ángulos e vértices, segundo corre de regularidade neles, identificar as súas propiedades, comparalas e clasificalas con criterios elementais, formar figuras planas e corpos xeométricos a partir doutras por composición e descomposición.</li> <li>8. Resolución de problemas xeométricos interpretando o enunciado, recoñecendo os datos, identificando a información útil, planificando o proceso, poñéndoo en práctica e verbalizando para detectar erros e poder rectificar.</li> <li>9. Interese pola elaboración e presentación coidadosa das construcións xeométricas.</li> <li>10. Confianza nas propias posibilidades; curiosidade, interese e constancia para empregar as construcións xeométricas, os obxectos e as relacións espaciais.</li> <li>11. Participación activa e responsable no traballo en equipo. Gusto por compartir os procesos de resolución e os resultados obtidos</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Interpretación, análise e representación elemental (planos e maquetas) do espazo. Introdución ao concepto de escalas.</li> <li>2. Comprensión e emisión de informacións relativas ao contorno físico, aos obxectos e á arte utilizando o vocabulario relativo a formas, relacións, elementos referenciais e outras nocións xeométricas (perímetro/ superficie).</li> <li>3. Experimentación con ampliacións e con reducións de figuras como introdución á noción de semellanza, así como coa realización de simetrías.</li> <li>4. Interese na busca de solucións ante situacións relacionadas coa organización e utilización do espazo.</li> <li>5. Utilización de instrumentos de debuxo e programas informáticos para a construción e exploración de formas e de elementos xeométricos.</li> <li>6. Resolución de problemas de perímetros e áreas de figuras xeométricas.</li> <li>7. Comparación, descrición e clasificación de figuras e de corpos xeométricos atendendo a diferentes criterios e elementos.</li> <li>8. Sensibilidade para apreciar a xeometría no mundo real.</li> <li>9. Interese pola precisión na descrición e na representación de formas xeométricas e pola presentación clara e ordenada dos traballos xeométricos.</li> <li>10. Confianza nas propias posibilidades para usar construcións xeométricas, os obxectos e as relacións espaciais para resolver problemas.</li> </ol>

## Bloque 2. Cantidades

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Recoñecemento dos usos dos números para solucionar problemas en contextos próximos (contar, medir, ordenar, nomear...).</li> <li>2. Reconto, comparación, ordenación e expresión de cantidades en situacións da vida cotiá.</li> <li>3. Representación, lectura, escritura e descomposición de números amosando coñecemento da grafa, do nome e do valor.</li> <li>4. Recoñecemento e utilización dos números ordinais para resolver problemas da vida diaria.</li> <li>5. Comparación de números en contextos familiares e expresión de relacións entre eles (maior ca, menor ca, diferente a, igual ca...) usando a simboloxía adecuada. Situación dos números na recta numérica.</li> <li>6. Manipulación dos números para atopar intuitivamente as súas propiedades e regularidades. Ensaio de estratexias para contar rapidamente.</li> <li>7. Disposición para utilizar os números, así como as súas relacións e operacións, para obter e expresar información, para a interpretación de mensaxes e para resolver problemas en situacións reais.</li> <li>8. Resolución de problemas da vida cotiá que impliquen a aplicación de sumas e de restas e a utilización de estratexias procesuais adecuadas (interpretación da situación problemática, confrontación de puntos de vista, determinación de datos útiles, selección da operación axeitada, emprego do algoritmo correspondente, verificación do resultado, expresión ordenada do resultado, explicitación do proceso de resolución).</li> <li>9. Confianza nas propias posibilidades e curiosidade, interese e perseveranza na busca de solucións.</li> <li>10. Uso do erro como mecanismo de mellora.</li> <li>11. Formulación de problemas variados da vida cotiá.</li> <li>12. Emprego da suma para xuntar ou engadir e da resta para separar ou quitar en situacións familiares. Recoñecemento do significado de cada operación.</li> <li>13. Utilización de procedementos diversos e de estratexias persoais (de estimación de resultados, de aplicación intuitiva das propiedades das operacións e de cálculo mental) para realizar, en situacións cotiás, sumas e restas. Explicación oral dos razoamentos e das estratexias desenvolvidas.</li> <li>14. Cálculo de sumas e de restas, escollendo o método máis</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Busca e contraste de información relativa a aspectos matemáticos variados (como o número ou a medida ao longo da historia e en diferentes culturas, os conceptos traballados na aula...), utilizando diversas fontes: libros, a internet, persoas expertas...</li> <li>2. Identificación do papel das matemáticas na vida cotiá e da necesidade de usalas en múltiples contextos escolares e familiares.</li> <li>3. Uso dos números en situacións variadas e familiares para solucionar problemas relacionados con cantidades recoñecendo o valor de posición das cifras.</li> <li>4. Lectura, escritura, ordenación, comparación (usando termos como maior ca, menor ca, diferente de, igual a, aproximadamente igual, maior ca e menor ca...), seriación, descomposición e representación na recta numérica de diversos números.</li> <li>5. Expresión de particións e de relacións en contextos familiares coa utilización de números fraccionarios comparándoos mediante a ordenación e a súa representación gráfica.</li> <li>6. Confianza nas propias posibilidades e perseveranza para utilizar os números, as súas relacións e as operacións na obtención e expresión de informacións, manifestando iniciativa persoal nos procesos de resolución de problemas da vida cotiá.</li> <li>7. Resolución de problemas sinxelos da vida cotiá: interpretando o enunciado, recoñecendo os datos, atopando a información relevante, planificando o proceso, elaborando hipóteses sobre o resultado, empregando estratexias persoais de resolución e as operacións numéricas (suma, resta, multiplicación e división por unha cifra) que cumpran, comprobando as solucións e verbalizando o proceso.</li> <li>8. Formulación de problemas relacionados coa vida cotiá que precisen da aplicación de coñecementos numéricos e de operacionais para resolvelos.</li> <li>9. Valoración do contraste coas compañeiras e compañeiros, tanto do resultado final como das estratexias e procesos seguidos para chegar a el.</li> <li>10. Interpretación do erro como incentivo de mellora.</li> <li>11. Valoración da constancia na realización do traballo</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Uso de diferentes fontes e recursos (libros, ordenador) para atopar informacións sobre as relacións entre as necesidades sociais, os descubrimentos matemáticos e as mulleres e os homes que os produciron.</li> <li>2. Busca e recollida de información sobre os sistemas de numeración en culturas anteriores e sobre a súa influencia na actualidade.</li> <li>3. Recoñecemento do papel da matemática na vida cotiá, tanto en contextos escolares e en diferentes áreas como noutros ámbitos próximos.</li> <li>4. Identificación de aspectos cuantitativos da vida cotiá que se poden expresar usando diferentes tipos e sistemas (romano, árabe) de números.</li> <li>5. Resolución de problemas co uso de diferentes tipos de números, interpretando o seu valor e as súas funcións (contar, medir, ordenar, ...).</li> <li>6. Lectura, escritura, seriación, descomposición, ordenación, representación na recta numérica de distintos tipos de números (naturais, enteiros, fraccións, decimais) en contextos reais.</li> <li>7. Manipulación de números atopando equivalencias e correspondencias.</li> <li>8. Recoñecemento das propiedades dos números: múltiplos, divisores, números primos e números compostos.</li> <li>9. Valoración da utilización dunha linguaxe numérica e cuantitativa cada vez máis precisa e rigorosa.</li> <li>10. Resolución de problemas en que se observen as fases de decodificación, verificación e explicitación, que implican: planificación, anticipación, xuízo crítico, revisión do proceso, emprego de máis dun procedemento de resolución, presentación de datos con orde e claridade e formulación de razoamentos que argumenten a validez dunha solución ou o erro.</li> <li>11. Valoración das achegas estratéxicas das outras persoas e perseveranza na busca de solucións e de datos precisos.</li> <li>12. Colaboración responsable no traballo en</li> </ol>

<p>adecuado (mentalmente, con algoritmos, coa calculadora, co ordenador...), segundo o caso.</p> <p>15. Desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental para a busca do complemento dun número á decena inmediatamente superior e para resolver problemas de sumas e de restas.</p> <p>16. Cálculo aproximado. Estimación e redondeo do resultado dun cálculo ata a decena máis próxima escollendo entre varias solucións e valorando as respostas razoables.</p> <p>17. Familiarización co uso da calculadora para a xeración de series, composición e descomposición de números e comprobación dos resultados das operacións de suma e de resta.</p> <p>18. Aplicación da multiplicación a contextos cotiáns en que a operación signifique suma de sumandos repetidos.</p> <p>19. Construción das táboas de multiplicar do 2, do 5 e do 10 apoiándose en número de veces, suma repetida, disposición en cuadrículas...</p> <p>20. Interese pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos seus resultados.</p> <p>21. Utilización de obxectos e de instrumentos do contexto cotián do alumnado para medir obxectos, espazos e tempos, e para resolver problemas relacionados con tarefas habituais da aula ou con situacións familiares.</p> <p>22. Comparación de obxectos segundo lonxitude, peso ou capacidade, de xeito directo ou indirecto.</p> <p>23. Medición con instrumentos e estratexias non convencionais (palmo, pé, brazas, paso, baldosas, culleradas, vasos, cuncas, mancheas, chiscos...).</p> <p>24. Experimentación con unidades non convencionais para comparar valores, atopar equivalencias...</p> <p>25. Utilización de unidades usuais (quilogramo, litro, metro e centímetro, día, semana, mes) e instrumentos convencionais para medir en situacións cotiás</p> <p>26. Introducción á medida do tempo co uso do reloxo (as horas en punto, as medias)</p> <p>27. Resolución de problemas de medida con selección do «instrumento» adecuado, con estimación de resultados de medidas (distancias, tamaños, pesos, capacidades...) en contextos familiares, coa explicación oral do proceso seguido e da estratexia empregada na medición. Expresión do resultado da medida indicando o número e a unidade utilizada.</p> <p>28. Resolución de problemas sinxelos da vida cotiá do</p>	<p>operacional e do feito de non desanimarse ante as dificultades.</p> <p>12. Utilización en contextos familiares, para resolver situacións problemáticas, de: a suma como incremento; a resta como diminución, comparación e complemento; a multiplicación como suma abreviada, repetición e operador multiplicativo e a división como repartición e agrupación.</p> <p>13. Interese para a utilización dos números e do cálculo numérico na resolución de problemas en situacións reais.</p> <p>14. Descomposición aditiva e multiplicativa dos números. Construción (empregando diferentes estratexias) e memorización das táboas de multiplicar.</p> <p>15. Realización de cálculos con números naturais indicando o coñecemento do significado das operacións, realizando estimacións sobre os resultados e valorando se a resposta é razoable, seleccionando o método máis conveniente para facer o cálculo (mentalmente, con algoritmos, con calculadora, con ordenador) e explicando as estratexias utilizadas.</p> <p>16. Interese pola presentación limpa, ordenada e clara dos cálculos e dos seus resultados.</p> <p>17. Mellora progresiva da seguridade, autonomía e iniciativa persoal nas aprendizaxes numéricas e algorítmicas.</p> <p>18. Realización de medicións para resolver problemas en contextos reais empregando unidades de medida convencionais (múltiplos e submúltiplos máis usuais), elixindo e usando adecuadamente os instrumentos, seleccionando as unidades axeitadas, usando estratexias persoais para medir e estimar, controlando e verbalizando o proceso de medida, contrastando resultados e expresándoos correctamente manifestando as unidades utilizadas.</p> <p>19. Comparación, establecemento de equivalencias funcionais e ordenación de unidades e de cantidades dunha mesma magnitude (tanto de lonxitude, de peso, de capacidade e de tempo como das derivadas do sistema monetario).</p> <p>20. Confianza nas propias posibilidades e interese por compartir coas demais persoas os procesos que utilizan a medida para obter e expresar informacións e para</p>	<p>equipo, manifestando iniciativa para resolver problemas que implican a aplicación dos contidos estudados.</p> <p>13. Realización de cálculos numéricos, en situacións de resolución de problemas, usando diferentes procedementos (escritos, cálculo mental, ordenador...), decidindo sobre a razoabilidade dun resultado obtido</p> <p>14. Cálculo en situacións en que se recollan a xerarquía das operacións e os usos da paréntese, o automatismo dos algoritmos e as propiedades das operacións, as estratexias persoais, o uso dos instrumentos de cálculo e mais a presentación dos cálculos e dos resultados de xeito ordenado e claro.</p> <p>15. Aplicación de porcentaxes en situacións cotiás facendo correspondencias sinxelas entre elas, as fraccións e os decimais.</p> <p>16. Introducción ao concepto de potencia. Cadrados e cubos.</p> <p>17. Selección dos instrumentos e das unidades de medida máis adecuados e expresando con precisión medidas de lonxitude, de superficie, de masa, de capacidade, de amplitude de ángulos e de tempo.</p> <p>18. Resolución de problemas de medida en que se recollan estes aspectos: planificación do proceso; selección e uso dos instrumentos máis adecuados; uso de estratexias persoais; estimación de magnitudes; conversión, se cómpre, dunhas unidades noutras da mesma magnitude; expresión dos resultados nas unidades adecuadas; explicación dos procesos realizados.</p> <p>19. Desenvolvemento de estratexias persoais para medir perímetros e superficies de figuras e de obxectos de maneira exacta e aproximada. Comparación de superficies de figuras planas.</p> <p>20. Identificación de medidas tradicionais usadas na bisbarra e na localidade.</p> <p>21. Medición do tempo. Cálculo das equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.</p> <p>22. Medición de aberturas e de xiros co uso de ángulos, así como utilización de instrumentos convencionais para medir graos.</p>
--	--	---

<p>alumnado en que haxa que manexar prezos de obxectos. Identificación das distintas moedas e billetes que se corresponderían con eses prezos. 29. Curiosidade por coñecer e empregar a medida dalgúns obxectos e tempos familiares e interese pola interpretación de mensaxes que conteñan informacións sobre medidas. 30. Coidado na realización de medidas.</p>	<p>resolver problemas en situacións reais. 21. Interese pola presentación limpa e ordenada do proceso e pola expresión de medidas. 22. Valorar a importancia de dispoñer dun sistema convencional de medida</p>	<p>23. Uso da medición e das medidas para resolver problemas, comprender e transmitir informacións, validando o resultado co obtido polos compañeiros 24. Interese por utilizar con coidado e precisión diferentes instrumentos de medida e ferramentas tecnolóxicas e a empregar unidades adecuadas. 25. Valoración das vantaxes de ter un sistema de medida e que a unidade escollida afecta a precisión.</p>
--	---	---

**Bloque 3: Tratamento da información e azar**

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Lectura e interpretación de información matemática rexistrada nunha gráfica sinxela (convencional ou non convencional) relativa a fenómenos próximos. 2. Utilización de técnicas elementais para a recollida e ordenación de datos de contextos familiares e próximos. 3. Representación e organización guiada de datos relacionados coa vida cotiá mediante gráficos sinxelos (representación non convencional, liñas temporais, pictogramas...) 4. Resolución de problemas do contexto cotián en que interveñan a lectura de gráficos elementais, as descripcións orais, o contraste de opinións, a planificación do proceso de resolución, a comparación de procesos e a resolución e valoración de resultados. 5. Distinción entre seguro, posible e imposible, partindo da experiencia diaria e incorporando este vocabulario á súa linguaxe habitual. 6. Participación e colaboración activa no traballo en equipo e na aprendizaxe organizada a partir da investigación sobre situacións reais. Respecto polo traballo e polas estratexias das outras persoas.</p>	<p>1. Resolución e formulación de problemas en que se precise a interpretación de gráficos sinxelas (diagrama de barras e pictogramas) e de táboas de datos. 2. Recollida e rexistro de datos (táboas de dobre entrada e gráficos) sobre obxectos, fenómenos e situacións familiares utilizando técnicas elementais de enquisas, de observación e de medición. 3. Lectura, descrición e interpretación de táboas de dobre entrada e de gráficos de uso habitual na vida cotiá con propósitos funcionais. 4. Interese pola elaboración e pola presentación de gráficos e de táboas de forma ordenada e clara. 5. Confianza nas propias posibilidades, curiosidade, interese e constancia na interpretación de datos presentados de forma gráfica. 6. Utilización de expresións como posible, imposible, máis ou menos probable, seguro na valoración de resultados de experiencias lúdicas e cotiás en que intervén o azar. 7. Colaboración activa no traballo de grupo respectando o traballo, os procesos e as estratexias das outras persoas. 8. Valoración do uso das novas tecnoloxías nos ámbitos gráficos en que son precisas.</p>	<p>1. Resolución e formulación de problemas en que interveñan a lectura, a interpretación e a análise crítica de representacións gráficas de datos. 2. Recollida, selección, análise, organización e rexistro de datos utilizando técnicas elementais de enquisa, de observación e de medición. 3. Representación gráfica da información mediante táboas de datos, diagramas de barras, lineais, ... 4. Interpretación da información que nos da a media aritmética, a moda e o rango, e aplicación destas a situacións familiares e concretas. 5. Disposición á elaboración e á presentación de gráficos e de táboas. 6. Valoración da importancia de analizar as informacións que temos a través de gráficos estatísticos e a explorar todos os elementos evitando interpretacións precipitadas. 7. Obtención e emprego de información para a realización de gráficos. 8. Valoración do uso das novas tecnoloxías nos ámbitos gráficos. 9. Recoñecemento da presenza do azar na vida cotiá. Distinción entre situacións aleatorias e as que non o son 10. Estimación e predición de resultados posibles en situacións aleatorias (xogos) e uso de terminoloxía básica para describir situacións e experiencias de azar (posibles, probables, seguros...) 11. Valoración da necesidade de reflexión, razoamento e perseveranza para superar as dificultades na resolución de problemas. 12. Confianza nas propias posibilidades e interese por empregar as ferramentas tecnolóxicas na comprensión dos contidos funcionais.</p>

#### 4.4.5 Secuenciación dos criterios de avaliación. Matemáticas

Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
<p>1. Formula problemas sinxelos nos que se precise contar, ler, ordenar e escribir números ata o 999. Interpreta a función que teñen os números cando aparecen nun contexto real e usalos de acordo coas súas características.</p> <p>2. Compara cantidades pequenas (de obxectos, feitos ou situacións familiares), interpretando e expresando os resultados da comparación e redondeando, se a situación o require, ata a decena máis próxima.</p> <p>3. Resolve problemas relativos á vida cotiá en que sexa pertinente aplicar operacións de suma e de resta, empregando os algoritmos básicos correspondentes ou outros procedementos de resolución e explicando oralmente o proceso seguido.</p> <p>4. Utiliza procedementos diversos e estratexias persoais para realizar, en situacións cotiás e funcionais, cálculos numéricos básicos coas operacións de suma e de resta.</p> <p>5. Aplica a multiplicación a contextos cotiás en que a operación signifique suma de sumandos repetidos.</p> <p>6. Utiliza obxectos, instrumentos... do contexto habitual do alumnado para medir obxectos, espazos e tempos coa finalidade de resolver problemas relacionados con tarefas habituais da aula ou con situacións cotiás.</p> <p>7. Describe e representa dun xeito elemental a situación dun obxecto do espazo próximo, un desprazamento en relación a si mesma ou a si mesmo e a situación do propio alumnado en relación a obxectos e ás demais persoas da clase usando vocabulario topolóxico</p>	<p>1. Aplica a situacións variadas e familiares os coñecementos adquiridos sobre o uso dos números de ata seis cifras e resolve problemas sinxelos en que se precise lelos, escribilos, ordenalos, comparalos, representalos, serialos, descompoñelos... interpretando o valor de cada unha das súas cifras.</p> <p>2. Resolve problemas diversos relacionados co contorno que exixan certa planificación, control procesual e actitude favorable, aplicando unha ou dúas operacións numéricas, contidos básicos de xeometría ou tratamento da información e usando estratexias persoais de resolución.</p> <p><i>Téntase avaliar a capacidade de resolver problemas variados: interpretando o enunciado e decatándose de ata onde comprende; recoñecendo os datos, tanto cifrados directamente como os dados en gráficas; diferenciando a información útil da superflua; imaxinando o camiño mental que leve á solución a modo de planificación do que se realizará; elaborando hipóteses sobre o resultado; empregando estratexias persoais de resolución; recoñecendo as funcións das diferentes operacións; realizando as operacións por escrito ou con axuda da calculadora en función dos cálculos que cumpra realizar; comprobando as solucións; verbalizando o proceso seguido e expresando claramente o resultado; rectificando a solución segundo os resultados obtidos e os contrastes realizados co resto do grupo de alumnas e alumnos; aceptando a necesidade de rectificar a partir do erro; amosando actitude de perseveranza na busca de solucións.</i></p> <p>3. Realiza cálculos con números naturais, utilizando o coñecemento do sistema de numeración decimal, o procedemento máis axeitado, os recursos máis convenientes e as propiedades das operacións (suma, resta, multiplicación e división por unha cifra), en situacións cotiás e funcionais de resolución de problemas.</p> <p><i>Realiza estimacións sobre os resultados e valora se a resposta é razoable; selecciona o método máis conveniente para facer un cálculo concreto (mentalmente, mediante algoritmos, con calculadora, con ordenador...) en función da complexidade deste; desenvolve e utiliza con axilidade estratexias persoais de cálculo mental; usa a calculadora para comprobacións; considera o erro como un estímulo para novos cálculos e explica as estratexias aplicadas. Valorarase a aplicación intuitiva das propiedades das operacións e a capacidade de explicar oralmente os razoamentos desenvolvidos.</i></p> <p>4. Realiza medicións e estimacións (para resolver problemas relacionados cos contextos próximos e reais) escollendo, entre as unidades (lonxitude, capacidade, peso, tempo e as derivadas do sistema monetario) e instrumentos de medida usuais, os que mellor se axusten ao que se vaia medir.</p> <p><i>Medir para resolver problemas de contextos próximos (construír figuras planas, calcular itinerarios, confrontar capacidades, calcular intervalos, facer orzamentos, facer horarios...) empregando medidas convencionais (múltiplos e</i></p>	<p>1. Recoñe os usos e funcións dos números na vida diaria.</p> <p>2. Le, escribe, compara e descompon números enteiros e decimais.</p> <p>3. Recoñece as regras da numeración romana e escribe números usándoas.</p> <p>4. Realiza operacións combinadas con ou sen paréntese.</p> <p>5. Coñece os termos e as propiedades das operacións fundamentais.</p> <p>6. Suma, resta, multiplica e divide correctamente números enteiros, decimais e fraccionarios e realiza cálculos mentais.</p> <p>7. Resolve e formula problemas para os que cumpra recoñecer os aspectos cuantitativos que se poden expresar usando números e para os que haxa que ler, escribir, comparar, seriar, descompoñer, representar e ordenar distintos tipos de números (naturais, enteiros, fraccións e decimais).</p> <p>8. Utiliza os números decimais, os fraccionarios e as porcentaxes sinxelas como operadores na interpretación e na resolución de problemas.</p> <p>9. Resolve problemas, anticipando unha solución razoable, buscando o proceso de resolución adecuado, amosando actitudes de valoración das diferentes estratexias e perseveranza na busca de datos e de solucións precisas. Expresa de xeito ordenado e claro, oralmente e por escrito, o proceso seguido na resolución de problemas.</p> <p>10. Comprende a importancia que a orde e a claridade teñen na presentación de datos e na busca da solución correcta para detectar os posibles erros, para explicar o razoamento seguido e para argumentar sobre a validez dunha solución.</p> <p>11. Realiza operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos que fagan</p>

<p>elemental.</p> <p>8. Utiliza o coñecemento das formas rectangulares, triangulares, circulares, cadradas, esféricas e cúbicas para describir e resolve situacións cotiás que as requiran.</p> <p>9. Resolve e formula problemas nos que intervén a lectura de gráficas sinxelas de situacións familiares, interpretándoas a nivel básico.</p> <p>10. Diferencia situacións da vida cotiá en función de que sexan ou non previsibles os resultados. Manexa termos relacionados co azar como seguro, posible e imposible.</p>	<p><i>submúltiplos máis usuais); elixir o instrumento axeitado para efectuar medicións ou construír o instrumento sinxelo que se precisa; seleccionar a unidade de medida máis adecuada; elaborar e utilizar estratexias persoais de estimación e facer estimacións máis ou menos razoables; empregar adecuadamente o instrumento; controlar o proceso de medida; usar, en situacións cotiás, as conversións dunhas noutras; expresar os resultados na unidade adecuada; contrastar resultados da medición; comprender funcionalmente que a medida é unha aproximación e que a unidade escollida afecta a precisión; explicar oralmente ou por escrito o proceso e razoamento seguido.</i></p> <p>5. Obtén información puntual dunha representación espacial (bosquexo dun itinerario, plano dunha pista, maqueta do patio...), describíbea e represéntaa sinxelamente tomando como referencia obxectos familiares coa finalidade de resolver problemas elementais do contorno próximo. Utiliza as nocións básicas de movementos xeométricos para describir e comprender situacións da vida cotiá e para valorar expresións artísticas.</p> <p><i>Describir unha representación espacial familiar de obxectos e de contextos próximos utilizando o vocabulario e as relacións xeométricas (aliñamento, paralelismo, perpendicularidade).</i></p> <p>6. Usar o coñecemento das formas e corpos xeométricos do espazo (polígonos, círculos, cubos, prismas, cilindros, esferas) para describir e resolver problemas do contexto próximo.</p> <p><i>Recoñecer as formas xeométricas; analizar as súas propiedades; comparar e clasificar figuras e corpos atendendo a diversos criterios (formais e persoais), compartíndoos co resto das compañeiras e dos compañeiros; construílas; experimentar para transformalas, coa finalidade última de describir usando vocabulario xeométrico básico; razoar e resolver problemas relacionados co contexto próximo.</i></p> <p>7. Resolve e formula problemas nos que intervén a lectura de gráficas e de táboas de datos sobre situacións cotiás. Resolve problemas nos que se precisa: recoller datos sobre feitos e sobre obxectos da vida cotiá usando técnicas sinxelas de conto, ordenar estes datos atendendo a un criterio de clasificación e expresar o resultado en forma de táboa ou de gráfica.</p> <p>8. Emprega en situacións da vida cotiá e en xogos expresións típicas para describir incerteza seguro, posible e imposible. Identifica algúns sucesos aleatorios do contorno do alumnado.</p>	<p>referencia ás propiedades das operacións.</p> <p>12. Avisa gusto pola presentación ordenada e clara dos cálculos e dos resultados.</p> <p>13. Selecciona os instrumentos e unidades de medida usuais máis adecuados, facendo estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, de superficie, de peso, de capacidade, de amplitude de ángulos e de tempo.</p> <p>14. Nomea, clasifica e identifica os diferentes tipos de ángulos, polígonos e corpos xeométrico.</p> <p>15. Coñece e aplica os conceptos de perímetro, área e volume.</p> <p>16. Interpreta representacións espaciais (itinerario, planos e maquetas) e de obxectos e situacións familiares coa finalidade de resolver problemas.</p> <p>17. Emprega as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, perímetro e superficie para describir, comprender e resolver problemas.</p> <p>18. Resolve e formula problemas en que cumpra realizar, ler, interpretar e comunicar con representacións gráficas resultados dun conxunto de datos.</p> <p>19. Fai estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, probable) de xogos sinxelos de azar para comprobar o dito resultado.</p> <p>20. Coñece e identifica o concepto de frecuencia, moda, media.</p>
---	--	---

## 4.5 Área de Coñecemento do Medio

### 4.5.1 Competencias básicas. Coñecemento do Medio

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p><b>Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico</b></p> <p>- <b>Aprender a comportarse.</b>  Obter información.  Resolver conflitos.  Observar e pensar.  Adquirir bos hábitos.  Expresarse.</p> <p>- <b>Coidar o medio.</b>  Respectar os animais.  Desenvolver a creatividade.  Obter información.</p> <p>- <b>Aprender a traballar.</b>  Obter información.  Buscar e manexar información.  Organizar a información.  Interpretar a información.  Recoller información.  Memorizar unha información.</p> <p>- <b>Desenvolver a curiosidade.</b>  Ler e aprender.  Expresarse.  Experimentar e recoller información.</p> <p><b>Competencia para aprender a aprender</b></p> <p>- <b>Aprender a traballar.</b>  Obter información.  Desenvolver a atención.  Descubrir información.  Interpretar instrucións.</p> <p>- <b>Interpretar a información.</b>  Ler e debuxar.</p> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital</b></p> <p>- <b>Aprender a aprender.</b></p>	<p><b>Competencia en comunicación lingüística</b>  Aumentar a riqueza no vocabulario específico.  Ser rigoroso no emprego dos termos.  Saber estruturar os discursos.  Expresar axeitadamente pensamentos, ideas e emocións.  Ler, comprender e interpretar instrucións.  Comprender textos informativos, explicativos e argumentativos.  Descifrar mensaxes ocultas seguindo unhas instrucións e interpretando uns códigos.  Obter e interpretar información.</p> <p><b>Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico</b>  Interpretar o mundo físico a través dos conceptos aprendidos.  Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.  Interpretar un plano sinxelo dunha casa.  Contribuír a conservar un contorno físico agradable e saudable.  Realizar observacións.  Obter e interpretar información acerca do medio físico que os rodea.  Valorar a importancia de conservar o medio.  Fomentar a importancia de ter un consumo de auga racional e responsable.  Adoptar unha disposición para unha vida saudable.  Fomentar a importancia de conservar o hábitat dos animais.</p> <p><b>Competencia matemática</b>  Utilizar táboas de dobre entrada para traballar conceptos aprendidos.  Empregar o cálculo para resolver enigmas ou</p>	<p><b><u>Desenvolvemento da competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico</u></b>  Para lograr a adquisición desta competencia, o alumno debe...</p> <p><b>Ser quen de explicar como funciona o corpo humano, co fin de actuar para previr enfermidades e conservar a saúde propia e a dos demais.</b>  En terceiro ciclo, os alumnos aprenderán como son e como funcionan os principais aparellos e sistemas do corpo humano para realizar as funcións vitais. Ademais, coñecerán algunhas enfermidades e reflexionarán sobre o xeito de preservar a súa saúde.</p> <p><b>Ser quen de reflexionar criticamente e de manifestar actitudes responsables sobre o medio ambiente.</b>  Neste ciclo, o alumno aprenderá que é o medio ambiente, que accións o danan e que medidas o protexen. Tamén será consciente da súa responsabilidade persoal no coidado do medio ambiente. Ademais, coñecerá e valorará os Parques Nacionais españois.</p> <p><b>Ser quen de aplicar coñecementos científicos para explicar o mundo físico e resolver problemas da vida cotiá.</b>  En terceiro ciclo, o alumno aprenderá a explicar como está constituído o noso planeta, o Sistema Solar e o Universo. Tamén estudará nocións básicas sobre a materia, a enerxía, as forzas e o movemento, que lle permitirán comprender fenómenos cotiáns. Por outra banda, profundará o seu coñecemento sobre como funcionan algunhas máquinas simples e complexas.</p> <p><b>Ser quen de explicar con criterios científicos o funcionamento dos seres vivos e a súa interacción co medio natural e cos seres humanos.</b>  Durante o terceiro ciclo, o alumno aprenderá a identificar e a clasificar as plantas segundo criterios científicos. Ademais, o alumno comprenderá a organización celular dos seres vivos, recoñecerá seres dos cinco reinos e poderá explicar as relacións básicas que existen entre os compoñentes dun ecosistema.</p> <p><b>Ser quen de comprender as características das paisaxes e de distintos contornos para valorar a súa diversidade e para orientarse no espazo.</b>  Neste ciclo, os alumnos aprenderán a recoñecer como son os elementos da paisaxe: relevo, ríos, vexetación e climas de Galicia, de España e de Europa. Tamén aprenderán a interpretar os elementos básicos dun mapa de relevo e a localizar puntos no planisferio.</p> <p><b><u>Desenvolvemento da competencia social e cidadá</u></b>  Para lograr a adquisición desta competencia, o alumno debe:</p>

<p>Comprender e interpretar instrucións. Usar o ordenador.</p> <p><b>Competencia cultural e artística</b> - <b>Aprender a traballar.</b> Buscar información. Interpretar a información.</p>	<p>problemas. Interpretar e expresar informacións con números. Poñer en práctica procesos de razoamento.</p> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital</b> Iniciarse no uso do ordenador. Saber buscar en internet de forma guiada.</p> <p><b>Competencia social e cidadá</b> Coñecer sentimentos e emocións en relación cos demais. Aceptar normas de convivencia. Utilizar a lingua como destreza para a convivencia, o respecto e o entendemento. Comprender a realidade social na que se vive. Desenvolver uns hábitos de comportamento responsables. Desenvolver actitudes de diálogo e de resolución de conflitos.</p> <p><b>Competencia cultural e artística</b> Coñecer as manifestacións culturais. Valorar a diversidade cultural. Recoñecer as manifestacións culturais que forman parte do patrimonio cultural.</p> <p><b>Competencia para aprender a aprender</b> Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe: reflexionar sobre o que e como se aprendeu. Desenvolver técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar a información. Facer resumos, esquemas ou mapas mentais.</p> <p><b>Autonomía e iniciativa persoal</b> Fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos. Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, cooperación e traballo en equipo. Elixir con criterio propio. Fomentar o desenvolvemento dunha actitude crítica ante os anuncios publicitarios da televisión e o control do tempo dedicado a ela.</p>	<p><b>Ser quen de entender a organización social e económica nas contornas máis próximas, para participar como cidadán activo na vida social.</b> En terceiro ciclo, os alumnos estudarán a organización política de Galicia, de España e da Unión Europea. Tamén aprenderán os datos básicos sobre as actividades económicas, a poboación e as institucións de Galicia, de España e de Europa. Ademais, participarán activamente en debates, diálogos e postas en común sobre distintos temas.</p> <p><b>Ser quen de recoñecer feitos e personaxes do pasado para comprender o presente no seu contorno máis próximo.</b> Neste ciclo, os nenos aprenderán a recoñecer os trazos de cada etapa histórica e a explicar a súa evolución. Tamén aprenderán a situar feitos relevantes da Historia nunha secuencia temporal.</p> <p><b>Ser quen de comprender e valorar a realidade social para convivir de forma tolerante e solidaria.</b> En terceiro ciclo, os alumnos reflexionarán sobre a importancia das leis e das institucións autonómicas, estatais e europeas. Ademais, aprenderán a pórse no lugar doutras persoas que viven situacións conflitivas e suxerirán formas de resolver conflitos.</p> <p><b><u>Contribución da área de coñecemento do medio ao desenvolvemento doutras competencias básicas</u></b></p> <p><b>Competencia en comunicación lingüística.</b> Na área de Coñecemento <i>do medio</i> preséntanse distintos tipos de información: textos expositivos, carteis, noticias, folletos, etc., que permiten traballar a competencia lectora. Ademais, desenvólvense as habilidades de comunicación oral mediante actividades de intercambio de opinións sobre diversos temas.</p> <p><b>Competencia matemática.</b> Desde <i>Coñecemento do medio</i>, de xeito especial nos temas relacionados coas ciencias e coa xeografía, contribúese ao desenvolvemento da competencia matemática propondo a interpretación e a expresión matemática dos feitos e os fenómenos. En terceiro ciclo trabállanse de xeito especial nocións relacionadas coa interpretación numérica do mundo físico (a medida do tempo, a distancia e a velocidade; a introdución á medición da materia; e a medida de distintos elementos meteorolóxicos) e da sociedade (demografía e actividades económicas).</p> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital.</b> Esta área contribúe ao tratamento da información a través de múltiples actividades de observación e descrición da realidade, do mesmo xeito que de rexistro e clasificación de información en distintos formatos: táboas, fichas, escritos, etc.</p> <p><b>Competencia cultural e artística.</b> Desde a área de Coñecemento <i>do medio</i> favorécese o coñecemento e a valoración de expresións culturais doutras sociedades e doutros momentos históricos. Ademais, contribúese ao desenvolvemento desta competencia, na medida en que a observación sistemática de fotografías e ilustracións forma parte das habilidades</p>
---	---	---



	Expresar gustos e preferencias.	<p>propias da educación artística. Na área de Coñecemento <i>do medio</i> tamén se realizan diversas actividades de creación plástica e promóvese o desenvolvemento desta competencia a través dunha coidadosa selección, desde a perspectiva estética, das ilustracións e as fotografías.</p> <p><b>Competencia para aprender a aprender</b> Nesta área trabállanse diferentes técnicas para seleccionar, organizar, interpretar e memorizar información. Ademais, propónse unha secuenciación coidadosa das actividades de aprendizaxe e ofrécense abundantes resumos e distintos tipos de gráficos e de organizadores gráficos.</p> <p><b>Autonomía e iniciativa persoal.</b> En Coñecemento <i>do medio</i>, as múltiples actividades de aplicación de coñecementos e de solución de problemas da vida diaria promoven o desenvolvemento desta competencia. Igualmente, a forma como están redactados os textos e as actividades permite que os alumnos realicen o seu traballo de forma autónoma.</p>
--	---------------------------------	--

#### 4.5.2 Obxectivos Xerais. Coñecemento do Medio

1. Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal que derivan do coñecemento do corpo humano, amosando unha actitude de aceptación e de respecto polas diferenzas individuais (idade, sexo, etnia, características físicas, personalidade).
2. Identificar e analizar as características, organización e interaccións de aspectos relevantes do contorno natural, social e cultural, progresando no dominio de ámbitos espaciais cada vez máis complexos.
3. Promover un sentimento positivo de pertenza aos grupos sociais de referencia: a unha familia, a unha escola... a unha comunidade nacional (Galicia), a un Estado (España), a unha cultura europea e a unha universal, desde posicións solidarias e respectuosas con outras culturas a partir da propia identidade.
4. Identificar o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego diferenciándoo do doutras comunidades, identidades e Estados e participando na súa defensa e conservación.
5. Recoñecer, valorar e apreciar a existencia de identidades sociais e culturais diversas con características propias e singulares (costumes, lingua, intereses, celebracións...), tomando conciencia da súa pertenza a unha delas e respectando as outras no marco dos dereitos recoñecidos ás persoas nas declaracións universais e nos documentos lexislativos.
6. Identificar, suscitar e resolver interrogantes e problemas relacionados co contorno usando estratexias de busca, selección e tratamento da información, formulación de hipóteses, comprobación delas, exploración de solucións alternativas e reflexión sobre o propio proceso de aprendizaxe, e tamén mantendo unha actitude crítica ante as fontes de información.
7. Expresar e comunicar os contidos da área de xeito persoal e creativo, seleccionando e interpretando datos, procesos, feitos, etc. e integrando códigos diversos (numéricos, gráficos, cartográficos, artísticos, lingüísticos) procedentes das diferentes linguaxes.
8. Participar activamente no traballo de grupo planificando e realizando tarefas conxuntas, dialogando e argumentando as propias opinións e contrastándoas coas das outras persoas e adoptando un comportamento responsable, construtivo, comprometido e solidario, respectando as regras de organización pactadas e os principios básicos do funcionamento democrático.
9. Identificar, analizar e valorar criticamente a intervención humana no medio e o seu impacto a curto e a longo prazo, adoptando o compromiso individual e colectivo de actuar na defensa, conservación e recuperación do medio natural e do patrimonio cultural.
10. Recoñecer no medio natural, social e cultural, cambios e transformacións relacionados co paso do tempo e indagar algunhas relacións de simultaneidade e sucesión para aplicar estes coñecementos á comprensión doutros momentos históricos.

11. Planificar e realizar proxectos e aparellos sinxelos relacionados coa vida cotiá e familiar cunha finalidade previamente establecida, utilizando os coñecementos das propiedades elementais dalgúns materiais, substancias e obxectos.
12. Analizar máquinas e aparellos diversos do contorno (de uso doméstico, laboral...) identificando algúns elementos constitutivos e formas de enerxía necesarias, valorando a contribución da ciencia e da técnica na mellora das condicións de vida familiares e sociais.
13. Utilizar de xeito responsable e creativo as TIC e o material relacionado coa experimentación e co traballo de campo para aprender a aprender, para obter información e para compartir coñecementos.

### 4.5.3 Secuenciación de obxectivos. Coñecemento do Medio

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Participar na conservación e mellora do contorno: manter limpo o seu ámbito espacial, coidar os obxectos materiais (persoais e comúns) e respectar os animais e as plantas.</li> <li>2. Ordenar cronoloxicamente algúns feitos relevantes da súa vida persoal e utilizar para iso as unidades de tempo básicas: hora, día, mes e ano, así como coñecer a evolución que, co paso do tempo, se produce nalgúns aspectos da súa vida (cambios corporais, roupa, colexio, xogos, vacacións, etc.).</li> <li>3. Identificar as peculiaridades do noso patrimonio natural, cultural, histórico e artístico, e concienciarse da necesidade da súa conservación.</li> <li>4. Coñecer globalmente o seu corpo, afianzar a lateralidade, a percepción multisensorial e desenvolver a súa autonomía.</li> <li>5. Manifestar a adquisición de uns hábitos de saúde e coidado corporal derivados do coñecemento dos aspectos básicos da súa corpo (hixiene, aseo, descanso, etc.).</li> <li>6. Mostrar, ante as diferenzas de idade e sexo, unha actitude de aceptación e respecto e, polo tanto, rexeitar todo tipo de discriminación por razóns de índole persoal nos seus xogos e tarefas escolares.</li> <li>7. Participar en actividades grupais respectando as normas establecidas (quendas de palabra, atención nas intervencións, achega de ideas e consideración das decisións e acordos tomados).</li> <li>8. Ser consciente da súa pertenza a certos grupos sociais (familia, colexio e outros grupos de iguais) con características e trazos propios.</li> <li>9. Identificar as características doutros grupos sociais e mostrar respecto por eles.</li> <li>10. Ser consciente da identidade galega desde unha posición respectuosa fronte a outras culturas do Estado español.</li> <li>11. Recoñecer e describir algunhas das actuacións humanas máis visibles no seu contorno (edificios, coches, parques, etc.) e expresar a súa opinión sobre os aspectos positivos e os negativos destas</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Identificar os principais elementos do seu contorno natural (situación, accidentes xeográficos, tempo atmosférico, vexetación, fauna, etc.), describindo as súas características máis relevantes, establecendo semellanzas e diferenzas con outros contornos coñecidos (lugar de vacacións, lugar no que viven outros familiares e amigos, etc.).</li> <li>2. Situar e representar espacialmente os elementos máis significativos do ámbito local e autonómico.</li> <li>3. Aplicar na vida cotiá os hábitos de saúde e coidado corporal que se derivan do coñecemento do corpo humano.</li> <li>4. Desenvolver unha actitude de aceptación e respecto cara ás diferenzas individuais (idade, sexo, características físicas, etc.).</li> <li>5. Participar en actividades de grupo de modo construtivo, responsable e solidario, respectando os principios básicos establecidos (quendas de palabra, atención nas intervencións, achega de ideas, consideración das decisións e acordos tomados).</li> <li>6. Desenvolver unha actitude de respecto e valoración das achegas propias e dos demais.</li> <li>7. Recoñecer, apreciar e valorar a súa pertenza a uns grupos sociais determinados (barrio, localidade, comarca, comunidade autónoma, etc.), con características e trazos propios (normas de comportamento, costumes, valores, lingua, cultura, etc.).</li> <li>8. Desenvolver unha actitude de respecto cara ás características e trazos propios doutros grupos, rexeitando calquera tipo de discriminación.</li> <li>9. Identificar o impacto dalgunhas actividades humanas no contorno natural e social, distinguindo nelas o positivo do negativo.</li> <li>10. Desenvolver actitudes que contribúan activamente á conservación e mellora do medio ambiente e do patrimonio cultural.</li> <li>11. Valorar a entrega daquelas persoas que se dedican de forma</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Desenvolver a curiosidade por coñecer e estudar os seres vivos.</li> <li>2. Coñecer as funcións vitais do corpo humano e os órganos e aparatos que interveñen nelas.</li> <li>3. Fomentar a hixiene do corpo para unha vida as.</li> <li>4. Respetar ás persoas de distinto sexo.</li> <li>5. Coñecer os órganos do aparato reproductor humano e o seu funcionamento.</li> <li>6. Comportarse de acordo cos hábitos de saúde e coidado persoal amosando unha actitude de aceptación e de respecto polas diferencias individuais (idade, sexo,...).</li> <li>7. Identificar seres e clasificalos segundo as súas características.</li> <li>8. Identificar e clasificar animais en función do tipo de alimentación, lugar de desprazamento, forma de reproducirse, ...</li> <li>9. Describir as características das plantas, as súas partes e a función que realiza cada unha.</li> <li>10. Descubrir a importancia da auga e o aire no universo.</li> <li>11. Utilizar claves para a identificación de animais e plantas.</li> <li>12. Valorar a importancia que teñen</li> </ol>

<p>intervencións.</p> <p>12. Valorar e respectar os diferentes traballos realizados no contorno próximo, como medio para conseguir mellor calidade de vida.</p> <p>13. Utilizar as nocións temporais que expresan duración, sucesión e simultaneidade e observar as manifestacións máis palpables destes cambios.</p> <p>14. Aplicar os coñecementos adquiridos a partir do contacto coa realidade social galega, para comprender a súa situación actual, tendo en conta os factores externos que a condicionan influíndo, ás veces decisivamente, no funcionamento da nosa sociedade.</p> <p>15. Identificar os elementos principais do contorno natural, partindo do próximo ao máis afastado.</p> <p>16. Identificar os elementos do contorno natural da comunidade (paisaxe, fenómenos atmosféricos, e animais e plantas comúns).</p> <p>17. Iniciarse na observación guiada dos elementos principais do contorno natural.</p> <p>18. Coñecer e interpretar feitos da vida cotiá a través de códigos sinxelos.</p> <p>19. Utilizar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade (arriba-abaxo, dentro-fóra, dereita-esquerda, interior-exterior, etc.) e expresalas con debuxos, situacións e xogos sobre espazos limitados ou coñecidos</p> <p>20. Xerar o interese e a autonomía requiridos para buscar, recoller e analizar a información necesaria para formular e resolver problemas sinxelos do contorno próximo.</p> <p>21. Manifestar a súa capacidade de observación e o uso que fai de todos os sentidos para identificar formas e tamaños nos obxectos e para diferenciar os seres vivos dos inertes, recoñecendo as súas funcións básicas e superando os preconceptos polos que identifica ao ser vivo co que se move.</p> <p>22. Describir os traballos das persoas do seu contorno, relacionando o nome dalgunhas profesións co tipo de traballo que realizan.</p> <p>23. Participar na realización de tarefas e valorar a súa execución coidadosa.</p> <p>24. Identificar algúns obxectos e recursos tecnolóxicos significativos no medio.</p> <p>25. Recoñecer a finalidade do uso de aparatos e máquinas próximos á súa experiencia (electrodomésticos, utensilios do fogar e escolares, coches, etc.) e valorar os aspectos positivos destes recursos.</p>	<p>altruísta ao coidado e mellora do patrimonio natural e cultural.</p> <p>12. Detallar o impacto dos cambios e transformacións provocados polo paso do tempo nos elementos do seu contorno social e en si mesmo.</p> <p>13. Analizar algunhas relacións sinxelas de simultaneidade, sucesión e causalidade nos ditos cambios.</p> <p>14. Desenvolver unha actitude de respecto polo legado histórico, social e cultural que recibimos</p> <p>15. Comprender, expresar e representar mediante diferentes códigos (cartográficos, numéricos, gráficos, técnicos, etc.) sucesos, ideas e situacións do seu contorno social, natural e cultural.</p> <p>16. Observar e apreciar o valor de diferentes elementos (cartográficos, numéricos, gráficos, técnicos: museos, bibliotecas, arquivos, etc.) do legado histórico, social, natural e cultural, da localidade e a comunidade autónoma, que representan e expresan feitos, conceptos, procedementos e actitudes.</p> <p>17. Detectar, delimitar, definir, presentar e resolver problemas sinxelos relacionados cos elementos máis significativos do seu contorno natural e social, utilizando estratexias cada vez máis sistemáticas e complexas de busca, recollida, análise, almacenamento e tratamento de información, de formulación de hipóteses, de posta a proba das mesmas e de proposta doutras alternativas.</p> <p>18. Desenvolver actitudes de valoración dos traballos ben formulados, executados e avaliados, propios e alleos.</p> <p>19. Deseñar, construír e avaliar dispositivos e aparatos cunha fin determinada, utilizando o coñecemento das propiedades elementais dos materiais, substancias e obxectos que van empregar.</p> <p>20. Analizar e enumerar as propiedades dos materiais, substancias e obxectos empregados.</p> <p>21. Identificar algúns obxectos e recursos tecnolóxicos significativos do contorno e sinalar a súa contribución para satisfacer determinadas necesidades humanas, valorando a súa orientación cara a usos pacíficos e para unha mellor calidade de vida.</p> <p>Comprender e valorar a súa utilidade na vida do home e da comunidade.</p>	<p>os vexetais na produción de osíxeno e na alimentación humana.</p> <p>13. Despertar actitudes de respecto coa conservación do medio.</p> <p>14. Recoñecer no medio natural, social e cultural, cambios e transformacións co paso do tempo.</p> <p>15. Interpretar nos mapas escalas e os signos convencionais.</p> <p>16. Coñecer os elementos que forman a paisaxe natural: relevo, hidrografía, clima e vexetación.</p> <p>17. Situar datos en mapas mudos diversos.</p> <p>18. Coñecer a súa localidade, municipio, provincia, comunidade autónoma e país.</p> <p>19. Coñecer as características das comunidades españolas.</p> <p>20. Identificar os países europeos.</p> <p>21. Aquirir hábitos que favorezan o traballo en equipo.</p> <p>22. Coñecer a historia persoal e familiar.</p> <p>23. Coñecer os nomes das distintas idades da historia.</p> <p>24. Favorecer o desenvolvemento de técnicas de memorizar, organizar e relacionar a información para avanzar na aprendizaxe.</p> <p>25. Expressar e comunicar os contidos da área de xeito persoal e creativo, seleccionando e interpretando datos, procesos, feitos, ... e integrando códigos diversos (numéricos, gráficos, cartográficos, ...) procedentes das diferentes linguaxes.</p>
--	--	--

#### 4.5.4 Secuenciación de Contidos. Coñecemento do Medio

##### Bloque 1. Os seres humanos e a saúde

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Identificación das partes do corpo humano. Observación das partes do corpo que permiten a relación co medio.</p> <p>2. Observación de igualdades e diferenzas entre as persoas. Aceptación do propio corpo e do das demais persoas coas súas limitacións e posibilidades.</p> <p>3. Recoñecemento da respiración e da nutrición como funcións vitais</p> <p>4. Identificación e descrición de alimentos diarios necesarios. Análise de usos e costumes na alimentación diaria.</p> <p>5. Valoración de aspectos que inflúen nunha vida saudable: a correcta respiración, alimentación variada e equilibrada, a hixiene persoal, o exercicio, o descanso e a adecuada utilización do tempo de lecer.</p> <p>6. Identificación e verbalización de emocións (medo, tristeza, enfado, leducia) e sentimentos propios e alleos.</p> <p>7. Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos e identificación de comportamentos apropiados de actuación cando se producen.</p>	<p>1. Recoñecemento dos cambios físicos e persoais nas diferentes etapas da vida das persoas.</p> <p>2. Identificación das partes externas do corpo e algúns órganos importantes para o funcionamento do corpo humano.</p> <p>3. Valoración da importancia dos sentidos na relación co medio e co resto dos seres humanos. Descrición do seu papel e formas para o seu coidado habitual.</p> <p>4. Valoración dos hábitos de hixiene persoal, de descanso, de alimentación equilibrada e de exercicio físico adecuado para unha vida saudable. Actitude crítica ante prácticas e mensaxes que non favorecen o correcto desenvolvemento persoal e da saúde.</p> <p>5. Recoñecemento dalgúns factores que producen as enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe) para favorecer a súa prevención.</p> <p>6. Análise de dietas equilibradas. Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais e identificación de sistemas de conservación alimentaria.</p> <p>7. Recoñecemento e valoración das habilidades persoais. Identificación e descrición de emocións e sentimentos propios e alleos.</p> <p>8. Planificación de forma autónoma e creativa de actividades de lecer, individuais ou colectivas.</p>	<p>1. Identificación dos diferentes aparatos e sistemas do corpo humano recoñecendo as súas funcións principais.</p> <p>2. Recoñecemento da nutrición como unha función vital para os seres humanos. Identificación dos aparellos relacionados con ela (aparellos respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor).</p> <p>3. Recoñecemento das características básicas do sistema reprodutor humano e das diferenzas entre sexos.</p> <p>4. Descrición dos sentidos e do sistema nervioso e valoración da súa importancia na relación co medio e co resto dos seres humanos.</p> <p>5. Valoración positiva dos hábitos de hixiene e dos estilos de vida saudable.</p> <p>6. Actitude crítica ante os factores e prácticas sociais que favorecen ou dificultan un desenvolvemento saudable e un comportamento responsable.</p> <p>7. Identificación dos riscos do consumo de alimentos non saudables...</p> <p>8. Aceptación e práctica das normas sociais referidas á saúde, hixiene, alimentación, protección e seguridade persoal.</p> <p>9. Coñecemento de primeiros auxilios para saber axudarse e axudar as demais persoas.</p> <p>10. Recoñecemento e análise da relación existente entre os cambios que comporta o crecemento e as relacións coas outras persoas: amizades, familia...</p> <p>11. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade propios.</p> <p>12. Coñecemento de si mesma e de si mesmo para facilitar o equilibrio emocional valorándose como diferente e respectando a diversidade.</p> <p>13. Desenvolvemento da autoestima, da autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e da iniciativa na toma de decisións.</p>

##### Bloque 2. As plantas e os animais

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Identificación das características dos seres vivos e das súas funcións vitais. Diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes.</p> <p>2. Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula (acuario, plantación), rexistro elemental da</p>	<p>1. Identificación de animais e de plantas como seres vivos. Observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira máis precisa e rigorosa posible.</p> <p>2. Identificación de cambios observables que se producen</p>	<p>1. Elaboración cooperativa de traballos sobre os seres vivos e sobre as súas condicións de vida, buscando información en fontes variadas e mantendo unha actitude crítica ante as fontes.</p> <p>2. Observación do desenvolvemento das principais funcións vitais de plantas e. Identificación da estrutura e dos órganos</p>

<p>observación e contraste dos datos entre compañeiras e compañeiros.</p> <p>3. Observación directa de animais e de plantas con instrumentos apropiados e con medios audiovisuais e tecnolóxicos.</p> <p>4. Identificación de animais e de plantas do contorno. Clasificación dos seres vivos do contorno segundo criterios observables e variados.</p> <p>5. Identificación das características e comportamentos de animais e de plantas para adaptarse ao seu medio.</p> <p>6. Valoración da responsabilidade no coidado de plantas e de animais domésticos. Respecto polos seres vivos do contorno.</p> <p>7. Comunicación das experiencias realizadas utilizando diferentes linguaxes (oral, escrita, gráfica non convencional, iconográfica, fotográfica).</p>	<p>nos seres vivos e na natureza ao longo do ano. Observación e rexistro sistemático do crecemento de plantas e animais do contorno próximo. Elaboración de esquemas que permitan resumir as informacións observadas.</p> <p>3. Recoñecemento das principais características dos animais vertebrados e dalgúns invertebrados. Clasificación de animais a partir de características observables.</p> <p>4. Recoñecemento das características das plantas. Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables.</p> <p>5. Valoración da importancia da existencia de animais e plantas para as persoas: a agricultura e a gandaría. Estudo dalgúns animais e cultivos típicos de Galicia.</p> <p>6. Interese pola observación e o estudo dos seres vivos, planificando a observación ou preparando visitas-saídas, empregando os instrumentos e materiais necesarios (lupa, termómetro, diario de campo, etc.) e rexistrando o observado, contrastando os rexistros propios cos doutras persoas, comparando as observación con informacións doutras fontes, elaborando unha documentación final que recolla todo o proceso (informe, cartafol, presentación, gráficas...).</p> <p>7. Interese e compromiso pola conservación e coidado de plantas e animais do contorno.</p>	<p>grazas aos cales poden realizar esas funcións.</p> <p>3. Utilización guiada de claves e de guías de animais e de plantas para a clasificación e identificación dalgunhas especies existentes en Galicia</p> <p>4. Observación e rexistro dalgún proceso asociado á vida dos seres vivos. Comunicación oral e escrita de resultados empregando soportes textuais variados.</p> <p>5. Sensibilidade na observación de animais e de plantas</p> <p>6. Identificación da célula como unidade fundamental dos seres vivos. Uso guiado de medios tecnolóxicos e do microscopio para a observación dalgunha delas.</p> <p>7. Utilización de lupas binoculares e doutros aparellos de laboratorio para observar animais e plantas ou algunha das súas partes.</p> <p>8. Preparación conxunta de itinerarios e saídas para a observación de seres vivos do contorno, elaboración guiada de documentos que recollan o observado</p> <p>9. Valoración da orde e da estética na presentación de documentos e traballos.</p> <p>10. Diferenciación entre as plantas e animais e outras formas de vida presentes no contorno (bacterias, virus, algas e fungos).</p> <p>11. Valoración da biodiversidade, interese pola súa conservación.</p>
---	---	--

**Bloque 3: A vida en sociedade**

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Identificación dos diferentes ámbitos aos cales se pertence: familia, escola, aldea/vila/barrio e cidade, Galicia.</p> <p>2. Recoñecemento da diversidade de familias. Valoración da importancia da participación e da corresponsabilidade nas tarefas domésticas.</p> <p>3. Identificación das persoas que compoñen a comunidade educativa: recoñecemento das súas tarefas e responsabilidades. Valoración da importancia da participación activa na aula e no centro.</p> <p>4. Valoración da importancia do intercambio comunicativo no grupo, do</p>	<p>1. Identificación e representación gráfica da organización da comunidade educativa. Recoñecemento e uso das canles de participación democrática activa na vida e nas actividades do centro.</p> <p>2. Identificación das relacións interpersoais presentes nun grupo ou nunha comunidade (veciñanza, compañeirismo), e valoración da cooperación e do diálogo como forma de construír plans comúns e de evitar e resolver conflitos. Recoñecemento dos dereitos e deberes das persoas. Responsabilidade ante a elaboración e o cumprimento das normas de convivencia.</p> <p>3. Identificación das manifestacións culturais do contorno, recoñecendo a súa evolución no tempo e valorándoas como elementos de cohesión social. Recoñecemento de costumes, de tradicións e de trazos diferenciais do patrimonio galego.</p> <p>4. Participación activa en festas, xogos e costumes populares propios da bisbarra e de Galicia.</p> <p>5. Planificación de xeito autónomo e creativo de actividades de lecer</p>	<p>1. Participación activa na escola como unha aprendizaxe para a vida en democracia. Recoñecemento da diversidade de opinións e da necesidade do seu intercambio e da difusión de informacións por variadas canles.</p> <p>2. Análise do funcionamento de organizacións nos ámbitos local, autonómico e estatal e valoración da participación cidadá neles.</p> <p>3. Elaboración dun organigrama simple onde se reflicta o funcionamento dunha das entidades públicas estudadas.</p> <p>4. Aproximación ao coñecemento das institucións españolas e europeas a partir da análise das institucións máis próximas.</p> <p>5. Observación, identificación e descrición</p>

<p>diálogo como recurso para a xestión dos conflitos e do respecto aos acordos adoptados. Recoñecemento dos dereitos e deberes das persoas.</p> <p>5. Descubrimento e observación das manifestacións e do patrimonio cultural galego como mostra de diversidade e riqueza.</p> <p>6. Participación en festas, xogos e costumes populares propios da localidade, da bisbarra e de Galicia.</p> <p>7. Recoñecemento de diferentes profesións evitando estereotipos sexistas</p> <p>8. Identificación de elementos da organización e de funcionamento da escola e valoración da importancia da participación na aula e no centro.</p> <p>9. Descubrimento de formas de organización no contorno próximo</p> <p>10. Identificación dos medios de transporte. Responsabilidade no cumprimento das normas básicas de seguridade viaria.</p> <p>11. Iniciación á recolla de datos e de información e análise de imaxes relacionadas co contorno social próximo para ampliar o coñecemento sobre o medio; realizar un cartafol, un mural, unha exposición de centro, unha maqueta.</p>	<p>individuais e colectivas.</p> <p>6. Observación, identificación e descrición dalgunhas características demográficas e económicas do contorno propio. Uso de datos e de representacións gráficas para a súa análise e comparación sobre contornos rurais e urbanos.</p> <p>7. Identificación das formas da actividade económica do contorno próximo (traballo, profesións, produción): observación e análise de produtos de consumo habitual no contorno e dos lugares da súa comercialización (mercados, lonxas, feiras, supermercados, tendas), seguimento do proceso de elaboración dun produto e das profesións relacionadas. Realización conxunta de murais, cartafoles, etc. coa información obtida, planificando previamente, contrastando a información, usando diferentes linguaxes e valorando a correcta presentación final do traballo.</p> <p>8. Desenvolvemento de actitudes de consumo responsable e comercio xusto. Análise crítica dalgunhas mensaxes publicitarias, relacionando a súa incidencia na toma de decisións.</p> <p>9. Identificación e representación gráfica da estrutura básica de organización do concello propio. Valoración da participación cidadá e da contribución ao funcionamento das institucións.</p> <p>10. Recoñecemento dos referentes colectivos que manteñen a identidade da propia aldea, parroquia, vila, barrio, cidade, área metropolitana (símbolos, lugares de interese, monumentos emblemáticos, personaxes, institucións, tradicións, nomes das rúas e prazas...).</p> <p>11. Localización da propia aldea, concello, cidade e doutras agrupacións de poboación nun mapa da provincia, de Galicia, de España, etc., ou noutros medios (SIGPAC, Google Earth...).</p> <p>12. Identificación dos servizos públicos do concello, vila, localidade... para satisfacer as necesidades humanas. Descrición da súa orixe e transformación. Responsabilidade individual e social na conservación e uso adecuado destes servizos. Recoñecemento e prevención de situacións que poden comportar risco, especialmente as relativas á mobilidade viaria.</p> <p>13. Utilización de diversas fontes de información (libros, documentos, información oral, medios de comunicación, TIC) para a obtención, selección e contraste de información sobre aspectos da realidade local, municipal e galega e comunicación dela a través de diferentes soportes (visuais, auditivos, dixitais, escritos...) elaborados individual ou colectivamente, valorando o seu contido e a súa presentación.</p> <p>Identificación da organización territorial de Galicia e do Estado español e localización das diferentes comunidades autónomas de España. Aproximación ao coñecemento dalgunhas institucións de goberno galegas.</p>	<p>dalgunhas características culturais, demográficas e económicas da sociedade galega e da española. Recoñecemento e valoración da diversidade cultural e lingüística de España.</p> <p>6. Identificación das raíces propias e dos trazos da cultura (lingua, institucións, festas, xogos, tradicións). Participación e interese pola súa conservación como sinais de identidade social.</p> <p>7. Uso de diferentes fontes de información para coñecer algunhas características dos países europeos e para aproximarse ao coñecemento da Unión Europea e elaborar esquemas (mapas mentais, conceptuais...).</p> <p>8. Recoñecemento da importancia da emigración no mundo actual.</p> <p>9. Respecto polas diferenzas desenvolvendo sentimentos de empatía e respecto cara ás outras persoas.</p> <p>10. Reflexión sobre as desigualdades no acceso aos bens de consumo no contorno próximo e no mundo</p> <p>11. Resolución de problemas relacionados co contorno, usando estratexias de formulación de hipóteses, comprobación destas buscando información e mantendo unha actitude crítica ante as fontes de utilizadas.</p> <p>12. Identificación das responsabilidades das institucións na resolución de problemas sociais, ambientais, económicos, etc.</p> <p>13. Identificación e utilización de fontes orais, dixitais, audiovisuais e escritas para informarse sobre aspectos problemáticos do contorno próximo e do mundo.</p> <p>14. Actitude crítica ante a influencia da publicidade sobre o consumo.</p> <p>15. Uso das formas de comportamento adecuado (respecto, lectura de avisos, contribución á limpeza...) segundo os espazos (rúa, lugares de lecer, museos, parques...).</p>
--	---	---

#### Bloque 4: O medio físico: espazo e materiais

<b>Primeiro Ciclo</b>	<b>Segundo Ciclo</b>	<b>Terceiro Ciclo</b>
<p>1. Utilización de técnicas sinxelas para orientarse mediante a observación do medio físico e humano.</p> <p>2. Observación, descrición e representación sinxela do espazo habitual. Introducción ao uso de planos da escola, da casa ou da localidade. Deseño de planos non convencionais. Elaboración de maquetas simples con identificación de espazos e funcións.</p> <p>3. Observación da paisaxe próxima e identificación dalgúñas formas de relevo. Representación do observado mediante debuxos e maquetas sinxelas. Identificación dalgúns exemplos familiares da acción humana no contorno (presas, devasas, canteiras, estradas, pontes).</p> <p>4. Observación e exploración dalgún aspecto do contorno próximo a partir dun tema de interese consensuado polo alumnado coa finalidade de realizar un dossier, un texto expositivo curto, un folleto, un mapa mental.</p> <p>5. Observación directa dalgúns fenómenos atmosféricos e busca das primeiras formas de representación. Elaboración de gráficos non estandarizados de temperaturas e de datos climáticos.</p> <p>6. Observación e descrición da lúa, das estrelas e do sol</p> <p>7. Percepción do paso do tempo: o día e a noite, as estacións do ano</p> <p>8. Exploración de materiais e obxectos do contorno para descubrir a súa orixe, a súa utilidade, as súas propiedades (cor, dureza, fragilidade, flexibilidade, flotación), clasificalos, analízalos, etc.</p> <p>9. Realización de experiencias con algunhas propiedades da auga e</p>	<p>1. Utilización de técnicas de orientación no espazo relacionadas cos puntos cardinais.</p> <p>2. Recoñecemento e uso de aspectos básicos (cromatografía, signos convencionais, lendas) que lle permitan ao alumnado, de xeito elemental, situarse no lugar onde vive a través da lectura de mapas e planos.</p> <p>3. Iniciación ao uso de planos e mapas da aldea, vila, localidade, cidade</p> <p>4. Identificación dalgúns elementos xeográficos e do relevo do contorno (montañas, ríos, rías, lagoas). Confección de maquetas despois da observación directa da paisaxe.</p> <p>5. Observación e descrición de diferentes tipos de paisaxe. Análise dos cambios que a influencia humana provoca na paisaxe a curto e a longo prazo.</p> <p>6. Valoración da necesidade da conservación do patrimonio (paisaxe, bosques, montañas, praias, monumentos) e das actuacións responsables de defensa e respecto cara ao contorno.</p> <p>7. Elaboración de cartafol ou carpetas en ordenador sobre lugares, paisaxes, o relevo galego, vilas, Galicia ou lugares do mundo, usando fotos, recortes de xornal, deseños, esquemas, artigos e textos expositivos.</p> <p>8. Observación dalgúñas variables meteorolóxicas: temperatura, vento, precipitacións. Uso de aparellos meteorolóxicos (termómetro, catavento...) e iniciación ao rexistro e representación gráfica de temperatura e datos climáticos elementais. Comparación cos datos meteorolóxicos achegados polos medios de comunicación.</p> <p>9. Realización guiada de experiencias sinxelas para estudar as propiedades dalgúns aspectos do medio físico próximo, partindo dunha pregunta ou problema de interese para o alumnado (formulando respostas intuitivas ou hipóteses, confrontándoas co resto da clase, planificando conxuntamente o proceso de comprobación, prevendo os medios e os instrumentos necesarios, seleccionando os datos útiles, explorando solucións alternativas, tirando conclusións, comunicando os resultados e reflexionando sobre o proceso desenvolvido).</p> <p>10. Recoñecemento dos movementos da Terra e da Lúa e as súas consecuencias (as estacións). Manexo de programas de simulación no ordenador que modelicen o sistema Sol-Terra-Lúa.</p> <p>11. Comparación, clasificación e ordenación de diferentes obxectos e materiais a partir de propiedades físicas observables (estado, volume, cor, textura, olor, atracción magnética), orixe deses</p>	<p>1. Identificación e diferenciación de diferentes representacións (planos, fotografías aéreas, maquetas, mapas, globo...) sobre un espazo.</p> <p>2. Utilización guiada de planos e de mapas para orientarse e desprazarse, para localizar lugares e itinerarios, aspectos do mundo físico e político, interpretando o cromatismo, as lendas e os signos convencionais máis habituais.</p> <p>3. Preparación conxunta de visitas e realización de itinerarios para recoñecer elementos da paisaxe e do relevo.</p> <p>4. Identificación, localización en diferentes representacións cartográficas de elementos xeográficos do contorno, de Galicia, de España e do mundo.</p> <p>5. Recoñecemento da influencia de factores como a actividade humana, os fenómenos meteorolóxicos, a erosión, terremotos e erupcións volcánicas sobre a paisaxe.</p> <p>6. Valoración da diversidade e riqueza das paisaxes do territorio galego e español e interese por coñecer paisaxes doutros lugares.</p> <p>7. Utilización das TIC e doutras fontes para recoller información sobre outros lugares.</p> <p>8. Lectura e interpretación do tempo atmosférico en distintas representacións. Diferenciación entre tempo meteorolóxico e clima. Influencia do clima na paisaxe e na actividade humana. Recoñecemento das características do clima galego.</p> <p>9. Valoración de actuacións que contribúen á conservación do medio e á sustentabilidade.</p> <p>10. Exploración do territorio na busca de actuacións humanas axeitadas ou rexeitables.</p> <p>11. Identificación da Terra como un planeta do sistema solar.</p> <p>12. Realización de experiencias sinxelas para estudar as propiedades dalgúns aspectos do medio físico.</p> <p>13. Respecto polas normas de uso, de seguridade e de conservación dos instrumentos e dos materiais de traballo.</p> <p>14. Comparación e clasificación dalgúns materiais polas súas propiedades (dureza, solubilidade, condutividade térmica...).</p> <p>15. Busca de información sobre rochas e minerais presentes en Galicia. Identificación e clasificación de rochas e minerais polas características observables.</p>

<p>comunicación dos resultados utilizando diferentes linguaxes.</p> <p>10. Recoñecemento da presenza da auga e do aire no medio físico. Uso responsable da auga na vida cotiá e valoración da importancia dun aire limpo para a vida.</p> <p>11. Participación en tarefas de redución, reutilización e reciclaxe de residuos da escola para contribuír á conservación e mellora do medio natural.</p> <p>12. Observación e exploración para obter información e realizar traballos sinxelos sobre algún ecosistema acuático ou terrestre do contorno próximo.</p> <p>13. Observación dos efectos da aplicación dunha forza. Realización de experiencias sinxelas para analizar efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.</p> <p>14. Identificación de fontes sonoras no contorno próximo. Valoración da importancia do silencio. Identificación do ruído como unha forma de contaminación (acústica).</p>	<p>obxectos e posibilidades de uso.</p> <p>12. Experimentación cos cambios de estado da auga. Recoñecemento e representación gráfica do ciclo da auga na terra. Valoración dos usos sociais da auga (vivenda, regadío, industria...) e da importancia da súa utilización responsable.</p> <p>13. Identificación das características e propiedades do aire e das actuacións necesarias para evitar a súa contaminación.</p> <p>14. Valoración da importancia da boa calidade da auga e do aire para a nosa saúde e o mantemento da vida</p> <p>15. Comprobación experimental para a análise e identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen.</p> <p>16. Observación da intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá. Identificación do sol e da auga como fontes de enerxía. Valoración do uso responsable da enerxía no noso planeta. Recoñecemento da responsabilidade individual e colectiva no aforro enerxético.</p> <p>17. Busca de información en fontes variadas sobre algúns problemas urbanísticos e ambientais máis comúns en Galicia e elaboración de murais coa información recollida, logo de análise, contraste e valoración dela.</p> <p>18. Reflexión sobre as posibles solucións e actuacións coherentes para a conservación do medio natural ante a produción de residuos e a contaminación.</p> <p>19. Identificación e preparación de mesturas de diferentes substancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno (con zume, leite...)</p> <p>20. Realización de experiencias sinxelas sobre o comportamento dos corpos (lupas, espellos, auga, prismas) ante a luz.</p> <p>21. Planificación e realización de experiencias sinxelas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento ante a calor facendo predicións explicativas sobre resultados. Utilización de técnicas elementais de busca e rexistro sistemático de datos utilizando diversas estratexias de comunicación das conclusións.</p>	<p>16. Uso de técnicas sinxelas para a separación de compoñentes en mesturas: filtración, destilación, disolución e evaporación.</p> <p>17. Reflexión sobre as actuacións necesarias para o aproveitamento da auga e o seu uso responsable. Análise dos procesos de depuración e potabilización da auga para o seu uso.</p> <p>18. Experimentación da flotabilidade dos materiais e obxectos nos líquidos.</p> <p>19. Planificación conxunta e realización de experiencias sinxelas e variadas para estudar propiedades de materiais.</p> <p>20. Observación directa e experimentación dalgúns efectos e cambios que provoca a calor nos materiais: cambios de estado, dilatación e cambio de temperatura.</p> <p>21. Observación da transmisión do son nos diferentes medios. Sensibilidade ante a contaminación acústica.</p> <p>22. Predición de cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía.</p> <p>23. Recoñecemento das formas de enerxía máis usadas na sociedade actual e a súa clasificación en enerxías renovables e non renovables.</p> <p>24. Valoración da importancia de conservar os recursos enerxéticos e non malgastalos. Identificación dalgúns estratexias de aforro enerxético no contorno propio.</p> <p>25. Identificación de produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo (queimaduras, intoxicacións...). Identificación na etiquetaxe dos símbolos de perigo máis comúns.</p> <p>26. Identificación dos diferentes tipos de residuos que producimos na sociedade actual. Recoñecemento dos sistemas de redución, reutilización e reciclaxe.</p>
---	---	--

**Bloque 5. O paso do tempo**

<p><i>Primeiro Ciclo</i></p>	<p><i>Segundo Ciclo</i></p>	<p><i>Terceiro Ciclo</i></p>
------------------------------	-----------------------------	------------------------------



<p>1. Utilización das nocións básicas de tempo (antes-despois, pasado-presente-futuro, duración) e das unidades de medida (día, semana, mes, ano) en feitos cotiáns e propios.</p> <p>2. Observación dos cambios nas persoas ao longo do tempo. Recoñecemento das diversas etapas da vida.</p> <p>3. Realización de traballos sobre a historia persoal e familiar previa, investigación na propia familia utilizando fontes orais e iconográficas e/ou fotográficas. Elaboración de árbores xenealóxicas.</p> <p>4. Utilización de fotos ou outras imaxes, para investigación sobre outros tempos. Ordenación delas seguindo criterio temporal e elaboración de álbums.</p> <p>5. Observación dos cambios sociais, ciclos agrícolas, hábitos e costumes ao longo do ano.</p>	<p>1. Utilización de unidades de medida temporal (década, século) e aplicación das nocións de sucesión, ordenación e simultaneidade na análise da evolución dalgún aspecto da vida cotiá ao longo do tempo (vivenda, transporte, vestuario, alimentación, xogos infantís, festas), diferenciando o tempo biolóxico do tempo histórico.</p> <p>2. Utilización de documentos escritos, dixitais e audiovisuais para obter información histórica, coa posterior selección e contraste da información, uso de técnicas de rexistro e representación e elaboración de distintos traballos sobre o pasado familiar e próximo, comunicando a información con diversas estratexias.</p> <p>3. Recoñecemento e valoración do significado dalgunhas pegadas antigas no contorno (tradicións, edificios, obxectos, manifestacións artísticas). Identificación dalgunhas evidencias do pasado no contorno propio (na aldea, na localidade, na vila, na cidade...): os vestixios e os museos.</p> <p>4. Aproximación a sociedades dalgunhas épocas históricas a partir do coñecemento de aspectos da vida cotiá</p> <p>5. Identificación do papel de homes e mulleres na historia. Realización de traballos sobre a historia de mulleres e homes (personaxes significativos da localidade, de Galicia...) empregando fontes variadas, confrontando datos e elaborando un esquema, un texto expositivo... coa información atopada e seleccionada.</p> <p>6. Realización de cronogramas para a clasificación de imaxes referentes a feitos relevantes da historia da localidade e de Galicia en diferentes épocas históricas. Elaboración de álbums ou preparación conxunta de exposicións.</p> <p>7. Utilización da información oral, da prensa e da internet para investigar feitos importantes ocorridos no contorno próximo nas últimas décadas ou no último século, uso de eixes cronolóxicos para representalos e elaboración de cartafoles, carpetas dixitais... Valoración do intercambio interxeracional de experiencias.</p> <p>8. Sensibilidade cara á conservación dos restos artístico-culturais presentes no propio contorno.</p>	<p>1. Uso da periodización convencional (idades) e das convencións de datación (antes/despois da nosa era)</p> <p>2. Uso de representacións para situar diversos momentos evolutivos e históricos</p> <p>3. Elaboración de ficheiro de vocabulario específico relacionado cos cambios ao longo do tempo</p> <p>4. Identificación e análise de acontecementos e de personaxes relevantes da historia de Galicia e de España.</p> <p>5. Caracterización dalgunhas sociedades de épocas históricas.</p> <p>6. Valoración e respecto polo patrimonio histórico e cultural como fonte de información do pasado e como signo de identidade.</p> <p>7. Recoñecemento e identificación do papel dos homes e das mulleres como suxeitos da historia.</p> <p>8. Utilización de distintas fontes históricas, xeográficas, artísticas e outras fontes (prensa, a internet, enciclopedias, biografías, atlas...) para a busca de información de contido histórico.</p> <p>9. Planificación de visitas a museos ou lugares con vestixios do pasado.</p> <p>10. Realización de arquivos con fotografías, fichas, documentos, imaxes, música, notas de prensa... sobre temas de actualidade.</p>
--	--	--

**Bloque 6. Máquinas, aparellos e tecnoloxías**

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Observación e clasificación (con criterios variados e consensuados) de aparellos e máquinas sinxelas do contorno identificando a súa utilidade.</p> <p>2. Observación do funcionamento de aparellos domésticos e da escola, das partes que os compoñen e da enerxía que necesitan para funcionar. Identificación de elementos que poidan xerar risco e adopción de comportamentos que contribúan á seguridade persoal e das demais persoas.</p> <p>3. Hábito de consulta de fontes de información</p>	<p>1. Realización de gráficos que relacionen oficios e profesións (modista-modisto, cociñeira-cociñeiro, albanel, etc.) cos materiais, ferramentas e máquinas (máquina de coser, tesoiras, forno, paleta...) que utilizan.</p> <p>2. Identificación da enerxía que fai funcionar as máquinas de uso cotián e doméstico e algúns operadores mecánicos (eixe, roda, polea, plano inclinado, engrenaxe, freo, panca, manivela, etc.).</p> <p>3. Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos e máquinas sinxelas (bicicleta, xoguetes móbiles, tesoiras, rodas, manivelas, esprededor, batedor, reloxo, pinzas, culleres de xeado, inxeccións, triturador, alicate).</p>	<p>1. Distinción de modos de produción artesanal e industrial e observación das ferramentas, aparellos, útiles e máquinas implicadas.</p> <p>2. Investigación sobre a evolución dun obxecto (teléfono, radio, TV, ordenador) ao longo da historia.</p> <p>3. Recoñecemento das aplicacións dos obxectos e das máquinas, e da súa utilidade para facilitar a realización de determinadas actividades humanas.</p> <p>4. Elaboración de textos instrutivos e explicativos sobre o manexo seguro dalgún aparello ou obxecto de uso cotián.</p>

<p>variadas (diccionarios, enciclopedias, revistas, monografías) para resolver situacións problemáticas da vida cotiá (guía telefónica, teléfonos habituais de emerxencia, planos da poboación, rede de autobuses, etc.).</p> <p>4. Manexo de aparellos sinxelos (teléfono, espremedor, crebanoces, etc.). Valoración das habilidades manuais implicadas no manexo de ferramentas e aparellos domésticos superando os estereotipos sexistas</p> <p>5. Identificación de materiais de obxectos e aparellos de uso cotián (lapis, xoguete, tesoiras, afialapis).</p> <p>6. Recoñecemento de aspectos tecnolóxicos no ambiente doméstico, na escola e no contorno.</p> <p>7. Identificación dos compoñentes básicos dun ordenador. Iniciación no seu uso. Coidado dos recursos informáticos.</p> <p>8. Montaxe e desmontaxe de xogos e obxectos sinxelos relacionados coa vida cotiá. Construción de estruturas simples a partir de pezas modulares (pontes, escaleiras,</p>	<p>4. Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construción sinxela incluíndo operadores mecánicos.</p> <p>5. Valoración da influencia da tecnoloxía nas condicións de vida e no traballo</p> <p>6. Relevancia dos inventos de mulleres e homes e valoración da súa contribución á mellora das condicións de vida. Realización de traballos sobre inventoras e inventores utilizando fontes variadas de información.</p> <p>7. Apreciación da importancia das habilidades manuais implicadas no manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico e non doméstico, superando estereotipos sexistas.</p> <p>8. Recoñecemento dos riscos que poden xerar diferentes aparellos e ferramentas cotiás en función das súas características. Reflexión sobre a prevención de riscos e elaboración conxunta de folletos sobre as normas necesarias para previlos.</p> <p>9. Interese por coidar a presentación dos traballos en papel ou en soporte dixital.</p> <p>10. Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para buscar información e para a súa comunicación, usando a nivel básico o tratamento de textos (titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e impresión) e o seguimento dunha secuencia dada para atopar unha información na internet.</p>	<p>5. Interpretación de gráficos e instrucións para a montaxe de obxectos ou aparellos sinxelos.</p> <p>6. Construción de circuitos eléctricos simples. Identificación dos compoñentes e funcións.</p> <p>7. Comparación de formas de vida e de traballo de diferentes épocas históricas ou sociedades.</p> <p>8. Valoración da influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e do traballo.</p> <p>9. Valoración das habilidades manuais implicadas no manexo de ferramentas e aparellos domésticos e non-domésticos superando os estereotipos sexistas.</p> <p>10. Identificación dos comportamentos máis adecuados para evitar accidentes (escapes de gas, incendios, inundacións...).</p> <p>11. Control de riscos no manexo de aparellos e máquinas. Elaboración de protocolos de uso.</p> <p>12. Uso autónomo de tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións). Busca guiada de información na rede e xestión de ficheiros.</p> <p>13. Uso responsable das TIC. Valoración da necesidade de controlar o tempo destinado ás tecnoloxías da información e comunicación e o seu poder de adicción.</p>
---	---	---

#### 4.5.5 Secuenciación dos criterios de avaliación. Coñecemento do Medio

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Identifica semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade. <i>Avaliarase a capacidade para recoñecer partes do propio corpo, aceptándoo e respectando as diferenzas.</i></p> <p>2. Identifica e describir algúns recursos fundamentais para os seres vivos (auga, aire), e a súa relación coa vida das persoas, tomando conciencia da necesidade do seu uso</p>	<p>1. Coñece as partes externas do corpo e algúns órganos importantes para o seu funcionamento.</p> <p>2. Identifica, valora e explica as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico, descanso...</p> <p>3. Recoñece e explica, recollendo datos e utilizando aparellos de medida, as relacións entre algúns factores do medio físico (relevo, solo, clima, vexetación...) e as formas de vida e actuacións das persoas, amosando unha actitude respectuosa cara á conservación do medio e cara ao mantemento do</p>	<p>1. Nomea e define funcións vitais. Recoñece as características dun ser vivo.</p> <p>2. Identifica os cinco reinos e describe as súas características.</p> <p>3. Identifica e localiza os principais órganos que realizan as funcións vitais do corpo humano, establecendo as relacións entre eles e os hábitos de saúde.</p> <p>4. Nomea os procesos mediante os que se realizan as funcións de nutrición, relación e reprodución.</p> <p>5. Establece as diferenzas entre sexos e coñece a importancia da reprodución.</p> <p>6. Describe as características das etapas da vida.</p> <p>7. Coñece e propón accións que favorezan o coidado dos seus órganos de corpo</p> <p>8. Adquire e valora positivamente os hábitos de hixiene e alimentación e os estilos de vida saudable.</p>

<p>responsable.</p> <p>3. Recoñece e clasifica con criterios elementais os seres vivos máis relevantes do contorno do alumnado, utilizando instrumentos e procedementos adecuados.</p> <p>4. Valorar positivamente a práctica de determinados hábitos asociados á hixiene, á alimentación equilibrada, ao exercicio físico e ao descanso.</p> <p>5. Recoñece, identifica e pon exemplos sinxelos sobre as principais profesións e responsabilidades que desempeñan as persoas do contorno.</p> <p>6. Recoñece algunhas manifestacións culturais presentes no ámbito escolar, local e galego, valorando a súa diversidade e riqueza.</p> <p>7. Identifica algúns dos medios de transporte máis comúns do contorno e valorar o seu uso, respectando as normas básicas de seguridade viaria.</p> <p>8. Ordena temporalmente algúns feitos relevantes da vida persoal, familiar ou do contorno próximo.</p> <p>9. Identifica e observa diferenzas na composición dos materiais, experimentando e usando instrumentos sinxelos.</p> <p>10. Monta e desmonta obxectos e aparellos simples domésticos e escolares, describindo o seu funcionamento e o xeito de utilizalos con seguridade.</p> <p>11. Realiza de maneira guiada experimentos sinxelos relacionados co medio familiar e próximo.</p>	<p>equilibrio ecolóxico.</p> <p><i>Con este criterio trátase de coñecer se as nenas e os nenos son quen de apreciar relacións entre tipo de vivenda, cultivos, paisaxe, vestuario, alimentación... co clima, o relevo, a presenza de determinadas especies animais e vexetais... como aproximación ao concepto de hábitat, observando e recollendo datos no contorno próximo. Así mesmo, avaliarase se valoran a importancia da conservación do medio e o mantemento do equilibrio ecolóxico.</i></p> <p>4. Identifica e clasifica animais, plantas e rochas (seres vivos ou inertes), recoñecendo as características básicas de determinadas especies de acordo con criterios científicos.</p> <p>5. Identifica, a partir de exemplos da vida cotiá, algúns dos principais usos que as persoas fan dos recursos naturais e algunhas das consecuencias negativas dos usos inadecuados. Analiza o proceso seguido desde a súa orixe ata o seu consumo.</p> <p>6. Sinala algunhas funcións das organizacións e institucións municipais e do contorno próximo e a súa contribución ao funcionamento da sociedade, valorando a importancia da participación activa nelas a través de mecanismos democráticos.</p> <p>7. Valora os costumes, tradicións e trazos de identidade do patrimonio galego. Participa activamente en festas, xogos e costumes populares propios da bisbarra e de Galicia.</p> <p>8. Usa as nocións espaciais e a referencia aos puntos cardinais para situarse no contorno, para localizar e describir a situación dos obxectos en espazos concretos e para utilizar planos e mapas para desprazarse e localizar determinados aspectos xeográficos, patrimoniais... (ríos, montañas, monumentos, poboacións ...)</p> <p>9. Utiliza as nocións de duración, sucesión e simultaneidade para situar feitos históricos relevantes relacionados con algún aspecto da vida cotiá.</p> <p>10. Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos, analizando o seu funcionamento, fixándose especialmente na enerxía que utilizan (sol, electricidade, combustible, vento...) e valorando</p>	<p>9. Coñece as características dos animais e das plantas e clasifícaos.</p> <p>10.Recoñece os tipos de reprodución dos animais e plantas.</p> <p>11.Identifica os cambios estacionais nas plantas.</p> <p>12.Distingue os compoñentes dun ecosistema e as súas relacións.</p> <p>13.Nomea as formas nas que se manifesta a enerxía, como se transforma, como se utiliza.</p> <p>14.Realiza investigacións para estudar o comportamento dos corpos ante a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son e sabe comunicar os resultados.</p> <p>15.Identifica algúns dos usos que as persoas fan dos recursos naturais e da enerxía, así como algunhas das consecuencias negativas dos usos inadecuados.</p> <p>16.Realiza investigacións para estudar o comportamento dos corpos ante a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son e comunica os seus resultados.</p> <p>17.Planifica a construción de obxectos e aparellos, usando fontes enerxéticas e materiais apropiados, e realiza combinando o traballo individual e en equipo, velando pola propia seguridade e a das demais persoas.</p> <p>18. Coñece e explica o ciclo da auga, a súa distribución no Planeta e a nosa responsabilidade no seu uso.</p> <p>19.Propón formas de previr ou reducir a contaminación do aire, da auga e a terra</p> <p>20.Define universo, astro, galaxia, planeta , ... e identifica as características e as semellanzas e diferenzas entre eles.</p> <p>21.Nomea as características da Terra e identifica os seus movementos, capas, ...</p> <p>22.Define materia e nomea as súas propiedades, estados, ...</p> <p>23.Sabe o que é un mapa e coñece os tipos de mapas e como interpretalos.</p> <p>24.Coñece e situa os diferentes territorios (provincias, autonomías) de España.</p> <p>25.Sitúa nun mapa datos sobre o relevo de España, Europa.</p> <p>26.Sitúa nun mapamundi físico e político datos sobre os outros continentes.</p> <p>27.Recoñece a diversidade de paisaxes de Galicia e de España e a necesidade de preservar a riqueza paisaxística e patrimonial.</p> <p>28.Comprende os conceptos de poboación, natalidade, mortalidade, densidade de poboación.</p> <p>29.Recoñece a Comunidade Económica Europea, as súas funcións e fins.</p> <p>30.Identifica, describe e analiza procesos de cambio e transformacións (sociais, culturais, económicas e tecnolóxicas) provocadas polo incremento das comunicacións e dos bens e servizos</p> <p>31. Describe os mecanismos de funcionamento e de participación propios das sociedades democráticas (escolares, municipais, autonómicas...), valorando o interese da xestión dos servizos públicos para a cidadanía.</p> <p>32.Coñece como se organiza o goberno de España, de Galicia e de Cambados</p> <p>33. Utiliza e interpreta planos e mapas para orientarse, situar aspectos do contorno e desprazarse adecuadamente.</p> <p>34. Obten información para identificar características da sociedade nalgúns épocas pasadas e situar os feitos relevantes utilizando liñas do tempo,</p>
--	--	--

	<p>a importancia de facer un uso responsable da enerxía do planeta.</p> <p>11. Monta, desmonta ou planifica e realiza un proceso sinxelo de construción dalgún obxecto ou aparello simple, amosando actitudes de cooperación no traballo en equipo e de coidado pola seguridade.</p> <p>12. Responde preguntas e resolve problemas do contorno relacionados con feitos e fenómenos naturais e sociais, facendo predicións ou establecendo conxecturas, obtendo información relevante por medio da observación e/ou do manexo de fontes diversas e comunicando os resultados.</p>	<p>cronogramas, usando diferentes tipos de fontes (orais, escritas, dixitais)</p> <p>35. Resolve problemas e responde preguntas sobre aspectos do medio galego usando diferentes fontes, elaborando a información, tirando conclusións e comunicando as posibles solucións e respostas</p> <p>36. Elabora un traballo, utilizando soporte papel e dixital, recolle información de fontes (directas, libros, internet).</p> <p>37. Atende á presentación ordenada, clara e limpa do traballo con linguaxes varias</p> <p>38. Adquire vocabulario referente os temas tratados.</p>
--	--	--

## 4.6 Área de Educación Física

### 4.6.1 Competencias básicas. Educación física

<p><b>Competencia en comunicación lingüística.</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Desenvolvemento e adquisición de novo vocabulario específico .</li> <li>Favorecer a conversa</li> </ol> <p><b>Competencia matemática.</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Apreciación de distancias.</li> <li>Mellora da percepción espacial</li> </ol> <ol style="list-style-type: none"> <li>Adquisición das habilidades perceptivas</li> <li>Uso dos ordinais.</li> </ol> <p><b>Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Aumento da percepción e as relacións coas demais persoas e cos obxectos.</li> <li>Exploración e coñecemento doutros medios diferentes á aula</li> <li>Mellora da saúde e da calidade de vida</li> </ol> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital.</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>As nenas e os nenos aprenden a valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e de comunicación..</li> <li>alumnado ten que ser quen de achar a información usando as TIC. Debe amosar un dominio básico de diferentes linguaxes (icónica, visual, sonora, gráfica...)</li> <li>Competencia social e cidadá. amosada na educación en habilidades sociais:</li> <li>Busca de obxectivos grupais comúns nun xogo cooperativo</li> <li>A educación física conciencia e axuda a ter en conta ás demais persoas</li> <li>Atenderase ao xogo limpo</li> </ol> <p><b>Competencia cultural e artística.</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>Potenciando o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización, a expresión.</li> <li>Entendendo algunhas manifestacións da motricidade humana como feitos culturais</li> <li>Aprender a aprender por medio das actividades cooperativas,</li> <li>axeitado coñecemento de si mesma e de si mesmo, que favoreza o coñecemento das propias capacidades e a autoestima.</li> </ol>
--

**Autonomía e iniciativa persoal.**

1. Mellorando o coñecemento do seu propio corpo.
2. Incrementando o nivel de habilidades e de capacidades e, en consecuencia, a autonomía e a iniciativa persoal.
3. Utilizando unha metodoloxía que favoreza a exploración:
4. A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas, para unha alta motivación,
5. descubrimento guiado ou a resolución de problemas baseándose en propostas motrices levará as alumnas e os alumnos a investigar, razoar
6. xogo é un recurso metodolóxico que debe utilizar-se para gran parte dos contidos que se traten.
7. A eliminación das diferenzas sexistas, buscando a igualdade de oportunidades para os dous sexos

**4.6.2 Obxectivos Xerais. Educación física**

1. Coñecer, aceptar e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e de gozo das propias posibilidades
2. Utilizar as propias capacidades motrices, habilidades e adaptar o movemento ás circunstancias
3. Utilizar os recursos expresivos do corpo
4. Regular e dosificar o esforzo acorde coas posibilidades de cadaquén
5. Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha actitude responsable
6. Participar en actividades físico-deportivas evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.
7. Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas
8. Adquirir, elixir e aplicar principios e regras para resolver problemas motores
9. Coñecer e practicar xogos, deportes con bailes tradicionais propios da cultura galega

**4.6.3 Secuenciación de obxectivos. Educación física**

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Recoñecer cada unha das partes do corpo e o seu carácter global.</li> <li>2. Consolidar a lateralidade.</li> <li>3. Valorar o propio corpo e a actividade física.</li> <li>4. Desenvolver as posibilidades de control postural e respiratorio.</li> <li>5. Progresar na consolidación de hábitos hixiénicos, alimentarios, posturais, de exercicio físico e saudables en xeral.</li> <li>6. Adecuar o propio movemento no espazo en función do movemento colectivo.</li> <li>7. Valorar o interese e o esforzo persoal por encima do éxito ou dos resultados obtidos.</li> <li>8. Dosificar o esforzo a teor da natureza da tarefa que se realiza.</li> <li>9. Relacionarse cos demais, compartir xogos e actividades físicas, e respectar as normas e</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Incrementar o coñecemento das posibilidades corporais, e desenvolves e enriquecelas en función das relacións cos demais e a contorna.</li> <li>2. Consolidar a lateralidade.</li> <li>3. Desenvolver as posibilidades de control postural e respiratorio.</li> <li>4. Consolidar hábitos hixiénicos, alimentarios, posturais e de exercicio físico saudables.</li> <li>5. Valorar o interese e o esforzo persoal por riba do éxito ou dos resultados obtidos.</li> <li>6. Dosificar o esforzo a teor da natureza da tarefa que se realiza.</li> <li>7. Utilizar un repertorio motor adecuado para a resolución de problemas que impliquen unha correcta percepción espazo-temporal.</li> <li>8. Axeitar o movemento ao espazo, individual e colectivamente.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Valorar o propio corpo e aceptar a propia identidade física.</li> <li>2. Desenvolver as posibilidades de control postural e respiratorio.</li> <li>3. Consolidar hábitos hixiénicos, alimentarios, posturais e de exercicio físico saudables.</li> <li>4. Desenvolver a autoestima a partir da valoración do esforzo necesario na actividade física.</li> <li>5. Adoptar unha boa disposición cara a calquera tipo de actividade física.</li> <li>6. Utilizar un repertorio motor axeitado para a resolución de problemas que impliquen unha correcta percepción espazo-temporal.</li> <li>7. Resolver problemas de estruturación espazo-temporal seleccionando os movementos, executándoos de modo satisfactorio logo de avaliación das súas posibilidades.</li> <li>8. Desenvolver a destreza visomanual.</li> <li>9. Adaptar as capacidades físicas básicas e destrezas motoras</li> </ol>

<p>regras que os rexen. 10.Evitar comportamentos agresivos e actitudes violentas nos xogos e nas actividades físicas competitivas. 11.Utilizar de forma adecuada e respectuosa o material co que se realizan as actividades físicas e deportivas, coidar o espazo onde se desenvolven.</p>	<p>9. Desenvolver a destreza viso-manual. 10.Desenvolver a mobilidade corporal, independizando segmentos superiores e inferiores do eixe corporal. 11.Relacionarse cos demais, compartir xogos e actividades físicas, e respectar as normas e regras que os rexen. 12.Evitar comportamentos agresivos e actitudes violentas nos xogos e actividades físicas competitivas. 13.Utilizar de forma axeitada e respectuosa o material co que se realizan as actividades físicas e deportivas, coidando o espazo onde se desenvolve. 14.Reproducir estruturas rítmicas a través do movemento corporal.</p>	<p>a medios non coñecidos. 10.Desenvolver a mobilidade corporal independizando segmentos superiores e inferiores do eixe corporal. 11.Participar en xogos e actividades físicas colectivas, manifestando solidariedade e compañeirismo. 12.Evitar comportamentos agresivos e actitudes violentas nos xogos e actividades físicas competitivas, así como a discriminación dos compañeiros ou compañeiras por razóns de índole persoal ou social. 13.Desenvolver a competencia motora en xogos, deportes e demais actividades físicas. 14.Utilizar de forma axeitada e respectuosa o material co que se realizan as actividades físicas e deportivas, coidando o espazo onde se desenvolven.</p>
--	--	--

#### 4.6.4 Secuenciación de Contidos. Educación Física

##### Bloque 1. O corpo: imaxe e percepción

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Exploración do corpo 2. Experimentación de posturas 3. Realización de actividades da lateralidade. 4. Experimentación de situacións de equilibrio e de desequilibrio. 5. Nocións asociadas a relacións espaciais 6. Aceptación da propia realidade corporal. 7. Interese por aumentar a autonomía.</p>	<p>1. Interiorización do esquema corporal 2. Adecuación da postura ás necesidades expresivas e motrices. 3. Consolidación da laterahidade 4. Práctica de equilibrio estático, dinámico 5. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e da do resto das persons. 6. Autonomía persoal</p>	<p>1. Interiorización da imaxe e do esquema corporal 2. Control corporal en situacións motrices complexas 3. Adquisición dunha axeitada mecánica respiratoria, 4. Execución de movementos de certa dificultade 5. Realización de equilibrio estático - dinámico 6. Seguridade, confianza e autonomía persoal.</p>

##### Bloque 2. Habilidades motrices

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1.Exploración das habilidades e das propias posibilidades de movemento. 2.Experimentación de diferentes xeitos de execución 3.Resolución de problemas motores sinxelos. 4. Realización de coordinacións 5. Interese por coñecer as propias posibilidades 6. Disposición favorable a participar en actividades variadas</p>	<p>1.Práctica dos desprazamentos, saltos, xiros e lanzamentos-recepcións. 2. Uso eficaz das habilidades 3. Mellora das capacidades físicas básicas 4. Execución de movementos coordinados</p>	<p>1. Adaptación das habilidades motrices básicas e específicas a diferentes situacións. 2. Uso das habilidades motrices básicas aplicadas a actividades deportivas . 3. Iniciación deportiva 4. Acondicionamento físico_xeral orientado 5.Práctica de coordinacións globais 6. Valoración do traballo ben executado</p>

##### Bloque 3: Actividades físicas artístico-expresivas

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
-----------------------	----------------------	-----------------------

<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Descubrimiento e exploración das posibilidades expresivas do corpo e do movemento.</li> <li>2. Exteriorización de emocións</li> <li>3. Sincronización do movemento con pulsacións e estruturas rítmicas sinxelas.</li> <li>4. Vivenciación de tarefas lúdico-motrices</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Utilización do corpo e do movemento como instrumentos de expresión e de comunicación</li> <li>2. Adecuación do movemento a ritmos diversos e a estruturas espazo-temporais.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Concienciación e uso axeitado das posibilidades expresivas e comunicativas da linguaxe corporal.</li> <li>2. Valoración da expresión e da comunicación corporal como importantes para a educación integral.</li> </ol>
--	--	--

**Bloque 4: Actividade física e saúde**

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Adquisición de hábitos básicos de hixiene corporal</li> <li>2. Coñecemento de pautas de alimentación básicas</li> <li>3. Comprensión da relación da actividade física co benestar.</li> <li>4. Realización de actividades motrices orientadas</li> <li>5. Adopción de medidas de seguridade</li> <li>6. Respecto das normas</li> <li>7. Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Consolidación dos hábitos de hixiene corporal</li> <li>2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física</li> <li>3. Uso correcto dos materiais e dos espazos,</li> <li>4. Actitude favorable cara á actividade física</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Autonomía na hixiene corporal</li> <li>2. Recoñecemento dos efectos beneficiosos da actividade física ca saúde</li> <li>3. Incremento da condición física</li> <li>4. Prevención de lesións na actividade física</li> <li>5. Utilización correcta e respectuosa do contorno</li> <li>6. Actitude favorable cara á actividade física con relación A saúde.</li> </ol>

**Bloque 5. Xogos e deportes**

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Consideración do xogo como actividade</li> <li>2. Comprensión e cumprimento das regras do xogo.</li> <li>3. Realización de xogos libres e organizados.</li> <li>4. Coñecemento e práctica de xogos populares galegos.</li> <li>5. Respecto ás persoas participantes no xogo</li> <li>6. Valoración do xogo como medio de disfrute</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comprensión, aceptación e cumprimento das regras e das normas de xogo actitude responsable</li> <li>2. Participación e práctica de xogos diversos e de actividades de iniciación predeportiva.</li> <li>3. Respecto cara ás persoas participantes no xogo,</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aceptación e respecto cara As normas e cara ás persoas que participan no xogo.</li> <li>2. Realización de xogos e de actividades deportivas de diversas modalidades e de dificultade crecente.</li> <li>3. Utilización axeitada e valoración das estratexias básicas do xogo: cooperación, oposición e cooperación-oposición.</li> <li>4. Valoración do esforzo persoal e do colectivo</li> <li>5. Aprecio do xogo e do deporte como medio de disfrute</li> </ol>

**4.6.5 Secuenciación dos criterios de avaliación. Educación Física**

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Reaccionar ante estímulos visuais, auditivos e táctiles</li> <li>2. Adoptar diferentes posturas corporais mantendo o equilibrio</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Amosar un axeitado coñecemento do corpo e dos seus elementos.</li> <li>2. Desprazarse e saltar, combinando as habilidades de maneira equilibrada e coordinada.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Adaptar os desprazamentos, saltos e xiros a diferentes contornos</li> <li>2. Lanzar pasar e recibir pelotas ou outros móbiles de maneira controlada</li> </ol>

<p>3. Reproducir unha estrutura rítmica sinxela.</p> <p>4. Desprazarse e saltar coordinadamente.</p> <p>5. Realizar lanzamentos, recepcións e outras habilidades que impliquen o manexo de obxetos</p> <p>6. Amosar interese pola adquisición de hábitos axeitados de alimentación</p> <p>7. Participar e gozar dos xogos.</p> <p>8. Coñecer e practicar xogos populares tradicionais galegos</p>	<p>3. Xirar sobre os eixos lonxitudinal e transversal.</p> <p>4. Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles.</p> <p>5. Manter unha predisposición positiva cara á práctica da actividade física.</p> <p>6. Participar en xogos e en actividades deportivas con coñecemento das normas.</p>	<p>3. Incrementar globalmente a condición física</p> <p>4. Actuar coordinada e cooperativamente coas persoas que compoñen o propio</p> <p>5. Identificar como valores fundamentais dos xogos e das actividades deportivas o esforzo persoal e as relacións co grupo</p> <p>6. Coñecer, practicar e valorar xogos e deportes populares tradicionais de Galicia.</p>
---	---	--

## 4.7 Área de Educación Artística.

### 4.7.1 Competencias básicas. Educación artística

<i>1º e 2º Ciclo</i>	<i>3º Ciclo</i>
<p><b>Competencia en comunicación lingüística</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Valorar a obra artística.</li> <li>2. Buscar a orixinalidade narrativa e formal.</li> <li>3. Obter información relevante e suficiente a partir da observación.</li> <li>4. Describir procesos de traballo e argumentación de solucións.</li> <li>5. Desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.</li> <li>6. Adquirir un vocabulario específico da área.</li> <li>7. Xerar intercambios comunicativos.</li> </ol> <p><b>Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aproveitar a información xestual ofrecida polo contorno humano e modélico.</li> <li>2. Utilizar con fruición as técnicas plásticas.</li> <li>3. Explorar de maneira sensorial os espazos.</li> <li>4. Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno físico agradable e saudable.</li> </ol>	<p><b><u>Desenvolvemento da competencia cultural e artística</u></b></p> <p>A área de <i>Educación artística</i> contribúe á adquisición da <i>competencia cultural e artística</i> directamente en todos os aspectos que a configuran. Ponse a énfase no coñecemento de diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas e os recursos que lles son propios, axudando o alumnado a iniciarse na percepción e a comprensión do mundo que lle rodea e a ampliar as súas posibilidades de expresión e comunicación cos demais. A posibilidade de representar unha idea de forma persoal, valéndose dos recursos que as linguaxes artísticas proporcionan, promove a iniciativa, a imaxinación e a creatividade, á vez que ensina a respectar outras formas de pensamento e expresión.</p> <p>A área, ao propiciar o achegamento a diversas manifestacións culturais e artísticas, tanto do contorno máis próximo como doutros pobos, dota os alumnos e alumnas de instrumentos para valoralas e para formular opinións cada vez máis fundamentadas no coñecemento. Deste xeito, poden ir configurando criterios válidos en relación cos produtos culturais e ampliar as súas posibilidades de lecer.</p>



5. Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
6. Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
7. Apreciar o contorno a través de cores, formas, sons, texturas, etc., presentes na natureza e nas obras realizadas polo home.

#### **Competencia matemática**

1. Representar xeometricamente os esquemas de debuxo e as formas de seres e obxectos cotiáns.
2. Poñer en práctica procesos de razoamento e identificar a validez destes.
3. Valorar o grao de certeza dos resultados derivados do razoamento.
4. Seleccionar as técnicas adecuadas para calcular os pulsos.

#### **Tratamento da información e competencia dixital**

1. Transmitir información mediante técnicas plásticas.
2. Analizar a imaxe e a mensaxe que transmite.
3. Usar a tecnoloxía para o tratamento de imaxes visuais.
4. Analizar a imaxe, o son e as mensaxes que estes transmiten.
5. Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e goce.
6. Usar a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música e coas artes visuais.

#### **Competencia social e cidadá**

1. Indagar e planificar procesos.
2. Coidar e conservar materiais e instrumentos.
3. Ter flexibilidade ante un mesmo suposto.
4. Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
5. Aplicar técnicas concretas e utilizar os espazos de maneira apropiada.
6. Seguir as normas e as instrucións dadas.
7. Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.

#### **Competencia cultural e artística**

1. Ter interese polo coñecemento dos materiais.
2. Experimentar con técnicas e materiais.
3. Explorar os materiais cromáticos e gozar cos resultados obtidos.
4. Intercambiar información sobre imaxes de calquera época e cultura.
5. Representar formas presentes no espazo natural.
6. Coñecer diferentes códigos artísticos e utilizar as técnicas e os recursos que lles son propios.
7. Facilitar a expresión e a comunicación.
8. Coñecer, valorar e manter unha actitude crítica ante as manifestacións culturais e artísticas.
9. Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
10. Apoiar e apreciar as iniciativas e as contribucións alleas.

#### **Competencia para aprender a aprender**

1. Ter curiosidade respecto do resultado final dunha actividade manipulativa.

### **Contribución da área de educación artística ao desenvolvemento doutras competencias básicas**

#### **Autonomía e iniciativa persoal.**

Ao facer da exploración e a indagación os mecanismos apropiados para definir posibilidades, buscar solucións e adquirir coñecementos, promóvese de forma relevante a autonomía e iniciativa persoal. O proceso que leva o neno desde a exploración inicial ata o produto final require dunha planificación e demanda un esforzo por alcanzar resultados orixinais. Por outra banda, esixe a elección de recursos tendo presente a intencionalidade expresiva do produto que se desexa lograr e a revisión constante do que se fixo en cada fase do proceso coa idea de melloralo se fose preciso.

A creatividade esixe actuar con autonomía, pór en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas. O proceso non só contribúe á orixinalidade, á procura de formas innovadoras, senón que tamén xera flexibilidade pois ante un mesmo suposto poden darse diferentes respostas.

#### **Competencia social e cidadá.**

No ámbito da *Educación artística*, a interpretación e a creación supón, en moitas ocasións, un traballo en equipo. Esta circunstancia esixe cooperación, asunción de responsabilidades, seguimento de normas, coidado e conservación de materiais e instrumentos, aplicación de técnicas e utilización de espazos de xeito apropiado. O seguimento destes requisitos forma no compromiso cos demais, na esixencia que ten a realización en grupo e na satisfacción que proporciona un produto que é froito do esforzo común. En definitiva, expresarse buscando o acordo, pon en marcha actitudes de respecto, aceptación e entendemento, o que sitúa a área como un bo vehículo para o desenvolvemento desta competencia.

#### **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.**

Contribúese á apreciación do contorno a través do traballo perceptivo con sons, formas, cores, liñas, texturas e movemento presentes nos espazos naturais e nas obras humanas. A área sèrvese do medio para a creación artística, explóralo, manipúlalo e incorpóralo recreándoo para darlle unha dimensión que proporcione gozo e contribúa ao enriquecemento da vida das persoas. Así mesmo, ten en conta outra dimensión a que compete ás agresións que deterioran a calidade de vida, como a contaminación sonora ou as solucións estéticas pouco afortunadas de espazos ou edificios, axudando os nenos a tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un contorno agradable e saudable.

#### **Competencia para aprender a aprender.**

Favorécese a reflexión sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas ou espazos, co fin de que os coñecementos adquiridos doten a nenos e nenas dunha bagaxe suficiente para utilízaos en situacións diferentes. O desenvolvemento da capacidade de observación expón a conveniencia de establecer pautas que a guíen, co obxecto de que o exercicio de observar proporcione información relevante e suficiente. Neste sentido, a área fai competente en aprender ao proporcionar protocolos de indagación e planificación de

<ol style="list-style-type: none"> <li>2. Valorar o potencial creativo contido nas formas sinxelas.</li> <li>3. Indagar e planificar procesos.</li> <li>4. Esforzarse por alcanzar resultados orixinais.</li> <li>5. Reflexionar sobre o proceso de iluminación.</li> <li>6. Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.</li> <li>7. Reflexionar sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas e espazos.</li> <li>8. Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.</li> </ol> <p><b>Autonomía e iniciativa persoal</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Manipular materiais e adquirir bagaxe plástica expresiva.</li> <li>2. Experimentar e gozar co uso de técnicas e materiais.</li> <li>3. Desenvolver iniciativas e solucións diversas.</li> <li>4. Favorecer a creatividade levando a cabo iniciativas e barallando diferentes posibilidades.</li> <li>5. Fomentar a orixinalidade e a busca de novas formas innovadoras no proceso creativo.</li> <li>6. Elixir os recursos tendo en conta a intencionalidade expresiva do que se desexa lograr.</li> <li>7. Planificar o proceso creativo e esforzarse por alcanzar resultados orixinais.</li> <li>8. Adquirir coñecementos e buscar solucións a partir da exploración e da indagación.</li> </ol>	<p>procesos susceptibles de ser utilizados noutras aprendizaxes.</p> <p><b>Competencia en comunicación lingüística.</b> Pódese contribuír, como desde todas as áreas, a través da riqueza dos intercambios comunicativos que se xeran, do uso das normas que os rexen, da explicación dos procesos que se desenvolven e do vocabulario específico que a área achega. De forma específica, cancións ou sinxelas dramatizacións son un vehículo para a adquisición de novo vocabulario e para desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción ou a articulación. Desenvólvese esta competencia na descrición de procesos de traballo, na argumentación sobre as solucións dadas ou na valoración da obra artística.</p> <p><b>Tratamento da información e competencia dixital.</b> Contribúese a través do uso da tecnoloxía como ferramenta para mostrar procesos relacionados coa música e as artes visuais e para achegar o alumnado á creación de producións artísticas e á análise da imaxe e o son e das mensaxes que estes transmiten. Tamén se procura información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e gozo, para seleccionar e intercambiar informacións referidas a ámbitos culturais do pasado e do presente, próximos ou doutros pobos.</p> <p><b>Competencia matemática.</b> A área contribúe ao desenvolvemento da <i>competencia matemática</i> ao abordar conceptos e representacións xeométricas presentes na arquitectura, no deseño, nos obxectos cotiáns, no espazo natural, e naquelas ocasións nas que se necesitan referentes para organizar a obra artística no espazo. Tamén cando en música se traballan o ritmo ou as escalas, estase facendo unha achega ao desenvolvemento da competencia matemática.</p>
--	--

#### 4.7.2 Obxectivos Xerais. Educación artística

<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e a creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.</li> <li>2. Formar progresivamente o sentido estético persoal como recurso para apreciar e valorar elementos constitutivos das artes e obras verdadeiramente artísticas; desenvolver o xuízo crítico e o posicionamento pluralista na aproximación ás obras artísticas e ás autoras e autores.</li> <li>3. Indagar nas posibilidades do son, da imaxe e do movemento como elementos de representación e de comunicación e utilízalas para expresar ideas e sentimentos, contribuíndo con iso ao equilibrio afectivo e á relación coas demais persoas</li> <li>4. Explorar e coñecer materiais e instrumentos diversos e adquirir códigos e técnicas específicas das diferentes linguaxes artísticas para utilízalos con fins expresivos e comunicativos.</li> <li>5. Aplicar os coñecementos artísticos na observación e na análise de situacións e de obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e da cultura para comprendelos mellor e formar un gusto propio.</li> <li>6. Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, articulando a percepción, a imaxinación, a indagación e a sensibilidade e reflexionando á hora de realizar e desfrutar de diferentes producións artísticas.</li> <li>7. Recoñecer que as diversas manifestacións da arte e da cultura son fonte de coñecemento, foron realizadas por homes e por mulleres e reflicten a súa experiencia e percepción da vida.</li> <li>8. Coñecer algunhas das posibilidades dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación en que interveñen a imaxe e o son, e empregalas como recursos para a observación, para a busca de información e para a elaboración de producións propias, xa sexa de forma autónoma ou en combinación con outros medios e materiais.</li> </ol>
--

9. Valorar e compartir manifestacións artísticas do patrimonio cultural galego apreciando a súa riqueza e diversidade e comprometéndose na súa defensa, conservación e difusión.
10. Coñecer e valorar diferentes manifestacións artísticas do patrimonio cultural doutros pobos, colaborando na conservación e renovación das formas de expresión locais e nacionais e estimando o enriquecemento que supón o intercambio con persoas de diferentes culturas que comparten un mesmo contorno.
11. Desenvolver unha relación de autoconfianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as das outras persoas, cunha actitude de interese e de admiración polo distinto e/ou novo, sabendo recibir e expresar críticas e opinións, e utilizándoas como recurso para a mellora.
12. Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa, asumindo distintas funcións e colaborando na resolución dos problemas que se presenten para conseguir un produto final o máis satisfactorio posible.
13. Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos, interesándose polas características do traballo das artistas e dos artistas e desfrutando como público na observación e recreación das súas propias producións.
14. Valorar no contorno próximo as intervencións artísticas das que cumpriría dispor co fin de crear espazos esteticamente agradables que contribúan a mellorar a calidade de vida.

### 4.7.3 Secuenciación de obxectivos. Educación artística

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Describir algunhas calidades (tamaño, forma, cor, textura, etc.) de materiais e obxectos manipulables, presentes no contorno, como resultado dunha exploración multisensorial e lúdica.</li> <li>2. Seleccionar aquelas características que se consideren máis útiles e adecuadas para o desenvolvemento das actividades artísticas expresivas, partindo do contorno máis próximo.</li> <li>3. Realizar composicións gráficas cuxa elaboración poña a proba o control da psicomotricidade fina.</li> <li>4. epresentar a realidade próxima e situacións imaxinadas.</li> <li>5. Utilizar a linguaxe plástica para expresar os sentimentos.</li> <li>6. Planificar a realización plástica dunha situación vivida</li> <li>7. Realizar producións colectivas, cooperando na elaboración dun único produto final.</li> <li>8. Valorar e respectar as achegas dos demais na produción dunha obra artística común.</li> <li>9. Crear e representar a través da materia.</li> <li>10.Explorar e utilizar materiais plásticos diversos con precisión.</li> <li>11.Coñecer as propiedades dalgúns materiais comúns e as súas posibilidades de utilización frecuente con fins comunicativos, lúdicos e creativos.</li> <li>12.Gozar das obras de arte que ofrece o contorno cotián.</li> <li>13.Coñecer algúns elementos moi destacados do patrimonio cultural.</li> <li>14.Desenvolver a sensibilidade e o gusto por todo o belo e</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Utilizar distintos instrumentos musicais comúns para realizar acompañamentos sinxelos de cancións e melodías.</li> <li>2. Analizar imaxes en función dos sentimentos que transmiten: alegría, tristeza, tranquilidade, irritación, etc.</li> <li>3. Interiorizar secuencias rítmicas sinxelas.</li> <li>4. Expresar con xestos e movementos ideas e sentimentos.</li> <li>5. Ter confianza nas propias realizacións artísticas e gozar co proceso creativo.</li> <li>6. Explorar e utilizar materiais plásticos diversos con precisión.</li> <li>7. Coñecer as propiedades dalgúns materiais comúns e as súas posibilidades de utilización frecuente con fins comunicativos, lúdicos e creativos.</li> <li>8. Iniciarse no manexo da fruta doce.</li> <li>9. Acompañar unha melodía con diferentes instrumentos de percusión.</li> <li>10.Describir as calidades (tamaño, forma, cor, peso, textura, etc.) de materiais e obxectos manipulables presentes no contorno, como resultado dunha exploración multisensorial e lúdica.</li> <li>11.Seleccionar aquelas características que se consideren máis útiles e axeitadas para o desenvolvemento das actividades artísticas</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Espertar a sensibilidade visual e auditiva desenvolvendo a capacidade de observación e de escoita e valorar o silencio como premisa indispensable para a concentración e o equilibrio persoal.</li> <li>2. Aprender a valorar creacións artísticas con sentido estético.</li> <li>3. Desenvolver o xuízo crítico na observación das obras artísticas.</li> <li>4. Coñecer as posibilidades do son, a imaxe, o xesto e o movemento para expresar ideas, sentimentos ou vivencias.</li> <li>5. Expresar con xestos e movementos ideas e sentimentos, individual e</li> <li>6. colectivamente, en situacións de comunicación e de xogo.</li> <li>7. Ter confianza nas propias realizacións artísticas e gozar con elas.</li> <li>8. Coñecer as posibilidades de utilización de diferentes materiais con</li> <li>9. fins comunicativos, lúdicos e creativos.</li> <li>10.Coñecer as posibilidades de comunicación de instrumentos musicais</li> <li>11.como a fruta doce ou outros.</li> <li>12.Coñecer as calidades (forma, cor, textura, ) de materiais e obxectos</li> <li>13.como resultado dunha exploración multisensorial e</li> </ol>

<p>creativo que nos achegan outras culturas</p> <p>15.Reproducir as calidades do son no corpo, obxectos diversos e instrumentos.</p> <p>16.Coñecer distintos instrumentos musicais escolares e utilízaos para realizar acompañamentos moi sinxelos de cancións e melodías</p> <p>17.Interiorizar secuencias rítmicas sinxelas</p> <p>18.Identificar algunhas calidades do son, presentes na contorna habitual, como resultado dunha exploración auditiva e lúdica.</p> <p>19.Seleccionar aquelas características que se consideren máis útiles e adecuadas para o desenvolvemento das actividades artísticas expresivas, partindo da contorna máis próxima.</p> <p>20.Experimentar as posibilidades estéticas de diferentes tipos de movementos, de xestos e de posturas.</p> <p>21.Elaborar instrumentos musicais sinxelos utilizando diversos materiais da contorna.</p> <p>22.Participar en danzas e en xogos dramáticos que integren nun todo articulado as distintas achegas individuais..</p> <p>23.Interpretar mensaxes e ideas musicais dun modo estético.</p> <p>24.Realizar producións colectivas, cooperando na elaboración dun único produto final</p> <p>25.Valorar e respectar as achegas dos demais na produción dunha obra artística común.</p> <p>26.Memorizar un repertorio de cancións gestualizadas e de corro, adecuadas ás súas capacidades, que permitan ao alumnado relacionarse cos demais.</p> <p>27.Familiarizarse coa propia voz e o propio corpo como punto de partida da consolidación da autoimagen, xerme da autoestima persoal, e da imaxe e estima dos demais.</p> <p>28.Observar diferentes medios de comunicación da contorna cotiá que utilicen a imaxe e o son e que poidan ser empregados como un recurso de educación artístico-musical, apreciando as súas calidades e as súas limitacións.</p> <p>29.Iniciarse na lecto-escritura da linguaxe musical, con grafía tanto convencional como non convencional.</p> <p>30.Confiar no valor comunicador das diversas grafías da linguaxe musical.</p> <p>31.Iniciarse na experimentación e a libre expresión como medios de desenvolvemento creativo.</p> <p>32.Mostrar confianza nas propias capacidades.</p> <p>33.Gozar realizando creacións artísticas propias.</p>	<p>expresivas.</p> <p>12.Aplicar os coñecementos sobre as características visuais, plásticas e de relación espacial de situacións e obxectos do contorno, para mellorar a actividade expresiva e de comunicación icónica.</p> <p>13.Memorizar un repertorio de cancións e dramatizacións, axeitadas ás súas capacidades, que lle permita relacionarse cos demais.</p> <p>14.Interpretar cancións e melodías ao unísono, poñendo atención no carácter, a expresión, a dicción e a dinámica.</p> <p>15.Familiarizarse coa propia voz e o propio corpo como punto de partida da consolidación da autoimaxe, xerme da autoestima persoal, e da imaxe e estima dos demais.</p> <p>16.Realizar plasticamente unha obra na que participen todos os integrantes da clase.</p> <p>17.Reproducir algunhas das imaxes e sons dos diferentes medios de comunicación do contorno, apreciando as súas calidades e limitacións.</p> <p>18.Clasificar as imaxes e sons do contorno, segundo sexan do seu agrado ou desagrado, explicando a súa elección.</p> <p>19.Desenvolver progresivamente a capacidade crítica respecto á expresión e estética dos medios de comunicación que utilizan a imaxe e o son.</p> <p>20.Gozar das obras de arte que ofrece o contorno e a comunidade.</p> <p>21.Coñecer os elementos máis destacados do patrimonio cultural.</p> <p>22.Coñecer os costumes populares a través das cancións e danzas tradicionais.</p> <p>23.Desenvolver a sensibilidade e o gusto por todo o fermoso e creativo.</p> <p>24.Expresar libremente as ideas e os sentimentos a través da elaboración de obras artísticas creativas.</p> <p>25.Mostrar confianza nas propias capacidades creativas</p> <p>26.Realizar producións artísticas colectivas máis complexas que no ciclo anterior cooperando na elaboración dun único produto final.</p> <p>27.Valorar e respectar as achegas dos demais na produción dunha obra artística común.</p>	<p>lúdica.</p> <p>14.Observar as características artísticas que nos ofrece a realidade,</p> <p>15.representándoas de forma autónoma, espontánea e creativa.</p> <p>16.Aplicar os coñecementos sobre as características visuais, plásticas e</p> <p>17.de relación espacial de situacións e obxectos do ámbito.</p> <p>18.Expresar libremente ideas e sentimentos a través da elaboración de</p> <p>19.obras artísticas creativas.</p> <p>20.Ter confianza nas elaboracións artísticas propias apreciando a súa</p> <p>21.contribución ao goce e ao benestar persoal.</p> <p>22.Coñecer os medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e</p> <p>23.da comunicación nos que se utilizan a imaxe e o son.</p> <p>24.Desenvolver a capacidade crítica respecto á expresión e á estética</p> <p>25.dos medios de comunicación que utilizan a imaxe e o son.</p> <p>26.Coñecer os elementos máis destacados do patrimonio cultural a través</p> <p>27.das cancións e as danzas tradicionais galegas.</p> <p>28.Amosar sensibilidade e gusto polo bello e o creativo.</p> <p>29.Gozar das obras de arte que ofrece o patrimonio cultural.</p> <p>30.Gozar creando obras artísticas propias.</p> <p>31.Valorar as achegas dos demais na produción dunha obra común.</p> <p>32.Representar colectivamente diferentes papeis e situacións da vida</p> <p>33.cotiá e do mundo da fantasía e do xogo utilizando os recursos</p> <p>34.expresivos do corpo.</p> <p>35.Recoñecer e aceptar as capacidades e limitacións propias e dos</p> <p>36.compañeiros, valorando o esforzo individual e colectivo.</p> <p>37.Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos,</p> <p>38.interesándose polas características do traballo e</p>
--	---	---

34. Coñecer algúns elementos moi destacados do patrimonio cultura. 35. Iniciarse no coñecemento dos costumes populares a través das cancións tradicionais. 36. Desenvolver a sensibilidade e o gusto por todo o belo e creativo que nos aportan outras culturas.	28. Representar en grupo diferentes roles e situacións da vida cotiá e do mundo da fantasía mediante o xogo colectivo, utilizando os recursos expresivos do corpo. 29. Coñecer algunhas das profesións dos ámbitos artísticos.	desfrutando como 39. público na observación e recreación das súas propias producións.
--	---	--

#### 4.7.4 Secuenciación de Contidos. Educación artística

##### Bloque 1. Escoita

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Forma musical: AB-AB-AB (bipartita).</li> <li>2. Lectura rítmica con instrumentos e con voz.</li> <li>3. Invención de propostas rítmicas.</li> <li>4. As calidades do son a través da linguaxe musical non convencional.</li> <li>5. Notas sol, o meu e a con onomatopeyas.</li> <li>6. Partituras non convencionais: representación e escrituras.</li> <li>7. Graffías non convencionais: negra, corchea e branca cos seus respectivos silencios.</li> <li>8. Relación entre o tamaño dun instrumento e a súa altura musical: canto máis grande máis grave e canto máis pequeno máis agudo.</li> <li>9. Notas sol e o meu con duracións determinadas de antemán. Diversas lecturas de graffías convencionais.</li> <li>10. Reprodución de unidades musicais sinxelas: ostinatos, fórmulas rítmicas, melodías, etc.</li> <li>11. Recoñecemento e interpretación do ritmo nunha melodía sinxela.</li> <li>12. Lectura rítmica de palabras e de textos.</li> <li>13. Iniciación da lecto-escritura dirixida da linguaxe musical.</li> <li>14. Aproximación ás familias instrumentais: recoñecemento.</li> <li>15. Práctica de xogos populares cotiáns, de invención ou doutros lugares e culturas.</li> <li>16. Diferentes instrumentos populares e actuais das tres familias instrumentais.</li> <li>17. Folclore popular español, especialmente da</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Identificación e comentario da variedade de sons, de músicas, de movementos do corpo e de tecnoloxías que se poden utilizar cando se fai expresión musical, partindo da observación no contorno e incorporando unha terminoloxía cada vez máis adecuada</li> <li>2. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de distintos estilos e culturas adaptadas á idade do alumnado e recoñecemento dalgúns trazos característicos, utilizando diferentes recursos para o seu seguimento: corporais, plásticos, instrumentais, musicogramas...</li> <li>3. Utilización de obxectos e de instrumentos para percibir, diferenciar, explorar e identificar os parámetros do son (intensidade, duración, altura e timbre).</li> <li>4. Recoñecemento de calidades dos sons e dos instrumentos en pezas musicais.</li> <li>5. Identificación visual e auditiva dalgúns instrumentos: da orquestra, da música popular galega e dos utilizados por outras culturas, tentando aproximarse a unha clasificación por familias.</li> <li>6. Interese polas cancións e polos bailes tradicionais de Galicia e das zonas de procedencia de compañeiras e de compañeiros.</li> <li>7. Interese por coñecer o traballo de artistas e de persoas que traballan na composición e na interpretación de música e de danza tradicional galega.</li> <li>8. Interese por obter información sobre compositoras e compositores, intérpretes, festivais de música e representacións musicais e de danza, empregando diferentes fontes (biblioteca, a internet...).</li> <li>9. Interese pola escoita de obras musicais de distintas características e procedencias.</li> <li>10. Valoración positiva da diversidade de opinións, de xuízos, de gustos</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Indagación sobre as posibilidades comunicativas das TIC, da interacción de diferentes medios e linguaxes artísticas.</li> <li>2. Identificación e apreciación de formas musicais, das calidades dos sons, de agrupacións instrumentais e vocais en pezas musicais.</li> <li>3. Análise dos parámetros do son: altura, intensidade, duración e timbre.</li> <li>4. Gravación, escoita e comentario da música interpretada na aula para a mellora persoal e colectiva</li> <li>5. Utilización dos medios de comunicación e da internet para a busca de información, en soporte papel e dixital, sobre instrumentos, compositores,...</li> <li>6. Investigación sobre as relacións entre as producións musicais e coreográficas e as realidades persoais e sociais onde naceron.</li> <li>7. Valoración dos instrumentos populares galegos como integrantes do noso patrimonio cultural.</li> <li>8. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas.</li> <li>9. Identificación de agresións acústicas e da súa influencia na calidade de vida das persoas.</li> <li>10. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa</li> </ol>

<p>comunidade autónoma de residencia. 18. Achegamento ao folclore artístico musical doutras culturas presentes na propia contorna escolar.</p>	<p>e de argumentos relacionados coa música. 11. Actitude atenta e silenciosa, respecto ás normas de comportamento durante a audición de música e/ou na asistencia a diferentes representacións.</p>	<p>durante a audición de música e/ou na asistencia a diferentes representacións musicais.</p>
--	---	---

### Bloque 2. Interpretación e creación musical

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Fonomimias de nótalas SOL e o MI</li> <li>2. Imitación corporal de diversos elementos do medio mariño.</li> <li>3. Percusión corporal con maior precisión rítmica e locativa dentro do esquema corporal.</li> <li>4. Imitación de diversas máquinas: con sons e con expresión corporal.</li> <li>5. Danzas, xogos e dramatizacións.</li> <li>6. Xogo dramático con marionetas.</li> <li>7. Representación de escenas da vida cotiá con fondo musical.</li> <li>8. Dominio do control postural para o toque de diversos instrumentos.</li> <li>9. Emisión de sons corporais pola frotación das palmas das mans.</li> <li>10. Combinación motriz entre a respiración, a relajación e a coordinación en si mesmo e cos demais.</li> <li>11. Experimentación do control tónico-postural e do equilibrio estático e dinámico.</li> <li>12. Coordinación rítmico-motriz en axuste espontáneo e dirixido de diferentes compases e ritmos.</li> <li>13. Experimentación da proposta dinámica de Rudolf Laban: muro, flecha, tornillo e bóla.</li> <li>14. Elaboración de coreografías sinxelas.</li> <li>15. Interpretación de coreografías sinxelas.</li> <li>16. Conexión das actividades vocales e corporais: canto espontáneo e improvisacións sonoras acompañando ao movemento.</li> <li>17. Práctica de xogos populares cotiáns, de invención ou doutros lugares e culturas.</li> <li>18. Instrumentación de escenas mariñas.</li> <li>19. Acompañamento instrumental de cancións e villancicos.</li> <li>20. Iniciación á percusión con baquetas.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz, do corpo, dos obxectos e dos instrumentos.</li> <li>2. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces.</li> <li>3. Memorización e interpretación de xogos motrices, de secuencias de movementos fixados ou inventados e de danzas, procurando unha progresiva coordinación tanto individual como colectiva.</li> <li>4. Iniciación á interpretación de danzas e de cancións tradicionais galegas e das zonas de orixe de compañeiras e compañeiros.</li> <li>5. Identificación dalgunhas cantigas galegas que acompañaban os momentos de traballo e celebracións (cantigas de arada, de seitura, de esfolia, cantos de reis...) e relación destas coa finalidade para a cal foron concibidas.</li> <li>6. Inicio ao uso das graffias convencionais na lectura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.</li> <li>7. Interese e responsabilidade nas actividades de interpretación e de creación.</li> <li>8. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas mediante instrumentos de percusión e percusión corporal.</li> <li>9. Estratexia de repetición e imitación como recursos da improvisación.</li> <li>10. Creación de acompañamentos sinxelos para cancións e pezas instrumentais.</li> <li>11. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito.</li> <li>12. Creación de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dados.</li> <li>13. Iniciación á creación de coreografías sinxelas para</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>16. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas da voz, do corpo, dos obxectos, dos instrumentos, dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar de forma sonora e corporal pensamentos, sensacións, emocións e experiencias.</li> <li>17. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal.</li> <li>18. Improvisación, individual e/ou colectiva, frases e pequenas formas, rítmicas acompañamento.</li> <li>19. Interpretación de danzas coidando a coordinación tanto individual coma colectiva.</li> <li>20. Incorporación e utilización progresiva dalgunha terminoloxía propia da linguaxe musical.</li> <li>21. Creación de mensaxes con elementos sonoros e corporais para comunicar emocións, sentimentos, ...</li> <li>22. Interese pola participación en eventos e celebracións de contido musical, formulando opinións sobre eles.</li> <li>23. Incorporación e utilización progresiva das graffias convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais.</li> <li>24. Asunción de responsabilidades na interpretación en grupo, e respecto ás achegas das demais.</li> <li>25. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final, cun nivel de confianza e seguridade.</li> </ol>

<p>21. Acompañamiento instrumental e corporal.                  22. Improvisaciones con láminas en tonalidad pentatónica de DO maior.                  23. Utilización do corpo como instrumento musical básico.                  24. Coordinación rítmica sinxela da interpretación tocando un instrumento.                  25. Instrumentación sinxela de textos, danzas e dramatizaciones.                  26. Práctica de exercicios de afianzamento da lateralidad e de coordinación xeral, específica e segmentaria.</p>	<p>cancións e pezas musicais breves a partir da combinación de elementos dados e que teñan relación con ideas, emocións e experiencias propias ou alleas.                  14. Adquisición progresiva de responsabilidade para favorecer a dinámica de traballo cooperativo na aula.                  15. Desenvolvemento progresivo de hábitos de coidado da voz, do corpo, dos instrumentos e dos materiais de traballo.</p>	<p>26. Invención de coreografías sinxelas para cancións e de pezas musicais de diferentes estilos.                  27. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectando as achegas das demais persoas do grupo.                  28. Actitude de constancia e de progresiva exixencia na interpretación musical.</p>
--	--	---

**Bloque 3: Observación plástica**

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Recoñecemento de formas habituais no contorno próximo.                  2. Observación e clasificación de formas naturais e formas artificiais                  3. Observación da importancia da cor nas imaxes                  4. Interpretación de signos e símbolos convencionais sinxelos                  5. Análise de espazo próximo e das formas máis coñecidas (arriba-abaxo, diante-detrás, preto-lonxe, grande-mediano-pequeno, liso-rugoso, fino-grosso, etc.).</p>	<p>1. Clasificación de texturas e de tonalidades e apreciación de formas naturais e artificiais exploradas sensorialmente e desde diferentes ángulos e posicións.                  2. Elaboración conxunta de protocolos e de pautas para seguir o procedemento de observación e a súa comunicación oral ou escrita, incorporando unha terminoloxía cada vez máis adecuada.                  3. Identificación de elementos artísticos, de obras de arte ou de certos aspectos relativos a algunhas delas previamente traballadas na clase na vida cotiá.                  4. Identificación da variedade de materiais, de técnicas e de tecnoloxías sinxelas que se utilizan na creación de obxectos e de imaxes mediante a observación de producións do contorno artístico e cultural e dos medios de comunicación.                  5. Valoración e identificación dalgunhas producións artísticas que forman parte do patrimonio cultural galego (xoguetes, disfraces, olaría, cestaría, encaixes, bordados, petróglifos, xoiaría, alfombras florais, maios, máscaras de Entroido, edificacións...).                  6. Respetto e coidado do contorno, das obras que constitúen o patrimonio cultural, das producións propias e das das demais persoas.                  7. Interese por buscar información sobre producións artísticas, autoras e autores para a elaboración de traballos diversos (exposicións, cartafolios individuais ou da clase, colaboración en eventos culturais...).                  8. Interese por dialogar ante unha obra de arte, expresando o que gusta e o que non gusta, así como as emocións que a obra esperta en cadaquén, intentando asociar aspectos da obra coas sensacións producidas (significado das cores, das liñas, das formas, da representación do espazo...).                  9. Apreciación dos diferentes significados que pode ter unha obra de arte para cada persoa.</p>	<p>1. Observación e discriminación de materiais, de cores, de formas, de volumes, de texturas, de contornos, de perspectiva, de luz e de movemento nos obxectos, nas imaxes e nas obras artísticas.                  2. Elaboración conxunta de protocolos, de forma oral e escrita, para a observación de aspectos, de calidades e de características de elementos naturais e artificiais.                  3. Indagación sobre as posibilidades plásticas e expresivas de elementos naturais.                  4. Descubrimento e identificación de elementos artísticos, obras de arte ou aspectos relativos a elas na vida cotiá e nos medios de comunicación.                  5. Exploración das características, elementos, técnicas e materiais que as obras artísticas ofrecen e suxiren para a súa recreación e creación de obras novas.                  6. Documentación, rexistro e valoración de formas artísticas e artesanais representativas da expresión cultural de Galicia e doutras colectividades.                  7. Busca de información sobre producións artísticas, autoras e autores para a elaboración e recreación de traballos diversos.                  8. Diálogo ante unha obra de arte expresando o que gusta e non gusta, como se sente cadaquén, o que pensan ou o que lles recorda, identificando o significado que poidan ter certos elementos da coas sensacións producidas.                  9. Apreciación dos diferentes significados que ten unha obra de arte para cada persoa, cada cultura e cada</p>

	<p>10. Análise de imaxes en diferentes formatos identificando elementos variados (enfoque, simetría, repetición, distribución espacial, plano, xestos...).</p> <p>11. Apreciación da incidencia da cultura visual do contorno nas reaccións, nas preferencias e na forma de pensar.</p> <p>12. Comparación de mostras de diversos materiais e observación destes transformados en producións artísticas, reflexionando sobre o proceso de transformación.</p> <p>13. Fomento da fantasía a través da visualización do que podería ser unha representación imprecisa (unha mancha, unha engurra, unha luz, un xogo de liñas...).</p> <p>14. Indagación sobre diferentes maneiras de representar o espazo e aproximación á idea de proporción.</p> <p>15. Exploración de diferentes formas, texturas e obxectos utilizando o tacto, o gusto, o oído e o olfacto, e representación plástica das sensacións que producen.</p> <p>16. Valoración do traballo desenvolvido por mulleres e por homes na produción artística e artesanal.</p> <p>Recoñecemento de identificadores artísticos de diferentes culturas e valoración deles (máscaras africanas, sombras chinesas...).</p>	<p>época.</p> <p>10. Valoración positiva da diversidade de opinións, de gustos e de argumentos relacionados coa expresión plástica.</p> <p>11. Análise das formas de representación de volumes no plano segundo o punto de vista ou a situación no espazo.</p> <p>12. Análise e valoración da intención comunicativa das imaxes nos medios e tecnoloxías.</p> <p>13. Comparación de mostras de diversos materiais e observación destes transformados en producións artísticas.</p> <p>14. Coñecemento de identificadores artísticos de outras culturas e valoración deles como enriquecedores da nosa.</p> <p>15. Apreciación da obra artística como instrumento de comunicación persoal e de transmisión de valores culturais.</p> <p>16. Interese por coñecer producións artísticas do patrimonio cultural galego e quen as produciron.</p>
--	---	---

**Bloque 4: Expresión e creación plástica**

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. A cor: mestura aditiva, contraste simultáneo.</p> <p>2. Técnica subtractiva de aplicación de cor e creación de texturas.</p> <p>3. Contraste branco-negro.</p> <p>4. Técnica mixta: magro-graxo.</p> <p>5. Imaxe: transcripción da linguaxe icónica ao verbal.</p> <p>6. Representación do movemento.</p> <p>7. O módulo, a multiplicidade, a disposición do espazo na escultura.</p> <p>8. Asistencia a exposicións, representacións musicais e dramatizacións (monicreques, escenificación de contos, etc.) e comentario das impresións que causaron no alumnado.</p> <p>9. Participación nas festas populares e nos actos artísticos do barrio e da localidade.</p> <p>10. Integración de actividades artísticas</p>	<p>1. Busca das posibilidades da cor (tonalidades, gamas...) en contrastes, variacións e combinacións, mesturando diversas clases de pintura, utilizando variados instrumentos e apreciando os resultados sobre diferentes soportes.</p> <p>2. Experimentación das posibilidades de transformación dos materiais plásticos no referente á ductilidade, á transparencia, á consistencia, á solubilidade... Comportamento dalgúns materiais en contacto con outros. Aproveitamento destas experiencias nas producións plásticas.</p> <p>3. Experimentación con liñas diversas e formas en diferentes posicións iniciándose no emprego de instrumentos convencionais e non convencionais para deseñalas.</p> <p>4. Elaboración individual e colectiva de imaxes en bandas de deseño, historietas, carteis, murais, mosaicos, tapices e impresións, cunha planificación previa e unha revisión posterior.</p> <p>5. Construción de móbiles, de estruturas, de maquetas e de xoguetes populares galegos.</p> <p>6. Construción de decorados, de máscaras, de vestiario e de personaxes (monicreques, sombras...) e elaboración de maquillaxes para dramatizacións.</p>	<p>1. Aplicación de cores como medio de expresión e de representación.</p> <p>2. Experimentación de formas abertas e pechadas e de liñas segundo a súa forma, dirección e situación espacial, e aplicación dos resultados á propia produción artística.</p> <p>3. Exploración dos cambios que experimentan os volumes, as persoas e os espazos pola incidencia da luz.</p> <p>4. Exploración de materiais diversos coa finalidade de atopar o máis adecuado para unha produción artística cunha finalidade determinada.</p> <p>5. Elaboración de producións plásticas usando técnicas mixtas, texturas diferentes, materiais variados, instrumentos diversos e en soportes diversificados.</p> <p>6. Caracterización de personaxes, de espazos, creación de estruturas, de maquetas, de decorados e de exposicións relacionados coa propia experiencia e no</p>



<p>colectivas no centro escolar.</p> <p>11. Realización de gravacións de actividades artísticas para a súa posterior reprodución.</p> <p>12. Utilización da radio, da televisión, etc., para o goce das actividades artísticas.</p> <p>13. Interpretación de obras artísticas do contorno.</p> <p>14. Busca de información sobre actividades artísticas do contorno.</p> <p>15. Utilización de diferentes elementos, materiais e recursos para a planificación e realización da composición plástica e visual.</p> <p>16. Representación da propia imaxe a través de diversas técnicas de composición plástica.</p> <p>17. Representación de narracións de feitos cotiáns a través de composicións plásticas.</p> <p>18. Utilización do punto, da liña e da forma axeitados ao espazo cadrado.</p> <p>19. Representación e experimentación das posibilidades expresivas da liña.</p>	<p>7. Utilización de fotografías (enfoque e planos) para enriquecer un texto expositivo, para a realización dun álbum ou dunha fotonovela.</p> <p>8. Utilización de diferentes recursos (dos medios de comunicación, informáticos, libros, láminas, teas, materiais de refugallo e naturais...) á súa disposición para a elaboración individual e colectiva de producións artísticas.</p> <p>9. Aplicación, en producións propias, de aspectos observados en obras artísticas galegas e de artistas de renome.</p> <p>10. Interese por axustar o proceso de creación, individual ou en grupo, ás intencións previstas, planificando, seleccionando apropiadamente os materias e instrumentos segundo as súas posibilidades plásticas, decidindo a técnica máis adecuada, usando responsablemente instrumentos, materiais e espazos, asumindo as tarefas, respectando as normas que o grupo establece e valorando o resultado final.</p> <p>11. Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medios de expresión de sentimentos e de ideas.</p> <p>12. Recreación de obras de arte significativas da cultura galega e doutras culturas, reflexionando sobre o proceso seguido pola persoa que o realizou.</p> <p>13. Seguridade no uso progresivo de materiais e de obxectos do contorno para expresar e comunicar aspectos do propio mundo: da vida cotiá, da historia da poboación ou do barrio, da historia persoal e familiar.</p>	<p>desenvolvemento de actividades do centro.</p> <p>7. Realización de fotografías (enfoque e planos) para enriquecer un informe, para recoller unha saída, para ilustrar unha noticia ocorrida no centro.</p> <p>8. Emprego de tecnoloxías da información e da comunicación para o tratamento de imaxes e para a difusión dos traballos elaborados.</p> <p>9. Composición de pezas recreando obras artísticas logo de busca de información sobre a obra, a época de elaboración, a autora ou o autor.</p> <p>10. Preparación de documentos como carteis, guías ou programas de man para difundir e informar sobre unha exposición, unha representación, un festival.</p> <p>11. Constancia e exixencia progresiva no proceso de realización aplicando estratexias creativas na composición, asumindo responsabilidades no traballo cooperativo, respectando as achegas das outras persoas e resolvendo as discrepancias con argumentos.</p> <p>12. Seguimento cada vez máis autónomo dun proceso para chegar á materialización plástica dunha idea.</p> <p>13. Apreciación da orixinalidade como fundamento da conduta creativa e respecto ás obras doutras persoas.</p>
--	--	--

#### 4.7.5 Secuenciación dos criterios de avaliación. Educación artística

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Identifica algunhas calidades do son presentes no medio (obxectos sonoros, instrumentos musicais, son do ambiente, etc.), como resultado dunha exploración multisensorial lúdica.</p> <p>2. Mostra unha actitude coherente ante o silencio, segundo os diferentes contextos e situacións.</p> <p>3. Interpreta cancións e melodías sinxelas ao unísono e presta atención ao carácter, a expresión, a dicción e a dinámica. Segue o ritmo musical coa voz e apóiase en movementos ou utiliza algún instrumento de percusión de fácil manexo (pandero, cascabeles, caixa chinesa, claves, etc.).</p> <p>4. Responde corporalmente a percepcións auditivas e visuales recibidas da contorna.</p> <p>5. Realiza individualmente ou en grupo producións artísticas sinxelas onde se integran as diferentes linguaxes artísticas e</p>	<p>1. Identifica e describe as características de elementos presentes no contorno e as sensacións que as obras artísticas provocan, sinalando algunhas das estratexias plásticas e musicais que usaron as creadoras e os creadores das obras.</p> <p>2. Usa axeitadamente algúns dos termos propios da linguaxe plástica e musical en contextos precisos, intercambios comunicativos, descrición de procesos e argumentacións.</p> <p>3. Utiliza distintos recursos gráficos durante a audición dunha peza musical.</p> <p>4. Memoriza e interpreta un repertorio básico de cancións, de pezas instrumentais e de danzas relacionadas cos seus intereses individuais e</p>	<p>1. Busca, selección e organización de informacións sobre manifestacións artísticas do patrimonio cultural propio e doutras culturas e de persoas relacionadas coas artes plásticas e a música.</p> <p>2. Ten capacidade de busca e de uso e selección de información en formatos variados.</p> <p>3. Formula opinións acerca das manifestacións artísticas, amosando o coñecemento que se ten delas e a inclinación persoal para gozar e encher o tempo de lecer.</p> <p>4. Recoñece músicas do medio social e cultural propio e doutras épocas e culturas.</p> <p>5. Axusta a propia acción á das outras persoas do grupo na interpretación de pezas musicais e de danzas.</p> <p>6. Rexistra a música e os ritmos creados usando</p>

<p>expresivos (corporal, plástico, icónico e musical).</p> <p>6. Comenta as súas impresións sobre algunha das manifestacións artísticas ás que o alumno e a alumna teñen acceso, relacionando os elementos presentes na obra coa experiencia e os gustos persoais.</p> <p>7. É que de percibir algunhas calidades e características dos materiais, obxectos e instrumentos presentes no contorno natural e artificial como resultado dunha exploración.</p> <p>8. Describe algunhas calidades (tamaño, forma, cor, peso, textura) de materiais e obxectos manipulables presentes no ámbito, como resultado dunha exploración multisensorial lúdica.</p> <p>9. Realiza composicións gráficas a elaboración das cales requira o control da motricidade fina.</p> <p>Representa por medio dunha secuencia curta de imaxes (antes, agora, despois) personaxes ou accións familiares e significativas para el.</p>	<p>colectivos.</p> <p>5. Explora estruturas musicais e selecciona e combina ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas.</p> <p>6. Interpreta e comparte con compañeiras e compañeiros o contido de imaxes presentes no contorno.</p> <p>7. Clasifica texturas, formas, calidades e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza.</p> <p>8. Emprega instrumentos, técnicas e materias axeitados ao produto artístico que se pretende.</p> <p>9. Avisa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo con actividades plásticas e musicais.</p> <p>10. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia.</p>	<p>distintos tipos de grafías.</p> <p>7. Produce obras plásticas de forma cooperativa que implican organización espacial, uso de materiais diversos e aplicación de diferentes técnicas e instrumentos.</p> <p>8. Aplica materiais, texturas, formas e cores sobre diferentes soportes.</p> <p>9. Representa de forma persoal ideas, accións e situacións valéndose dos recursos que a linguaxe plástica e visual proporciona.</p> <p>10. Usa as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de producións plásticas e musicais sinxelas.</p> <p>11. Identifica manifestacións musicais e plásticas propias de Galicia.</p>
---	--	--

## 4.8. Área de Relixión Católica

### 4.8. 1 Competencias básicas. Relixión católica

#### Competencia en comunicación lingüística

1. escoitar, comprender, expoñer e dialogar.
2. Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.
3. Expresar emocións, vivencias e opinións.
4. Utilizar a linguaxe con versatilidade en función do contexto.

#### Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

1. Coidar o medio.
2. Consumir de xeito racional e responsable.
3. Percibir o espazo físico no que se desenvolve a vida.

#### Competencia social e cidadá

1. Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
2. Dialogar para mellorar a comprensión da realidade.
3. Comunicarse en distintos contextos.
4. Crear un sistema de valores propio baseado no respecto, especialmente aos crentes doutras relixións.
5. Comprender a realidade relixiosa e social a partir da súa análise.

#### Competencia cultural e artística

1. Cultivar a propia capacidade estética mediante a expresión artística e a expresión plástica.
2. Expresarse mediante elementos plásticos a través da iniciativa, da imaxinación e da creatividade.

3. Desenvolver habilidades e actitudes que permitan acceder ás distintas manifestacións.
4. Coñecer as obras e as manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural cristián.
5. Utilizar as manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e goce.
6. Manter unha actitude respectuosa cara ás expresións artísticas do patrimonio cristián.

#### **Competencia para aprender a aprender**

1. Dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuala.
2. Perseverar e esforzarse, aceptar os erros e aprender deles.
3. Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
4. Xestionar e controlar de forma eficaz os procesos de aprendizaxe.
5. Lograr experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

#### **Autonomía e iniciativa persoal**

1. Desenvolver valores persoais como a responsabilidade, a colaboración, a axuda aos demais, a perseveranza, etc.
2. Afrontar os problemas e atopar solucións para eles.
3. Elixir con criterio propio e levar adiante iniciativas no ámbito persoal.
4. Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, diálogo, agradecemento, cooperación e traballo en equipo.

### **4.8.2 Obxectivos Xerais. Relixión católica**

1. Investigar expresións básicas e xerais do feito relixioso na Antigüidade.
2. Recoñecer os principais compoñentes que forman o feito da relixión en xeral.
3. Comparar as principais semellanzas e diferenzas das grandes relixións actuais.
4. Coñecer e valorar as respostas ás grandes respostas do ser humano que dan as relixións monoteístas.
5. Coñecer e tomar conciencia da solidariedade da Igrexa católica e as relixións co mundo actual.
6. Coñecer e aplicar as claves de interpretación católica da Biblia.
7. Coñecer e comprender a providencia de Deus en relación coa fe cristiá e a vida diaria.
8. Descubrir os principais medios e experiencias para encontrarse con Deus
9. Investigar no Novo Testamento os principais relatos e testemuñas que manifestan a verdadeira humanidade e verdadeira divindade de Xesucristo
10. Coñecer a presenza e a importancia da Virxe María no Novo Testamento e na Igrexa católica.
11. Identificar as principais características e orixinalidade do Deus cristián.
12. Coñecer e valorar o Espírito Santo en relación con Deus Pai e Deus Fillo, e como axuda para o desenvolvemento de valores cristiáns e sociais.
13. Analizar a Igrexa católica en relación co mundo actual e as súas principais notas.
14. Coñecer as principais características dos sacramentos da Orden e do Matrimonio.
15. Analizar e comprender as principais características do sacramento da Unción de enfermos.
16. Descubrir a orixinalidade das festas relixiosas en relación co ano litúrxico da Igrexa católica.
17. Comprender e valorar a correcta relación que debe existir entre a Igrexa católica e a sociedade.
18. Tomar conciencia da importancia de respectar as crenzas relixiosas para mellorar a convivencia entre persoas de diferentes culturas e relixións.
19. Descubrir a orixinalidade e a contribución do compromiso social e cidadán dos cristiáns.
20. Comprender y respetar las expresiones artísticas de las religiones.
21. Recoñecer e interpretar correctamente as manifestacións da presenza de Deus na cultura xeral e cristiá.
22. - Coñecer e interpretar correctamente a fe da Igrexa sobre a vida eterna.

### **4.8.3 Secuenciación de obxectivos. Relixión católica**

<b>Primeiro Ciclo</b>	<b>Segundo Ciclo</b>	<b>Terceiro Ciclo</b>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Valorar e aplicar na vida persoal e social os bos comportamentos sociais e relixiosos como xestos que favorecen o encontro entre as persoas con Deus.</li> <li>2. Recoñecer os principais feitos por medio dos cales os cristiáns responden ao amor de Deus polas persoas.</li> <li>3. Descubrir a Biblia como a Palabra de Deus e o libro sagrado dos cristi</li> <li>4. Coñecer e relacionar a revelación de Deus na Biblia como Pai, Creador e misericordioso con situacións cotiás e coas persoas máis próximas.</li> <li>5. Observar e interiorizar a beleza da natureza e a orixinalidade do ser humano como creación de Deus que deben respectar e coidar as persoas na súa vida diaria.</li> <li>6. Valorar e relacionar algúns feitos e personaxes da Historia da Salvación por medio dos cales Deus expresa o seu amor, con feitos e personaxes da actualidade.</li> <li>7. Coñecer e interiorizar a orixinalidade da oración cristiá como camiño para mellorar as relacións con Deus,cos demais e con un mesmo.</li> <li>8. Descubrir na vida diaria das persoas o amor e a providencia de Deu</li> <li>9. Descubrir a presenza do Espírito Santo na vida da Igrexa, na vida dos cristiáns e na vida diaria das persoas.</li> <li>10. Coñecer a Xesús como o fundador da Igrexa.</li> <li>11. Observar e valorar a Igrexa como a gran familia de Deus que celebra o amor de Deus e o amor aos demais na sociedade actual.</li> <li>12. Identificar e apreciar as características da festa mariana da Anunciación e a súa importancia nas celebracións cristiás.</li> <li>13. Comprender o significado cristián, festivo e cultural do Nadal como celebración do ano litúrxico.</li> <li>14. Analizar e reflexionar sobre os principais acontecementos que se celebran durante a Semana Santa para aplicalos a situacións cotiás.</li> <li>15. Comprender o significado cristián, festivo e de celebración das festas cristiás e diferenciarlas das festas civís e sociais do contorno.</li> <li>16. Descubrir e comparar algúns símbolos, xestos e obxectos da natureza empregados nas celebracións cristiás e nas relixións monoteístas para mellorar a convivencia.</li> <li>17. Comprender e apreciar os principais xestos que utilizan os cristiáns para relacionarse con Deus e expresarlle o seu amor.</li> <li>18. Identificar e valorar os mandamentos como expresións do amor de Deus e das normas que axudan a mellorar a relación con Deus e</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Coñecer os aspectos básicos das relixións xa desaparecidas relacionándoas co cristianismo.</li> <li>2. Comparar as principais características do xudaísmo, do cristianismo e do islamismo.</li> <li>3. Investigar as principais claves e características do Novo Testamento.</li> <li>4. Recoñecer as principais características da Biblia como Palabra de Deus e a súa relación cos cristiáns.</li> <li>5. Coñecer o Deus Creador da Biblia e da fe cristiá, en relación con algún relato da Antigüidade sobre a orixe do mundo.</li> <li>6. Coñecer e aplicar os comportamentos e actitudes necesarios para relacionarse persoalmente con Xesucristo como o mellor amigo.</li> <li>7. Tomar conciencia da revelación e acción salvadora de Deus a través de Moisés e os acontecementos e personaxes do pobo de Israel.</li> <li>8. Valorar a acción salvadora de Deus nos patriarcas do pobo de Israel.</li> <li>9. Coñecer os principais feitos da vida de Xesús de Nazaret e o seu significado cristián.</li> <li>10. Descubrir o significado profundo dos milagres de Xesús en relación coa súa vida e a súa mensaxe de salvación.</li> <li>11. Recoñecer a Xesucristo como verdadeiro home e verdadeiro Deus.</li> <li>12. Descubrir a importancia que ten a Virxe María para a fe cristiá e na Igrexa católica.</li> <li>13. Tomar conciencia da importancia da oración cristiá para o desenvolvemento persoal integral e a práctica da fe cristiá.</li> <li>14. Comprender as características do pecado en relación coa interpretación da Igrexa e o mal no mundo actual.</li> <li>15. Valorar a importancia do perdón, especialmente do perdón de Deus e a súa misericordia.</li> <li>16. Comprender o verdadeiro significado da celebración da Semana Santa para os cristiáns.</li> <li>17. Investigar os principais feitos e personaxes que constitúen o nacemento da Igrexa.</li> <li>18. Comprender as características e a liturxia da celebración do sacramento do Perdón.</li> <li>19. Identificar as características e a liturxia da celebración</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Investigar expresións básicas e xerais do feito relixioso na Antigüidade.</li> <li>2. Recoñecer os principais compoñentes que forman o feito da relixión en xeral.</li> <li>3. Comparar as principais semellanzas e diferenzas das grandes relixións actuais.</li> <li>4. Coñecer e valorar as respostas ás grandes respostas do ser humano que dan as relixións monoteístas.</li> <li>5. Coñecer e tomar conciencia da solidariedade da Igrexa católica e as relixións co mundo actual.</li> <li>6. Coñecer e aplicar as claves de interpretación católica da Biblia.</li> <li>7. Descubrir os principais medios e experiencias para encontrarse con Deus.</li> <li>8. Investigar no Novo Testamento os principais relatos e testemuñas que manifestan a verdadeira humanidade e verdadeira divindade de Xesucristo</li> <li>9. Coñecer a presenza e a importancia da Virxe María no Novo Testamento e na Igrexa católica.</li> <li>10. Identificar as principais características e orixinalidade do Deus cristián.</li> <li>11. Coñecer e valorar o Espírito Santo en relación con Deus Pai e Deus Fillo, e como axuda para o desenvolvemento de valores cristiáns e sociais.</li> <li>12. Analizar a Igrexa católica en relación co mundo actual e as súas principais notas.</li> <li>13. Coñecer as principais características dos sacramentos.</li> <li>14. Descubrir a orixinalidade das festas relixiosas en relación co ano litúrxico da Igrexa católica.</li> <li>15. Comprender e valorar a correcta relación que debe existir entre a Igrexa católica e a sociedade.</li> <li>16. Tomar conciencia da importancia de respectar as crenzas relixiosas para</li> </ol>

<p>a convivencia cos demais</p> <p>19. Comprender e respectar as festas e celebracións do ano litúrxico e o culto cristiá</p> <p>20. Recoñecer e practicar na vida diaria os valores do amor de Deus, a verdade e a bondade que Xesús ensina.</p> <p>21. Identificar a Xesucristo como o modelo que seguen os cristiáns para practicar o ben e a verdade na vida persoal e social.</p> <p>22. Coñecer e aplicar as principais ensinanzas de Xesús narradas nos Evanxeos e nas súas parábolas para mellorar a convivencia entre as persoas.</p> <p>23. Descubrir e valorar o significado do templo católico e das imaxes relixiosas.</p> <p>24. Coñecer e vivenciar a música relixiosa como expresión da fe católica e relixiosa que promove a unidade con Deus, mellora a convivencia e forma parte do patrimonio cultural.</p> <p>25. Comprender o significado cristián, festivo e de celebración das festas máis importantes sobre a Virxe María para saber participar nelas de forma cívica e relixiosa.</p> <p>26. Tomar conciencia da importancia que ten a fe na vida eterna para os cristiáns e para ser feliz na vida diaria.</p> <p>27. Descubrir o significado dos principais acontecementos da paixón, morte e resurrección de Xesucristo e a mensaxe cristiá que revelan para todos os tempos.</p>	<p>do sacramento da Confirmación.</p> <p>20. Coñecer as características e a liturxia da celebración do sacramento da Eucaristía.</p> <p>21. Recoñecer as principais características dos sacramentos da Igrexa católica, especialmente do sacramento do Bautismo.</p> <p>22. Investigar as mensaxes verdadeiras e cristiás da celebración do Nadal.</p> <p>23. Descubrir os verdadeiros motivos cristiáns e características do tempo litúrxico do Nadal.</p> <p>24. Apreciar a achega do Mandamento do Amor de Xesús para mellorar a convivencia no mundo actual</p> <p>25. Apreciar os comportamentos e normas que propón o cristianismo para mellorar a convivencia e o mundo actual.</p> <p>26. Descubrir criticamente a Xesús de Nazaret como o modelo máis exemplar e único de vida para os cristián</p> <p>27. Identificar as principais e orixinais características da fe cristiá en relación con Xesucristo e a fe antropolóxica.</p> <p>28. Interpretar e aplicar as principais claves e características da arte relixiosa, especialmente a arte cristiá.</p> <p>29. Comprender as principais verdades e terminoloxía da fe cristiá na vida eterna.</p>	<p>mellorar a convivencia entre persoas de diferentes culturas e relixións.</p> <p>17. Comprender y respetar las expresiones artísticas de las religiones.</p> <p>18. Recoñecer e interpretar correctamente as manifestacións da presenza de Deus na cultura xeral e cristiá.</p>
--	---	---

#### 4.8.4 Secuenciación de Contidos. Relixión Católica

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Deus revélase na Biblia como pai, creador e misericordioso.</li> <li>2. Deus expresa o seu amor na historia do pobo de Israel.</li> <li>3. A música relixiosa.</li> <li>4. Mensaxe cristiá e solidaria do Nadal.</li> <li>5. Principais ensinanzas de Xesús nos Evanxeos e nas parábolas.</li> <li>6. As persoas expresan o seu amor a Deus.</li> <li>7. A oración cristiá.</li> <li>8. Os mandamentos e a convivencia en sociedade.</li> <li>9. Paixón, morte e resurrección de Xesucristo.</li> <li>10. O Espírito Santo.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A Biblia. Partes da Biblia.</li> <li>2. Deus Creador. O mundo e a vida como don de Deus na Biblia.</li> <li>3. Acción salvadora de Deus nos patriarcas.</li> <li>4. Acción salvadora de Deus no pobo xudeu.</li> <li>5. O Nadal cristián. A promesa de salvación que Deus fai ao home cúmprese na persoa de Xesucristo, verdadeiro Deus e verdadeiro home.</li> <li>6. A vida de Xesús de Nazaret. Significado da vida de Xesús en canto entrega persoal e compromiso con todas as persoas.</li> <li>7. A mensaxe e os milagres de Xesús de Nazaret.</li> <li>8. O mandamento do amor de Xesús de Nazaret.</li> <li>9. Xesucristo, verdadeiro home e verdadeiro Deus. A promesa de salvación que Deus fai ao ser humano cúmprese na persoa de Xesucristo.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A estrutura da relixión. O concepto de Deus e de home. Orixe e destino do home. As mediacións.</li> <li>2. Manifestacións da estrutura do fenómeno relixioso na Antigüidade (Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma).</li> <li>3. As respostas ás grandes preguntas do ser humano no xudaísmo, no cristianismo e no islam. O sentido e alcance da fe e as boas obras.</li> <li>4. Relatos do Novo Testamento en que as testemuñas acreditan que Xesucristo é Fillo de Deus e verdadeiro home.</li> <li>5. A Igrexa no mundo actual. Significado e notas da Igrexa.</li> <li>6. A misión dos membros da Igrexa como continuidade da misión de Xesucristo.</li> <li>7. As festas do pobo de Deus. O seu valor comunitario e rememorativo. O encontro con Deus a través das festas.</li> </ol>

<p>11. A fe na vida eterna.                  12. Festas da Igrexa sobre María.                  13. O ciclo litúrxico.                  14. Mostrar interese pola escoita de relatos bíblicos que dan sentido ás festas relixiosas.                  15. Comparar situacións moralmente positivas ou negativas no contorno infantil.                  16. Aplicar os contidos en relación con comportamentos e situacións da vida persoal e social.                  17. Describir os trazos que caracterizan as relacións entre pais/nais e fillos/fillas.                  18. Observar os aspectos máis característicos das relacións familiares e a súa relación coa mensaxe cristiá.                  19. Expresar os contidos en relación coa vida diaria e coas linguaxes da fe cristiá.                  20. Aplicar os contidos estudados en cada unidade ao desenvolvemento das competencias.                  21. Desenvolver a confianza na familia, nos compañeiros da clase e nas persoas que nos rodean.                  22. Mostrar interese polo sentido cristián da convivencia.                  23. Valorar as normas que, desde a perspectiva da fe cristiá, regulan a conduta na nosa relación cos demais.                  24. Estar disposto a pedir perdón e a perdoar.                  25. Manter unha actitude de amor e gratitude cara aos pais.                  26. Interese por descubrir aplicacións prácticas do estudado para a vida persoal, social, relixiosa e eclesiástica.</p>	<p>10. A Semana Santa. A vitoria sobre o pecado e a morte. Xesucristo, o Mesías, o Salvador, resucitou e vive para sempre.                  11. Nacemento da Igrexa e a súa relación co Espírito Santo.                  12. A Igrexa católica. Manifestacións dos vínculos internos que unen os membros da Igrexa. A Igrexa, o corpo de Cristo.                  13. A Virxe María, nai da Igrexa. Sentido das advocacións.                  14. A fe cristiá e o seguimento, respostas a Xesucristo.                  15. A oración cristiá.                  16. Buscar citas da Biblia.                  17. Lectura comprensiva do relato bíblico da Creación.                  18. Escribir unha definición sobre o Nadal que integre o máis orixinal desta celebración cristiá.                  19. Ensinanzas da Biblia.                  20. O Novo Testamento.                  21. Como ser amigo de Xesús de Nazaret.                  22. Xesús de Nazaret, modelo de vida cristiá.                  23. Comportamentos e normas cristiás.                  24. Mensaxes cristiás do Nadal.                  25. Os sacramentos e o sacramento do Bautismo. A salvación de Deus a través dos sacramentos da Igrexa.                  26. O sacramento da Eucaristía, orixe e meta da vida cristiá.                  27. O sacramento da Confirmación.                  28. O sacramento do Perdón.                  29. A Pascua cristiá. A vitoria sobre o pecado e a morte. Xesucristo, o Mesías, o Salvador, resucitou e vive para sempre.                  30. O mal e o pecado.                  31. O perdón de Deus e a súa misericordia.                  32. A fe cristiá na vida eterna.                  33. Os fundadores das relixións monoteístas. Sentido salvífico e compromiso co ser humano no xudaísmo, cristianismo e islam.                  34. A arte das relixións monoteístas.</p>	<p>8. Os sacramentos para o crecemento e a propagación do Pobo de Deus.                  9. Compromiso e solidariedade co mundo de hoxe: manifestacións na Igrexa e noutras relixións.                  10. A dignidade do ser humano creado por Deus Pai. Os dereitos humanos.                  11. Valoración das expresións artísticas das relixións. Interpretación do significado transcendente da arte relixiosa.                  12. Mapa das grandes relixións no mundo de hoxe. Relación entre as grandes relixións vixentes, descubrindo as súas semellanzas e diferenzas.                  13. O ser humano, o sentido da súa vida e a súa salvación no hinduísmo e no budismo.                  14. Respecto ás conviccións relixiosas como condición para a convivencia.                  15. A Igrexa, novo pobo de Deus. Manifestacións da estrutura xerárquica da Igrexa. O papa, os bispos, os sacerdotes, a vida consagrada. A Igrexa universal e a Igrexa diocesana.                  16. Xesús chama e envía os seus discípulos por todo o mundo para continuar a súa obra de salvación. A expansión da Igrexa.                  17. Xesucristo, plenitude do home, Salvador e Redentor do pecado e da morte.                  18. A presenza da Virxe María no Evanxeo e nos Feitos dos Apóstolos.                  19. home novo e a lei do espírito. O amor a Deus e o amor aos demais. O mandamento do amor ás situacións cotiás.                  20. O ser humano é responsable dos seus actos. O valor da conciencia, a verdade, a liberdade e a vontade.                  21. O valor da liberdade e a responsabilidade dos propios actos á luz doEvanxeo.                  22. Manifestacións da presenza de Deus na cultura cristiá.</p>
---	---	---

**4.8.5 Secuenciación dos criterios de avaliación. Relixión católica**

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>1. Sabe que a creación e a vida son un regalo de Deus aos homes.                  2. Descubre, a través da observación da natureza e do seu corpo, a obra de Deus na Terra.                  3. Observa e recolle datos relacionados coa</p>	<p>1. Enumera as principais características da Biblia.                  2. Expresa as principais características do Deus Creador da Biblia.                  3. Sinala feitos e ensinanzas de Deus relacionados con Abrahán e os patriarcas da Biblia.</p>	<p>1. Indica algunhas claves que usa a Igrexa para a interpretación da Biblia.                  2. Expresa as principais características comúns do feito da relixión en xeral.                  3. Recoñece as principais características das relixións</p>

<p>relixiosidade do seu contorno (palabras, cancións, celebracións populares, obras de arte, etc.).</p> <p>4. Toma conciencia da realidade de Deus como pai para os homes e establece un paralelismo coa paternidade/maternidade e fraternidade humanas.</p> <p>5. Identifica e aprecia as principais festas cristiás sobre Xesús e María.</p> <p>6. Sitúa e describe relatos evanxélicos sobre o nacemento de Xesús, a súa vida, morte, resurrección, a través dos elementos relixiosos que aparecen no seu contorno.</p> <p>7. Sitúa e describe relatos evanxélicos sobre a vida da Virxe María a través dos elementos relixiosos que aparecen no seu contorno.</p> <p>8. Recoñece nas figuras de Xesús e de María os protagonistas destacados da historia da salvación.</p> <p>9. Valora a Xesús e a María como modelos exemplares de vida.</p> <p>10. Sabe que a Igrexa é a gran familia de Deus e observa os elementos que a constitúen.</p> <p>11. Toma conciencia do fundamento cristián da celebración do Nadal.</p> <p>12. Coñece o sentido cristián da Semana Santa.</p> <p>13. Recoñece o significado cristián do templo e das imaxes de Xesús e de María.</p> <p>14. Descubre a Biblia como Palabra de Deus.</p> <p>15. Recoñece a revelación de Deus na Biblia como pai, creador e misericordioso.</p> <p>16. Expresa o amor que Deus mostra na historia do pobo de Israel.</p> <p>17. Indica a importancia para os cristiáns da música e da canción relixiosas.</p> <p>18. Sinala a principal mensaxe cristiá do Nadal.</p> <p>19. Recoñece algunhas das principais ensinanzas de Xesús nos Evanxeos e nas parábolas.</p> <p>20. Sinala algunhas expresións a través das cales as persoas manifestan o seu amor a Deus.</p> <p>21. Identifica a oración cristiá como relación con Deus.</p> <p>22. Indica os principais acontecementos da paixón e morte de Xesús en relación coa Semana Santa.</p> <p>23. Recoñece o acontecemento da resurrección de Xesús.</p> <p>24. Relaciona o Espírito Santo co Espírito de Deus e co</p>	<p>4. Recoñece a acción salvadora de Deus en Moisés e nos profetas do pobo xudeu.</p> <p>5. Expresa os verdadeiros motivos cristiáns da celebración do Nadal e do tempo litúrxico do Nadal.</p> <p>6. Enumera os principais feitos da vida de Xesús de Nazaret e o seu significado cristián.</p> <p>7. Resume o significado profundo da mensaxe e os milagres de Xesús de Nazaret.</p> <p>8. Identifica o Mandamento do Amor de Xesús de Nazaret.</p> <p>9. Recoñece a Xesucristo como verdadeiro home e verdadeiro Deus.</p> <p>10. Sintetiza o verdadeiro significado cristián e litúrxico da celebración da Semana Santa.</p> <p>11. Recoñece os principais feitos e personaxes que constitúen o nacemento da Igrexa.</p> <p>12. Identifica as principais notas e características da Igrexa católica.</p> <p>13. Expresa a importancia da Virxe María para a fe cristiá e para a Igrexa católica.</p> <p>14. Enumera as principais características da fe cristiá.</p> <p>15. Describe as características da oración cristiá.</p> <p>16. Expresa as principais características do Novo Testamento.</p> <p>17. Enumera medios para descubrir e relacionarse persoalmente con Xesucristo.</p> <p>18. Sinala a Xesús de Nazaret como modelo de vida para os cristiáns.</p> <p>19. Enumera os principais comportamentos e normas que debe practicar o cristián.</p> <p>20. Resume as principais mensaxes cristiás do Nadal.</p> <p>21. Describe as principais características dos sacramentos e do sacramento do Bautismo.</p> <p>22. Identifica as principais características e a liturxia do sacramento da Eucaristía.</p> <p>23. Expresa as principais características e a liturxia do sacramento da Confirmación.</p> <p>24. Resume as principais características e a liturxia do sacramento do Perdón.</p> <p>25. Sintetiza o verdadeiro significado cristián e litúrxico da celebración da Pascua cristiá.</p> <p>26. Enumera as características e consecuencias do mal moral e do pecado.</p>	<p>da Antigüidade de</p> <p>4. Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma.</p> <p>5. Enumera os camiños persoais e cristiáns para encontrarse con Deus.</p> <p>6. Sintetiza as principais características e orixinalidade do Deus cristián.</p> <p>7. Recoñece as principais verdades da fe cristiá sobre Xesucristo.</p> <p>8. Define os sacramentos.</p> <p>9. Describe a solidariedade da Igrexa católica e as relixións co mundo actual.</p> <p>10. Proporciona datos sobre a achega da Igrexa Católica e o cristianismo no</p> <p>11. desenvolvemento e na práctica dos dereitos humanos no mundo.</p> <p>12. Resume as características da arte relixiosa e cristiá.</p> <p>13. Enumera as principais semellanzas e diferenzas das relixións actuais.</p> <p>14. Expresa o sentido que lle dan á vida o hinduísmo, o budismo e o</p> <p>15. cristianismo.</p> <p>16. Argumenta a importancia de respectar as crenzas relixiosas para mellorar a</p> <p>17. convivencia.</p> <p>18. Describe a Igrexa como estrutura xerárquica e o novo pobo de Deus.</p> <p>19. Xustifica a importancia da Virxe no Novo Testamento e na Igrexa católica.</p> <p>20. Enumera as principais verdades de fe da Igrexa católica.</p> <p>21. Expresa o compromiso social e cidadán dos cristiáns para o desenvolvemento</p> <p>22. da liberdade e da democracia.</p> <p>23. Resume a relación da Igrexa católica co mundo actual e a misión que debe</p> <p>24. cumprir.</p> <p>25. Proporciona datos sobre a achega da Igrexa Católica e o cristianismo no</p> <p>26. desenvolvemento e na práctica dos dereitos humanos no mundo.</p> <p>27. Explica a providencia de Deus en relación coa fe cristiá e a vida diaria.</p> <p>28. Compara as diferenzas e semellanzas entre a moral</p>
--	--	---

<p>Espírito de Xesús. 25. Identifica o concepto de ceo en relación coa fe cristiá na vida eterna. 26. Relaciona os Dez Mandamentos coa convivencia diaria. 27. Recoñece os principais tempos litúrxicos do ano litúrxico da Igrexa.</p>	<p>27. Describe as características do Perdón de Deus e a súa misericordia. 28. Indica as principais verdades da fe cristiá sobre a vida eterna. 29. Describe os fundadores das relixións monoteístas e as súas principais semellanzas e diferenzas na súa relación con Deus e o seu compromiso coa salvación das persoas. 30. - Indica as características da arte relixiosa das relixións monoteístas.</p>	<p>cristiá e a moral civil. 29. Sintetiza a orixinalidade e a achega do compromiso social e cidadán dos 30. cristiáns. 31. Expressa o compromiso dos cristiáns para o desenvolvemento da liberdade.</p>
---	--	---

## 4.9. Área de Educación para a cidadanía

### 9.1 Obxectivos. Área de educación para a cidadanía

<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Identificar e aceptar a propia identidade e desenvolver a confianza nun mesmo, a afectividade e a autonomía persoal na vida cotiá, nas relacións de cada alumna ou alumno coas demais persoas e como integrante dos grupos sociais en que participa.</li> <li>2. Amosar actitudes contrarias á violencia, aos estereotipos (de xénero, lingüísticos, relixiosos, culturais, físicos...) e aos prexuízos, sendo quen de defender os propios puntos de vista mediante o diálogo e a argumentación.</li> <li>3. Desenvolver e facer uso de habilidades emocionais, comunicativas e sociais para actuar con progresiva seguridade e autonomía na vida cotiá e para participar activamente nas relacións de grupo, amosando actitudes comprensivas, cooperativas, xenerosas e construtivas e sendo quen de autorregular emocións e condutas.</li> <li>4. Coñecer e apreciar os valores e normas de convivencia, obrar de acordo con elas asumíndoas como propias e participar activamente na elaboración das normas do centro educativo (da aula, relativas ao uso de instalacións e materiais, nos regulamentos de actividades, etc.).</li> <li>5. Utilizar estratexias de resolución pacífica dos conflitos desde o diálogo e a mediación.</li> <li>6. Recoñecer e valorar a diversidade (de xénero, física, cultural, lingüística, étnica, relixiosa, etc.) como feito enriquecedor, valorar a contribución de cada quen ao enriquecemento dun grupo, amosar respecto polos costumes e modos de vida de persoas e de poboacións distintas á propia e esforzarse por contribuír á mellora das relacións, interesándose por compartir espazos, tempos, actividades, materiais, experiencias, etc.</li> <li>7. Coñecer, asumir e valorar os dereitos e deberes que como neno ou nena lle corresponden ao alumnado e os que lle corresponderán como persoa adulta, manexar os documentos onde están recollidos e interesarse polas iniciativas que os defenden, participando, no caso de existir a posibilidade, nalgunha delas.</li> <li>8. Coñecer os mecanismos fundamentais de funcionamento das sociedades democráticas, fundamentalmente nos ámbitos máis próximos á realidade do alumnado, valorar o papel das administracións na garantía dos servizos públicos e a obriga dos cidadáns e das cidadás de contribuír ao seu mantemento mediante a asunción dos seus deberes e compromisos sociais.</li> <li>9. Fomentar iniciativas de participación democrática e responsable no propio centro, asumindo os papeis que correspondan en función da situación e participando, tamén activamente, en actividades fóra do centro.</li> <li>10. Identificar, analizar e rexeitar situacións de abuso, de inxustiza e de discriminación, na vida cotiá do alumnado e noutras realidades e amosar sensibilidade polas necesidades das persoas e dos grupos máis desfavorecidos, desenvolvendo comportamentos solidarios e favorecedores da convivencia e participando, na medida das súas posibilidades, en iniciativas que buscan cambiar estas situacións.</li> <li>11. Ser quen de analizar a situación do medio natural no contorno próximo, tomar conciencia da situación a niveis máis amplos, recoñecer a incidencia das propias accións</li> </ol>



no seu coidado ou na súa deterioración, desenvolver actitudes comprometidas para a súa conservación e mellora e asumir comportamentos (vida saudable, consumo responsable, seguridade...) que contribúan á sustentabilidade.

## 9.2. Contidos Educación para a cidadanía

### Bloque 1. Identidade persoal

#### *Terceiro Ciclo*

1. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade (as propias capacidades e necesidades).
2. Desenvolvemento da autonomía persoal e da confianza nun mesmo (seguridade en si mesmo e en si mesma, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades, sentimento de importancia, valoración da historia persoal e das contribucións alleas á súa construción).
3. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado. Causas e consecuencias das accións propias (accións que poden facer sentirse ben ou mal a outras persoas). Responsabilidade polos propios actos. Agradecer, desculparse, presentar unha queixa, aprender a dicir non, aprender a recuperarse e responder ao fracaso. A intelixencia emocional.
4. Identificación, recoñecemento, verbalización, manexo e control dos sentimentos propios (que me ocorre, por que me ocorre, que podo facer cando me sinto así).
5. Valoración da liberdade e da responsabilidade na toma de decisións con criterios de eficacia e de xustiza. Responsabilidade na planificación do futuro inmediato.
6. Recoñecemento das diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise de medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. A contribución das mulleres ao longo da historia e á situación actual do mundo. A vida das mulleres galegas no pasado e no presente e as súas achegas á sociedade. Redes de apoio de mulleres. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá. Valoración da igualdade de dereitos de homes e de mulleres na familia e no mundo laboral e social. Características de veciñanza.
7. Aplicación de condutas responsables no uso das TIC (autonomía, autocontrol, seguridade, sentido ético) e análise da realidade que presentan os medios de comunicación para desenvolver a capacidade de elección crítica e responsable.
8. - Sensibilización, visibilización e rexeitamento do sexismo, do racismo, da homofobia... dentro da perspectiva da defensa dos dereitos humanos e do respecto á identidade persoal.

### Bloque 2. Identidade social

#### *Terceiro Ciclo*

1. Identificación coas colectividades en que se desenvolve a vida do alumnado: escolar, familiar, local, comarcal e autonómica. Recoñecemento das vantaxes que supón pertencer a estes colectivos e das achegas que se poden facer individualmente a cada un deles.
2. Importancia do recoñecemento dos dereitos e deberes do alumnado no centro escolar.
3. Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todas as nenas e de todos os nenos do mundo, así como os dereitos das persoas recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución. Coñecemento de organizacións que loitan por que eses dereitos se respecten e do traballo que desenvolven.
4. Valoración da convivencia pacífica en sociedade e recoñecemento dos valores en que se apoia: respecto, tolerancia, solidariedade, xustiza, compromiso, cooperación e cultura da paz. Identificación, recoñecemento e análise de actuacións que posibilitan e que dificultan a convivencia e o benestar dos grupos sociais.
5. Aplicación de habilidades, de estratexias e de procedementos que contribúen a xerar relacións de entendemento e de convivencia pacífica. Habilidades de comunicación e de relación tanto interpersoais como intrapersoais. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a relación e a comunicación.
6. Desenvolvemento da vontade, da flexibilidade e da dispoñibilidade para resolver conflitos. Aplicación do diálogo e da mediación como forma de resolución pacífica dos conflitos.
7. Valoración da colaboración e das diferentes posibilidades de traballo cooperativo. Identificación do proceso de toma de decisións de grupo. Identificación e uso dos mecanismos de participación no funcionamento da aula e da escola.
8. Aplicación dos valores cívicos e do exercicio dos dereitos e deberes nas situacións de convivencia no contorno inmediato entre iguais e nas relacións interxeracionais.
9. Valoración da igualdade dentro das diferenzas. A diversidade física, social, cultural e relixiosa.

10. Recoñecemento, valoración, tolerancia e respecto polos costumes e modos de vida distintos ao propio.
11. Recoñecemento de costumes, de tradicións e de estilos de vida propios e os das compañeiras e compañeiros. Valoración das celebracións e manifestacións culturais como signos de identidade e de cohesión social.
12. Identificación das situacións de marxinación, de discriminación e de inxustiza social.
13. Desenvolvemento de actitudes de comprensión, de superación de prexuízos e de estereotipos, de cooperación e de solidariedade ante problemas e necesidades doutras persoas. Protección e amparo das persoas máis desfavorecidas.

### **Bloque 3: Compromiso social**

#### *Terceiro Ciclo*

1. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade.  
Práctica de normas cívicas, como por exemplo as de circulación viaria, e asunción de roles por medio do xogo e da simulación.
2. Recoñecemento dos principios de convivencia que establecen o Estatuto de autonomía de Galicia e a Constitución española.
3. Reflexión sobre as características que debe posuír unha sociedade democrática.
4. Análise de mensaxes, de declaracións, de imaxes, etc. procedentes de medios de comunicación, de páxinas web, de publicidade... diferenciando información veraz e contrastada de simples opinións persoais.
5. Identificación, aprecio, respecto, responsabilidade, coidado e mellora dos bens comúns e dos servizos públicos. Normas de uso e accións que contribúen ao seu axeitado funcionamento.
6. Valoración dos impostos como un medio para corresponsabilizarse socialmente.
7. Identificación e rexeitamento das causas que provocan situacións de marxinación, de discriminación e de inxustiza social.
8. Identificación de servizos e de persoas que interveñen en casos de situacións de emerxencia (accidentes, lumes, inundacións, terremotos, guerras...) e daquelas persoas e organizacións que contribúen desinteresadamente a mellorar situacións de desvantaxe social, de pobreza, de marxinación, de fame, de explotación da infancia, de enfermidade... Busca de formas de apoio a elas e de contribución ao seu funcionamento.
9. Reflexión sobre a repercusión social, no presente e no futuro, de accións individuais e colectivas. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas de consumo responsable, de coidado do medio, de prevención de riscos viarios e de promoción de formas de vida saudable. Reflexión sobre as posibilidades de cambio nas rutinas individuais para mellorar a calidade de vida.

### 9.3. Criterios de avaliación. Educación para a cidadanía

<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aмосa respecto polas diferenzas e características persoais propias e dos compañeiros e compañeiras. Valorar as consecuencias das propias accións e responsabilizarse delas.</li> <li>2. Argumenta e defende as propias opinións, escoitar e valorar criticamente as opinións das demais persoas, amosando unha actitude de respecto e comprendendo que o que se axuíza ou desautoriza son opinións ou actuacións, nunca persoas.</li> <li>3. Participa colaborativamente na elaboración das normas, aceptalas, asumilas como propias e incorporalas aos propios patróns de conduta. Reflexionar sobre as normas existentes na comunidade e sobre a súa importancia</li> <li>4. Familiarízase con algúns dos dereitos humanos recollidos na Declaración universal dos dereitos humanos e na Convención sobre os dereitos da infancia e cos principios de convivencia que recollen o Estatuto de autonomía e a Constitución española. Identificar os deberes máis relevantes asociados a eles. Recoñecer situacións en que non son respectados e participar en iniciativas (reais ou simuladas) de mellora delas.</li> <li>5. Recoñece e rexeita prexuízos, situacións de discriminación, de marxinação e de inxustiza e interesarse por identificar os factores sociais, económicos, de orixe, de xénero ou de calquera outro tipo que as provocan, así como por atopar posibles vías de mellora para as persoas que as sofren. Valorar a importancia das accións individuais, pero entendendo que se necesitan accións colectivas.</li> <li>6. Identifica o funcionamento dos servizos públicos presentes na vida cotiá do alumnado e a súa relación con diferentes institucións e mais recoñecer a necesidade de que toda a poboación contribúa ao seu correcto funcionamento, mantemento e mellora a través de comportamentos responsables e solidarios (uso deses servizos, pagamento de impostos...). Por extensión, familiarizarse con outros servizos non tan próximos ao alumnado, pero tamén presentes de maneira directa ou indirecta na súa vida.</li> <li>7. É consciente da transcendencia presente e futura de accións habituais na vida cotiá do alumnado e da necesidade de realizalas seguindo pautas que teñen a súa base na reflexión e na análise individual e colectiva deses comportamentos.</li> <li>8. É consciente da influencia que poden exercer os medios de comunicación, a Internet ou a publicidade nas decisións e opinións das persoas.</li> </ol>

## 4.10. Area de Atención educativa

### 10.1 Obxectivos xerais

1. Analizar diferentes aspectos da vida social e cultural, na súa dimensión histórica e actual
2. Comentar diferentes manifestacións literarias, plásticas e musicais.
3. Elaborar materiais que vaian ter unha repercusión directa na vida do Centro.

### 10.2 Secuenciación de obxectivos

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comentar diferentes aspectos da vida familiar e do Centro.</li> <li>2. Escoitar e recoller contos, cancións cantigas, e outras manifestacións literarias, plásticas e musicais do ambiente familiar.</li> <li>3. Preparar materiais que vaian formar parte do Centro ou que teñan unha repercusión directa neste: preparación</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comentar aspectos da vida escolar e local</li> <li>2. Escoitar e recoller contos, cancións cantigas, e outras manifestacións literarias, plásticas e musicais do ambiente escolar e local .</li> <li>3. Preparar materiais que vaian formar parte do Centro ou que teñan unha repercusión directa neste: preparación de carteis collages, exposicións, vestuario</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comentar aspectos da vida local e nacional.</li> <li>2. Escoitar e recoller contos, cancións cantigas, e outras manifestacións literarias, plásticas e musicais do contorno local e nacional, estudianto a vertiente histórica dos aspectos a traballar e a vertiente actual.</li> <li>3. Preparar materiais que vaian formar parte do Centro ou que teñan unha repercusión directa neste: actividades da</li> </ol>

de carteis, collages, exposicións, reciclaxe e medio ambiente...	para obras teatrais, reparación de libros e xoguetes, reciclaxe e medio ambiente....	biblioteca, construción e reparación de obxectos, reciclaxe e medio ambiente ...
--	--	--

### 10.3 Secuenciación de contidos

#### Bloque 1: Actividades de biblioteca

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
Coñecemento dos libros e ficheiros Busqueda dun libro determinado. Valoración do silencio na biblioteca Seguimento da orden no traballo Preocupación polo coidado dos libros	Coñecemento dos libros e ficheiros Coñecemento e uso das fichas de biblioteca Búsqueda dun libro. Exposición de libros relacionados cun tema . Búsqueda de fichas Valoración do silencio na biblioteca Seguimento da orden no traballo Valora o coidado dos libros	Coñecemento dos libros e ficheiros Coñecemento e uso das fichas de biblioteca Búsqueda de material bibliográfico sobre un tema . Búsqueda de fichas Elaboración de fichas Valoración do silencio na biblioteca Seguimento da orden no traballo Valora o coidado dos libros

#### Bloque 2: Construción e reparación de obxectos

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
Cosido dalgunha peza de roupa de monecos, prendas para disfraces. Gusto polas cousas ben feitas e a súa conservación. Recollida ordenada dos materiais utilizados	Reparación de libros Arranxos de roupa de monecos, disfraces, ... Gusto polas cousas ben feitas e a súa conservación. Recollida ordenada dos materiais utilizados	Reparación de libros Arranxos de roupa de monecos, disfraces, xoguetes... Construción de obxectos con marquetería Gusto polas cousas ben feitas e a súa conservación. Recollida ordenada dos materiais utilizados

#### Bloque 3: Coñecemento do seu contorno

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
Coñece as dependencias do Colexio Coñece as normas de convivencia no Centro Visita a tódalas dependencias do Centro. Comentario e debate sobre as normas de convivencia do Centro. Valoración da necesidade de conservación e respecto polas instalacións do Centro. Valoración da importancia de respectar as normas de convivencia no Centro Recollida ordenada dos materiais utilizados	Coñece as normas do Centro Búsqueda de datos en guías e folletos da localidade. Elaboración de carteis divulgativos sobre as normas de convivencia no Centro. Elaboración de planos comentados de rotas alternativas na localidade. Valoración da necesidade de conservación e respecto polas instalacións do Centro. Valoración da importancia de respectar as normas de convivencia no Centro Recollida ordenada dos materiais utilizados	Coñece as normas do Centro Búsqueda de datos en guías e folletos. Elaboración de carteis divulgativos sobre as normas de convivencia no Centro. Elaboración de planos comentados de rotas alternativas na localidade. Valoración da necesidade de conservación e respecto polas instalacións do Centro. Valoración da importancia de respectar as normas de convivencia no Centro Recollida ordenada dos materiais utilizados

#### Bloque 4: Exposicións

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
-----------------------	----------------------	-----------------------

<p>Escolle temas de interese para unha exposición                  Visita comentada a distintas exposicións.                  Valoración da exposición como fonte de información.                  Coidado e respecto dos materiais expostos.</p>	<p>Elixe temas de interese para unha exposición.                  Elaboración dos pasos para preparar unha exposición.                  Visita comentada a distintas exposicións.                  Organización dunha exposición:motivo, difusión, lugar e acondicionamento, recopilación dos obxectos, ...                  Valoración da exposición como fonte de información.                  Coidado e respecto dos materiais expostos.</p>	<p>Elixe temas de interese para unha exposición.                  Elaboración dos pasos para preparar unha exposición.                  Visita comentada a distintas exposicións.                  Organización dunha exposición:motivo, difusión, lugar e acondicionamento, recopilación dos obxectos, ...                  Valoración da exposición como fonte de información.                  Coidado e respecto dos materiais expostos.</p>
---	--	--

**Bloque 5: Taller de reciclaxe**

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>Recoñece os tipos de contedores                  Clasificación selectiva do lixo                  Distribución do lixo segundo o tipo de contedores.                  Recollida selectiva do lixo no colechio.                  Valorar a importancia da recollida selectiva e a reciclaxe do lixo.</p>	<p>Clasificación selectiva e distribución do lixo segundo o tipo de contedores.                  Recollida selectiva do lixo no colechio.                  Construcción de xoguetes e obxectos con material de desfeita.                  Elaboración de lemas e carteis sobre a necesidade de colaborar na recollida selectiva e a reciclaxe.                  Preparación de papeleiras especiais para a recollida selectiva do lixo no Centro.                  Valoración da importancia da recollida selectiva e a reciclaxe do lixo.</p>	<p>Coñece a problemática do lixo.                  Pon en marcha: Reducir. Reutilizar. Reciclar.                  Distribución do lixo segundo o tipo de contedores.                  Recollida selectiva do lixo no colechio.                  Investiga sobre vertedoiros incontrolados e a súa problemática                  Información sobre o Plan Sogama e outras alternativas.                  Construcción de xoguetes e obxectos con material de desfeita.                  Elaboración de lemas e carteis sobre a necesidade de colaborar na recollida selectiva e a reciclaxe.                  Preparación de papeleiras especiais para a recollida selectiva do lixo no Centro.                  Valoración da importancia da recollida selectiva e a reciclaxe.</p>

**Bloque 6: Taller de Medio Ambiente**

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p>Recoñece plantas de distinto tipo.                  Interese polos coidados das plantas.                  Valorar a importancia das plantas e flores na vida dos animais e as persoas.                  Valorar a importancia do seu coidado.</p>	<p>Recoñece plantas de distinto tipo: plantas aromáticas e terapéuticas.                  Semente, coidado e recollida de plantas.                  Valorar a importancia das plantas e flores na vida dos animais e as persoas.                  Valorar a importancia do seu coidado.</p>	<p>Plantas de distinto tipo: plantas aromáticas e terapéuticas.                  Interese polos coidados das plantas.                  Deseño e conservación do xardín do Centro.                  Valorar a importancia das plantas e flores na vida dos animais e as persoas.                  Valorar a importancia do seu coidado.</p>

## 5. Secuenciación dos Criterios de Promoción de Ciclo

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p><b>Lingua Castelá/Galega</b>            Le un texto sinxelo con fluidez.            Expresa oralmente a súas ideas e experiencias.            Comprende as ideas básicas expresadas en textos orais e escritos en galego e castelán.            Elabora textos escritos sinxelos en galego e castelán respetando a ortografía natural.</p>	<p><b>Lingua Castelá/Galega</b>            Capta nun texto oral galego/ castelán de uso habitual as principais ideas.            Elabora textos escritos (un mínimo de 10 liñas con oracións separadas por puntos) en lingua galega e castelá de diversa natureza con coherencia, cohesión e corrección ortográfica (m antes de p e b, maiúscula).            Identifica en textos de uso habitual os elementos básicos a nivel semántico (antónimos e sinónimos), sintáctico (suxeito e predicado) e morfolóxico (nome, adxectivo e verbo).            Fai unha lectura fluída ( velocidade de 80 p.p.m.), adecuada ao seu nivel, respectando os signos de puntuación.            Participa en actividades de grupo respectando as normas que rexen estas situacións: quenda de palabra, entoación ... expoñendo finalidade, postura e argumento.            Realiza individualmente e en grupo producións artísticas sinxelas.</p>	<p><b>Lingua Castelá/Galega</b>            Coñece e valora a existencia das varias linguas e dialectos de España.            Le con fluidez usando a pronuncia, a entoación e o ritmo axeitados.            Comprende o sentido global e as ideas expresadas en textos orais e escritos e os elementos non explícitos neles (doble sentido, sentido humorístico, ...).            Participa en situacións de comunicación na actividade escolar, respetando as normas (quenda de palabra, argumentación...).            Expresa as ideas e sentimentos tanto oral coma escrito e defende o seu punto de vista con argumentos.            Recoñece críticamente as expresións que denotan prexuízos sexistas, racistas, clasistas, etc.            Memoriza, reproduce (entonación, articulación, ritmo) e representa poesías, cancións, refráns.            Resume as ideas principais dun texto.            Elabora textos escritos ( descrições, narracións, biografías, diálogos, poesía, teatro...) usando procedementos básicos de cohesión (nexos, tempos verbais, ...).            Elabora definicións de conceptos estudados.            Interpreta textos de tipoloxía diversa (linguaxe icónica, simbólica).            Usa o dicionario para coñecer o significado de palabras e resolver dúbidas ortográficas.            Usa estratexias para lograr a comprensión na lectura de textos.            Realiza narracións referidas á súa propia experiencia ou outras.            Usa as principais regras ortográficas.            Recoñece a oración simple e identifica suxeito, predicado e complementos.            Recoñece nomes, adxectivos, determinantes e as súas clases e variacións de xénero e número.            Recoñece e usa os pronomes persoais.            Identifica verbos e coñece as súas variacións de número e persoa.</p>
<p><b>Lingua Inglesa</b>            Capta o sentido global e identifica a información específica dun conto            Participar en intercambios orais breves</p>	<p><b>Lingua Inglesa</b>            Entende unha historia curta e participa na súa narración.            Entende certas instrucións orais na clase mediante respostas verbais e non verbais</p>	<p><b>Lingua Inglesa</b>            Produce e comprende textos orais e escritos en inglés.            Coñece o vocabulario básico relativo ós temas dados.            Identifícase dicindo o seu nome e idade.</p>

<b>Primeiro Ciclo</b>	<b>Segundo Ciclo</b>	<b>Terceiro Ciclo</b>
<p>contextualizados (preguntando o nome ,a idade, falar sobre o colexio....).</p> <p>Amosa comprensión de instrucións orais sinxelas na aula mediante respostas tanto verbais como non verbais.</p> <p>Escribe textos curtos e sinxelos apropiados ó seu nivel</p> <p>Reproduce o alfabeto mediante exercicios de spelling.</p> <p>Lee, identifica e chega a escribir os números ata o 20, as cores, enche os ocos de cancións que coñece....</p> <p><b>Matemáticas</b></p> <p>Contar progresivamente e regresivamente números ata 999</p> <p>Ler e escribir números ata 999 coñecendo o valor de posición de cada cifra.</p> <p>Realiza as operacións básicas (sumas e restas levando)</p> <p>Resolve problemas sinxelos da vida cotiá dunha operación.</p>	<p>Participa en intercambios orais simples ( pedindo e dando información persoal, falando acerca das súas cousas favoritas, dando a hora e identificando as materias escolares)</p> <p>Escribe textos curtos axeitados ao seu nivel.</p> <p>Sabe dicir o alfabeto en inglés.</p> <p>Coñece, le e escribe os números ata o cen</p> <p><b>Matemáticas</b></p> <p>Le, escribe e ordena números naturais de ata sete cifras e realizando con eles cálculos numéricos (suma, resta, multiplicación e división entre unha cifra).</p> <p>Resolve problemas con operacións combinadas (suma, resta, multiplicación e división entre unha cifra), logo de seleccionar os datos precisos.</p> <p>Le, representa e ordena números fraccionarios. Calcula a fracción dun número..</p> <p>Cambia de unidades no Sistema Métrico Decimal. Multiplica e divide pola unidade seguida de ceros.</p> <p>Recoñece e describe obxectos do contorno utilizando con propiedade: liña, segmento, ángulo, círculo, circunferencia, triángulo, cono, prisma, pirámide, esfera, cubo e cilindro.</p> <p>Realiza cálculos mentais engadindo ou quitando decenas ou centenas.</p> <p>Domina a táboa de multiplicar.</p> <p>Coñece as unidades de lonxitude, capacidade, masa, tempo e diñeiro que se usan habitualmente.</p>	<p>É capaz de dar e pedir información acerca doutras persoas.</p> <p>É capaz de preguntar e dar a hora.</p> <p>Describe persoas.</p> <p>Expresa a situación no espazo.</p> <p>Comprende e representa todos os “act out” programados.</p> <p>Reproduce cun nivel de pronunciación aceptable a maioría dos “chants” programados.</p> <p>Recoñece os adxectivos básicos e os verbos traballados; é quen de darlle resposta motora.</p> <p><b>Matemáticas</b></p> <p>Le, escribe e orde números naturais ( enteiros e decimais), interpretando o valor das súas cifras e realiza con eles cálculos numéricos de suma, resta, multiplicación e división.</p> <p>Utiliza e interpreta os signos maior, menor, igual e desigual.</p> <p>Le, escribe, representa e ordena fraccións.</p> <p>Expresa fraccións en forma decimal e viceversa.</p> <p>Coñece os números mixtos.</p> <p>Coñece as relacións entre suma e resta, multiplicación e división.</p> <p>Suma e resta fraccións co mesmo denominador.</p> <p>Multiplica e divide fraccións. Calcula a fracción dun número.</p> <p>Calcula o tanto por cento dunha cantidade.</p> <p>Resolve problemas con varias operacións.</p> <p>Utiliza estratexias persoais de cálculo mental.</p> <p>Coñece as principais medidas de lonxitude, peso e capacidade, os seus múltiplos e submúltiplos.</p> <p>Coñece as medidas de tempo e o sistema monetario e a súa utilización práctica.</p> <p>Establece equivalencias entre unidades da mesma magnitude.</p> <p>Transforma números complexos en incomplexos.</p> <p>Coñece os elementos da circunferencia e o círculo.</p> <p>Representa graficamente puntos no plano, según os eixes de coordenadas.</p> <p>Traza paralelas, perpendiculares, oblicuas e figuras xeométricas usando regla, compás e escadra.</p> <p>Identifica, clasifica e construe ángulos agudos, rectos, obtusos e planos.</p> <p>Traza a mediatriz dun segmento e a bisectriz dun ángulo.</p>

Primeiro Ciclo	Segundo Ciclo	Terceiro Ciclo
<p><b>Coñecemento do Medio</b>            Adquire un vocabulario mínimo que lle permita identificar os elementos do entorno mais próximo.            Usa adecuadamente os conceptos temporais básicos(días da semana, meses do ano, estacións).            Coñece as diferentes partes do corpo nun mesmo e nos demais.</p>	<p><b>Coñecemento do Medio</b>            Recolle, ordena e clasifica información para identificar características do medio natural- social.            Identifica e localiza os órganos dos sentidos e os implicados na locomoción, nutrición e reprodución observando as normas de hixiene sobre o seu coidado.            Identifica e distingue elementos do contorno: paisaxístico, xeográfico, flora e fauna empregando o vocabulario conceptual propio.            Interpreta gráficos, croquis e mapas.            Expresa coas súas palabras o aprendido en 3-4 liñas.            Resume un texto informativo</p>	<p>Identifica e clasifica os polígonos e os seus elementos. Calcula o perímetro e a súa área.            Identifica e constrúe circunferencias e círculos. Calcula a lonxitude da circunferencia e a área do círculo.            Debuxa corpos xeométricos con certa perspectiva.            Aplica os coñecementos matemáticos na resolución de situacións problemáticas da súa experiencia cotidiana.            Calcula a media dunha serie de datos.            Recolle, rexistra e clasifica datos e represéntaos gráficamente.            Interpreta escalas numéricas e gráficas.            Amosa interese polas estratexias de resolución de problemas.            Valora a importancia da medida de distintas magnitudes.</p> <p><b>Coñecemento do Medio</b>            Coñece e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais.            Coñece os órganos do aparato reprodutor masculino e feminino e o funcionamento de cada unha das súas partes.            Ordena axeitadamente as etapas da vida e relaciónas coas súas características propias.            Identifica as características dos animais e clasifícaos atendendo a súa alimentación, reprodución, como se desplazan e a que ecosistema pertence..            Identifica as características das plantas e as funcións que realizan cada unha das súas partes. Sabe clasificalas atendendo á súa alimentación, á forma do seu tronco, á súa forma de reproducirse.            Identifica e define os principais elementos de xeografía física e política: relevo, hidrografía, clima, vexetación, poboación, Identifica localidade, concello, comunidade autónoma, país.            Interpreta os signos convencionais dos mapas.            Identifica no mapa de Galicia e España: montes, ríos, cidades, ...            No mapamundi localiza os continentes. No europeo, é quen de situar algúns datos.            Coñece formas de enerxía e a súa utilidade nos electrodomésticos de uso común. Valora as enerxías renovables.            Coñece as características do espazo físico no que se desenvolve a actividade humana.            Coñece a organización política de España.            Realiza planos sinxelos de lugares concretos.</p>



<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
<p><b>Educación Física</b> Adapta o movemento a estruturas rítmicas sinxelas, a desprazamentos coordinados. Identifica elementos básicos da linguaxe musical nunha audición. Mostra interés na aprendizaxe e progresa dentro das súas posibilidades. Amona interese por aprender.</p> <p><b>Relixión</b> Comprende a linguaxe bíblica en textos adaptados ao seu nivel. Traballa en equipo de forma respectuosa</p> <p><b>Educación Artística</b> Adapta o movemento a estruturas rítmicas sinxelas, a desprazamentos coordinados. Identifica elementos básicos rítmicos. Valora e respecta o traballo propio e o dos demais. Identifica as formas e cores nas imaxes. Usa correctamente os materiais: lapis, ceras, pinceis... Debuxa de forma sinxela a figura humana, animais, prantas ... Distingue as formas xeométricas básicas e sabe xogar con elas.</p>	<p><b>Educación Física</b> Desenvolve de xeito básico as “habilidades básicas”: desprazamento, salto, xiro, lanzamento, recepción e bote. Desenvolve de xeito moi básico as “capacidades motrices”: resistencia, flexibilidade, velocidade, axilidade, coordinación, equilibrio e relaxación.</p> <p><b>Relixión</b> Verifica a acción salvadora de Deus a través dos persoaxes bíblicos (Moisés, Abraham e evangelistas) e a súa plenitude en Xesucristo. Situa as accións salvíficas de Xesús nas referencias bíblicas sobre os seus milagros, a súa morte e resurrección. Identifica algúns feitos e palabras de Xesús que amosan o amor de Deus ao home.</p> <p><b>Educación Artística</b> Utiliza para producións sinxelas musicais de 8 compases os elementos básicos da linguaxe musical (branca, negra, corchea e semicorchea e os seus silenzos). Domina o vocabulario básico dos instrumentos musicais e as súas familias. Realiza individualmente e en grupo producións artísticas cos elementos básicos da linguaxe plástica: cor (primarios e mesturas), textura e forma. Crea obras plásticas combinando diferentes liñas e figuras planas. Amona nas súas creacións do esquema corporal: partes, proporcións e expresividade.</p>	<p>Coñece as distintas idades históricas. Coñece acontecementos importantes da historia: descubrimento de América, os romanos, os celtas, ... Recoñece o valor da democracia como forma de organización da sociedade: sufraxio, partidos políticos, parlamento, ... Sabe orientarse usando mapas e planos.</p> <p><b>Educación Física</b> Desenvolve notablemente as habilidades básicas: desprazamento, salto, xiro, lanzamento, recepción e bote. Desenvolve de xeito básico as capacidades motrices: resistencia, forza, flexibilidade, coordinación, equilibrio, relaxación. Realiza xogos e respecta as normas establecidas para eles.</p> <p><b>Relixión</b> Coñece os ciclos litúrxicos. Recoñece na vida de Xesús e de María pautas de comportamento que lle serven para a súa vida. Observa a importancia que no Evanxeo se da á natureza e o seu coidado. Valora o sentido cristián de valores como paz, alegría, sinceridade, solidariedade, caridade, tolerancia, ... Coñece a relación da fe católica cos costumes, arte, historia, ... da súa localidade. Manexa o Novo Testamento.</p> <p><b>Educación Artística</b> Amona orixinalidade e creatividade nas creacións plásticas. Comenta algunha obra plástica relacionando elementos presentes nela coa experiencia e gustos persoais. Utiliza as diferentes formas de expresión plástica de xeito cada vez máis autónomo e creativo. Valora as creacións plásticas propias e alleas amosando respecto e interese. Executa as recomendacións básicas para obter un bo son coa fruta e interpretar sinxelas partituras. Valora o silencio como elemento imprescindible na música. Participa nas actividades propostas. Respecta as normas ó participa nun conxunto instrumental.</p>

<i>Primeiro Ciclo</i>	<i>Segundo Ciclo</i>	<i>Terceiro Ciclo</i>
	Ten interés e respeto polo proceso de creación individual ou alleo. Realiza traballos creativos con diversos materiais e técnicas esforzándose por presentar obras ben acabadas.	
<b>Común para todos os Ciclos.</b>		
O titor poderá ter en conta todas aquelas características de tipo académico e persoal que aconsellen a promoción do alumno a pesar de non ter acadados os Criterios establecidos polo Equipo de Ciclo.		

## 6. Metodoloxía

O traballo escolar na Educación Primaria debe partir de realidades significativas para osalumnado, é dicir, ten que ser primordialmente globalizador e integrador.

A perspectiva globalizadora coa que han de estruturarse os contidos non debe prescribir métodos concretos, senón dar pautas para organizar e articular os contidos en secuencias de aprendizaxe, orientadas a un fin concreto, con sentido e intencionalidade, e situadas en contextos que favorezan a súa funcionalidade.

A aprendizaxe escolar debe ser significativa, establecendo relacións entre os coñecementos previos do alumnado e a nova información. Tendo en conta as características dos nenos e as nenas nesta etapa, é necesario romper a aparente oposición entre xogo e traballo que considera este último asociado ó esforzo para aprender, e ó xogo como divertimento; débense motivar a través de actividades presentadas nun contexto lúdico.

### 6.1 Principios metodolóxicos xerais.

Se o que se ensina non significa nada para o alumno éste tardará máis en aprender. Partindo desta premisa destacamos o concepto de *aprendizaxe significativa*: “Sistema de adquisición de coñecementos achegado á realidade do alumno, que lle permita crear unha interpretación persoal das ensinanzas, asignándolles un determinado valor e unha función concreta”.

Temos en conta, ademais as seguintes consideracións:

- Non todos coñecemos igual en todo momento.
- Hai influencias sobre o coñecemento que proveñen das experiencias previas e das situacións novas.
- O coñecemento é o resultado da interacción entre as experiencias previas e as situacións novas; polo que constrúese mediante a práctica, tendo en conta o seu carácter construtivista, social e interactivo.
- Calquera coñecemento pode ter diferentes lecturas, significados e presentacións, deben ser todos obxectivos. Ensinar/aprender supón contrastar perspectivas, enriquecer esquemas conceptuais con novas contribucións por parte de todos, superar as lagoas e enmendar os erros.
- O ensino debe buscar interaccións entre os elementos dados por diferentes soportes (textos, audiovisuais), mediadores (docentes, compañeiros, pais), métodos (didácticas) e situacións ou feitos.

**Principios metodolóxicos**

<b>Globalizadora</b>	Os diversos contidos recóllense en propostas de aprendizaxe enmarcadas nun determinado contexto, favorecendo así a súa asociación e integración.
<b>Constructiva</b>	Centrarémonos no descubrimento e no "constructivismo" facilitando a construción da aprendizaxe significativa (É o alumno quen, en último término, modifica e reelabora os esquemas de coñecemento, construíndo a súa propia aprendizaxe). Co profesor actuando como guía e mediador que permita establecer relacións entre os coñecementos e experiencias e os novos contidos, así como a súa aplicación.
<b>Compensatoria</b>	Para conseguir unha aprendizaxe sólida basearémonos no establecemento dun conflito entre os coñecementos previos dos alumnos e as propostas de aprendizaxe, polo cal éstas hanse de inscribir sempre no seu círculo inmediato e cotián partindo del en todos os casos, aínda cando se trate de achegarse ás realidades distintas da propia.
<b>Activa</b>	Para que a metodoloxía sexa activa, sen caer no "facer por facer" teremos en conta a "funcionalidade" dos coñecementos, así como a súa necesidade para progresar na adopción de coñecementos novos: o alumno regula o propio proceso de aprendizaxe
<b>Participativa</b>	Concederese especial importancia ás actividades grupais, á planificación e execución de tarefas en grupo, á toma de decisións en conxunto, etc... Para asegurar a cooperación e solidaridade (intercambio e confrontación de opinións e a non discriminación).
<b>Lúdica</b>	O xogo plantéxase como recurso especialmente indicado para a motivación e a relación intragrupal. En calquera caso o carácter lúdico, máis ben "gratificante", está presente en tódalas actividades para facilitar a súa realización

É moi importante ir fixando uns hábitos de traballo, fundamentais ó longo de todo o curso: organiza o traballo e o tempo, ten á man o material necesario (diccionario, cadernos, libros, ordenador, ...), elabora esquemas, resúmenes, suliña.

Traballaremos tamén o aspecto lúdico e creativo da linguaxe para estimular o interese do alumnado, que desta forma asimilará os contidos con maior facilidade. Abordaremos a teoría con abundantes exemplos e cunha práctica para que axude a fixar os conceptos.

**Agrupamento dos alumnos**

O agrupamento do noso alumnado realízase atendendo a orde alfabética e idade cronolóxica e ten como finalidade garantir que todo o alumnado acade os obxectivos educativos marcados. Dentro da propia aula e segundo a natureza disciplinar da actividade ou área usanse diferentes tipos de agrupamentos: gran grupo, pequeno grupo, equipos de traballo cooperativo, grupos de actividade.

**Organización dos espazos**

Espazos propios do grupo (aula). Cada titor organizará o espazo na súa aula como crea convinte para a actividade lectiva Espazos compartidos: Biblioteca, Informática, Aula de Música. Usos múltiples. Patio

**Organización dos tempos**

O traballo na aula e no centro escolar axustarase ao tempo dispoñible. Realizarase unha temporalización que inclúa a elaboración dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas, e dun horario de actividade docente, no que se terán en conta as restantes actividades organizativas do centro.

**6.2. Materiais e recursos**

- Propostas didácticas para o profesorado e Libros de texto para o alumnado.
- Lecturas da Biblioteca de aula.
- Cadernos.
- Láminas de Matemáticas, Coñecemento do Medio, Lingua Castelá e Galega.
- Mapas.

- Material manipulable de Matemáticas. Material informático CD-ROMs, ordenador, Pantalla dixital.
- Usar técnicas que favorezan o estudo: memorizar, suliñado, esquemas, ideas principais antes e despois de ler, resúmenes, organizar a información en esquemas, táboas.
- Despois de ler plantearase facer traballos de comprensión en diferentes niveis: literal, inferencial, valorativo e creativo.
- Coa escritura buscaremos acadar un dobre obxectivo por un lado propoñemos diversos proxectos de escritura para que o alumnado libremente produza textos de diverso tipo; por outro presentaremoslle ao alumnado unha serie de recursos básicos para usar na redacción técnicas concretas de escritura.

## 7. Avaliación

### 7. 1. Avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado

A avaliación será continua, de observación progresiva por parte do profesor e permitiranos avaliar o grao de consecución dos obxectivos propostos e de cómo o alumnado vai adquirindo os coñecementos e son capaces de expresalos de forma oral e escrita. Esta avaliación concíbese como continua e global: inicial, formativa e sumativa.

Os procedementos e instrumentos que imos a utilizar para a avaliación serán os seguintes:

1. Observación sistemática: escala de observación, diarios de clase e rexistro anecdótico persoal.
2. Probas específicas: obxectivas, abertas, resolución de exercicios, exposición dun tema, interpretación de datos, probas específicas, cuestionarios, resúmenes, monografías.
3. Observación e análise das producións do alumnado: Resúmenes, monografías, recitacións, traballos, caderno, textos escritos e producións orais. Producións plásticas. Investigacións.
4. Valorarase a asistencia, a participación, o interese, ...
4. Intercambios orais do mestre cos nenos e entre estos: diálogo, entrevista, postas en común, debates
5. Autoavaliación e coavaliación.
6. O alumnado acadará “aprender a aprender” para a obtención, o tratamento, comunicación e aplicación da información.

### 7. 2. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

Neste apartado utilizaremos:

- Cuestionarios aos alumnos e aos pais sobre on uso labor docente
- Intercambios orais: entrevista co alumnado e con pais, debates, reunións con pais.
- Resultados do proceso de aprendizaxe dos alumnos.

### 7. 3 Avaliación das programacións de aula

A fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso avaliaranse os seguintes indicadores:

- Desenvolvemento na clase da programación.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos coas necesidades reais.
- Adecuación de medios e metodoloxía coas necesidades reais.

#### **7. 4 Avaliación da Concreción Curricular de Centro**

A Comisión de Coordinación Pedagóxica nas súas reunións ordinarias revisará e valorará a pertinencia de realizar cambios puntuais neste CCC a raíz das propostas de calquera membro da Comunidade Educativa. No caso de que se valore a pertinencia de realizar cambios significativos, presentaranse estes ante o Claustro e o Consello Escolar para a súa aprobación

**Esta Concreción Curricular de Centro foi aprobado polo Consello Escolar do Centro con data 9 de abril de 2013**

A dirección